


Xentes de Ferrolterra



Cadernos do
Ateneo Ferrolán

Año 12
Num. 10
1994

XENTES DE FERROLTERRA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



CADERNOS
DO ATENEO FERROLÁN



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Madalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

XENTES DE FERROLTERRA

Ateneo Ferrolán

Rúa Madalena 202. Ferrol

Coordenación: Luis Calvo Teijo

Elisa Montañés Foxo

Recopilación: Susana Calvo Picos

Corrección Lingüística: Antón Gómez Méixome

Fotocomposición: Pluma

Imprenta: Lugami (Betanzos)

I.S.B.N.: 84 - 920260 - 0 - 6

Depósito Legal: C - 1756 / 94

INDICE

INDICE	3
EDITORIAL	
Ateneo Ferrolán	5
SAUDA	
Caixa-Galicia	7
CLAVES PARA UNHA REFLEXION SOCIOLOXICA SOBRE "XENTES DE FERROLTERRA"	
por Xosé Leira López	9
FERROLANS EN AMERICA	
por Xosé Neira Vilas	13
FERROLTERRANOS NA EMIGRACION AMERICANA:	
SEU PAPEL NA EDUCACION	
por Gulliermo Llorca Freire	15
BIEITO CUPEIRO / ADEUS A GUERRA DA CAL / ANTONIO SOTO	
E A TRAXEDIA PATAGONICA	
por Xavier Alcalá	25
XENTES DE FERROLTERRA NA EMIGRACION AMERICANA	
por Agustín Sixto Seco	29
BREVIARIO BIOGRAFICO	
por Susana Calvo Picos	37
APENDICE CRONOLOXICO	65



Ateneo Ferrolán
 Un lugar de encontro para a cultura
 Fundado en 1879
 Rúa Alameda, 200-201, Ferrol



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

EDITORIAL

Hoxe, coa publicación do presente Caderno, concrétese unha idea na que hai tempo andabamos a matinar.

A recuperación dunha serie de nomes de Ferrol e comarca -da Terra de Trasancos- que tiveron un papel destacado nalgún instante ou ó longo da súa vida pero fóra da súa terra. Xentes que por razóns económicas, familiares, de traballo ou políticas, víronse obrigadas a deixar Ferrol e contribuíron a facer país nas súas terras de adopción mais sen renunciar ós seus sinais de identidade propios.

Cando falamos de recuperación facémo-lo no senso de recopilar, de arrexuntar unha serie de datos de fontes diversas, publicadas ou de colaboradores anónimos e de ofrecer unha visión da nosa historia mais colectiva. Saber de todos eles, -dos seus traballos, das súas inxedanzas e actitudes colectivas ou persoais en momentos concretos é saber de nós mesmos, dos porqués do xeito ferrolán e da nosa idiosincrasia.

Somos conscentes da amplitude do tema e erros a que conleva, polo que só pretendemos seguir un camiño por outros xa iniciado e coas nosas propias limitacións de espacio e coñecemento; así que nos vímos na obriga de adoptar uns criterios que non sempre serán os correctos, máis sí, ó noso ver, os mais honestos.

Dentro desa amplitude quixemos cinguirnos só ós nados na comarca e xente xa desaparecida, que hoxe son historia. Outro dos criterios foi o da consideración daqueles feitos cun marcado carácter social ou da nosa cultura, polo que tivemos que evitar aqueles personaxes en que, aínda que naceran en Ferrol, o seu papel fundamental foi destacado só na súa vida profesional, caso moi abundante no sector militar e mariñeiro, polas propias características desta terra e que rebasaría as nosas posibilidades.

Temos que agradecer-la aportación desinteresada de todas aquelas personas que fixeron posible este traballo, moi especialmente a de Xosé Leira López, Neira Vilas, Guillermo Llorca, Xavier Alcalá e Agustín Sixto Seco pola súa xenerosidade de tempo e dedicación na realización das súas colaboracións, e que contribúen a darlle a este Caderno un aquel moi especial, en calidade e sobre de todo, no cariño con que foron feitas.

Non podemos rematar este capítulo de agradecementos sen mencionar, unha vez máis, a xenerosidade da Fundación Caixa-Galicia o que, permítenos outro ano a ocasión de achegarmonos a nós, de afondar no noso pasado e recupera-la nosa memoria histórica e cultural.

Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán
El lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-2011, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

SAÚDA

A colaboración que veñen mantendo a Caixa de Galicia e o Ateneo Ferrolán fructifica, un ano máis, nunha nova edición dos CADERNOS, publicación que é sempre esperada con interés en Toda Ferrolterra.

Este número ten, ademais, unha importancia especial xa que non está adicado a estudar aspectos do medio físico, económico ou da vida e cultura de Ferrol, sempre ilustrativos e interesantes, senón que recolle a traxectoria dunha serie de persoas de Ferrol e a súa comarca que como tantos outros galegos pasaron unha grande parte da súa vida padecendo o drama da emigración, e desde a diáspora continuaron facendo terra, país e patria.

Teño a seguridade que os seus nomes, inqedanzas, traballos e actitudes vitais son un exemplo e un estímulo para todos aqueles que endexamáis tiveron que deixar a súa terra para poder vivir. De ahí que a súa publicación nos CADERNOS sexa un acerto pleno que ten o ATENEO FERROLAN e a CAIXA GALICIA que presido financiando a súa impresión.

José R. Docal Labaén
Presidente da Caixa Galicia

Ateneo Ferrolán
Espazo de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Inglaterra 2002-2011, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

CLAVES PARA UNHA REFLEXION SOCIOLOXICA SOBRE "XENTES DE FERROLTERRA"

por Xosé Leira López

Neste libro preséntase un considerable número de persoas que naceron e viviron unha parte da súa vida en Ferrol ou na súa comarca natural. Pónselle unha acotación ó estudio cando se determina que aparezan só aqueles que cumpran as dúas condicións: de que desenvolveran uns feitos, máis ou menos relevantes, fóra da cidade e de que xa morreran.



Aparentemente temos unha lista de nomes que en principio non teñen por que ter nada en común, dado que en moitos casos viven en épocas distintas e teñen ocupacións diferentes. Nembargantes, debe ser a nosa misión o atopar nexos que os relacionen ou razóns que o expliquen.

Pídesenos, que encadremos socioloxicamente este estudio e para iso recorreremos a unha metodoloxía que nos permita ordenar -dun xeito sistemático- a diversidade de opcións posibles a escoller á hora de valorar este tema. A chamada á imaxinación sociolóxica faise necesaria, sobre todo se temos en conta a falta -dentro do noso ámbito xeográfico- de traballos que abordasen casos similares e que nos permitirían ter un punto de apoio referencial.

Trataremos pois, de establecer unha serie de claves sociolóxicas que nos conduzan a un tratamento analítico o máis obxectivo posible, arredado de certas influencias subxetivas moi usuais cando un fala do seu: da súa cidade e das súas xentes. Pensamos que este xeito de enfoca-lo tema, permitiranos a elaboración dun discurso coherente, que intente lograr a integración das diferentes facetas que atopamos na nosa análise.

Debemos pensar, que o pertencer a unha cidade ou a súa comarca supón unha determinada identidade. Un é dun país ou nación pero tamén o é dunha cidade. E o concepto de cidadanía non é soamente xurídico-político senón, moito máis, político-cultural e as persoas obedecemos -en moitas ocasións- a realidades únicas e distintas no seo dun mesmo conxunto.

Precisamos pois, coñece-lo marco social no que se desenvolve a nosa vida cotiá, para entende-la nosa realidade. O noso modo de pensar e a nosa conciencia colectiva seguen a ser, en parte, locais. Temos pois, que descubri-lo propio corpo social se queremos entender e explicar comportamentos, actitudes e accións das xentes. Nas conductas das persoas podemos distinguir un plano individual e outro que se refire á colectividade e, á socioloxía interésalle fundamentalmente observa-las conductas que teñen unha dimensión social; isto é o que trataremos de reflexionar sobre as xentes de Ferrolterra.

Pensamos que é lóxico principiar falando do desenvolvemento das cidades e ver que nos pasos da súa configuración vanse producindo unha importante serie de transformacións sociais moi importantes. Así, dentro da evolución do Ferrol dos últimos séculos podemos atopar as seguintes características: a) unha crecente división do traballo en moitas ocupacións especializadas; b) unha organización social baseada

cada vez máis na clase social e na ocupación que se desempeña; c) un incremento das institucións de goberno formais, baseadas na organización do territorio, d) un progresivo aumento do sistema de intercambio e comercio; e) avances na tecnoloxía; f) desenvolvemento de gran número de asociacións e movementos sociais de todo tipo. E todo isto inflúe na configuración da estrutura social, na poboación e na mentalidade das persoas.

Debemos agora valernos dun concepto sociolóxico: a mobilidade social. Sérvenos para expresa-la capacidade que as persoas dunha determinada sociedade teñen para abandona-la súa posición e acceder a outra. Os membros dunha sociedade desprázanse xeograficamente por diversos motivos: mellores condicións de vida; maior realización persoal ou buscando liberdade. En moitos deste casos atopámonos ante o que se chama mobilidade horizontal. Pero as persoas tamén se poden desprazar a través da escala de xerarquías e rangos. Esta será a mobilidade vertical e nela é primordial o anxeio de aumenta-los ingresos, o nivel de cualificación ou o prestixio. Está claro, que moitos dos ferroláns, relacionados nestas páxinas, arredáronse do seu entorno nativo respondendo a algun dos parámetros presentes nos tipos de mobilidade social que vimos de comentar.

Non pode ser alleo ó que estamos a falar, o feito da excesiva dependencia externa que Ferrol ten nos seus ámbitos productivos e administrativos. Tamén vai te-la súa importancia o monocultivo industrial e maila falta dunha diversificación económica. No século XVIII o goberno borbónico -con influencias claras da Ilustración- ordena a implantación dos primeiros estaleiros estatais de Ferrol. Con posterioridade noméase á cidade, capital do departamento marítimo do Norte de España.

A progresiva -aínda que con etapas de fortes crises- modernización tecnolóxica, e de todo tipo, dos estaleiros ferroláns entrará na súa etapa máis florecente no noso século, co arrendamento das factorías navais á Sociedade Española de Construcción Naval e posteriormente coa creación de Astano -con capital privado- e da Empresa Nacional Bazán. Ferrol quedaba supeditado ós aconteceres da industria naval. As decisións de goberno e administrativas dos estaleiros e da Capitanía do Departamento Marítimo eran tomadas en Madrid. Non aparecerá un pulo económico endógeno que levase á creación de organizacións empresariais propias que optasen por outro tipo de sectores productivos. A dependencia externa quedaba asegurada. Isto vai a influír dun xeito claro, en que determinados homes e mulleres con inquiredanzas, resolvan situacións e arelas persoais buscando fóra dos nosos límites xeográficos.

O feito de cidade marítima cun espléndido porto que a proxecta, asemade do dito no parágrafo anterior, débenos facer observar esta relación de ferroláns cunha especial atención derivada do que estamos a dicir. E así, observamos -ligado ó sistema ocupacional- un apreciable número de mariños civís e militares, así como a enxeñeiros e obreiros. Atopamos tamén a políticos, sindicalistas, debuxantes, escritores, artistas e mobilizadores culturais e sociais.

Parece claro, que o proceso de industrialización na nosa cidade fixo que alcanzara -en determinadas etapas- unha modernización á que eran alleas outras cidades de Galicia. A Ferrol chegaban xentes doutros lugares a traballar nos estaleiros e a Mariña de Guerra aportaba un constante circular de xentes. Isto contribuíu a que os nosos cidadáns fosen -ata certo punto- diferentes ó resto dos galegos. Os ferroláns eran máis cosmopolitas, se usamos o termo no senso das persoas que se consideran cidadáns de todo o mundo ou que viven ou andan por diferentes países. Todo isto vai ser característico da conciencia colectiva da nosa cidade que se foi conformando nese remuíño de diversas formas de pensar, obrar e sentir que nos falaba Durkheim. E así e deste xeito -sen deixarnos levar por chauvinismos- é onde aparece eso que se pode chamar "a impronta ferrolana" que, en definitiva, é aquilo que fai que algo sexa diferente e deixe o seu selo por onde pase. Pensamos que isto corresponde coa percepción que os demais teñen dos nosos cidadáns, e o que é tan importante: corresponde coa percepción social que os ferroláns teñen de sí mesmos.

Pretendímos mediante a utilización dunhas claves sociolóxicas explicar esta relación de homes e mulleres nados en Ferrolterra. Démoslle agora a volta ó argumento e podemos estar seguros que estudiando a estes homes e mulleres, atoparemos algunhas claves para a análise da estrutura social da nosa cidade e a súa comarca.

BIBLIOGRAFIA

- BERLINGUER, G (1978): **Malaria urbana**. Editorial Villadar. Madrid
- BOUZA ALVAREZ, F. (1991): **Ciudad y conflicto social. En ciudad y territorio**. Nº 90- 4/91. Madrid
- DAHRENDORF, R (1986): **El conflicto social moderno**. Mondadori. Madrid.
- CLEMENTE CUEVILLAS, E (1984): **Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol**. Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia. Universidad de Salamanca. Salamanca.
- GINER, S (1988): **Historia del pensamiento social**. Ariel. Barcelona
- HELLER, A. (1981): **Para cambiar la vida. Crítica**, Grupo Grijalbo. Barcelona
- PARK, R. E.; BURGESS, E. W. y MACKENZIE, R. D. (1967): **The city**. University of Chicago Press. Chicago
- RODRIGUEZ ZUÑIGA, L. (1978): **Para una lectura crítica de Durkheim**. Akal. Madrid
- VARIOS (1992): **Xeografía dun espacio urbano**. Cuadernos Ateneo Ferrolán, nº 8. Ferrol



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para el futuro
Fundado en 1879
Rúa Magdalena s/n 48411 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

FERROLÁNS EN AMÉRICA

por Xosé Neira Vilas

Gres, setembro, 1994

Hai evidente desmesura neste anunciado, pois non dispoño de toda a información que poida responder cabalmente ó mesmo. Podo aportar, si, cando menos algúns nomes, algúns feitos, todo iso referido a ferroláns -de todo o territorio de Ferrolterra- dos que trouxen noticia dende a outra banda do mar.

Tratei en Bos Aires a emigrantes de Ferrol, de Ares, de Fene, de Mugar dos, de Narón. Persoas de traballo, sociables, amantes do seu país de orixe. En canto a xentes de certa sona, en Bos Aires viviron e traballaron, por exemplo, o debuxante Ramón Castro Rivera, o pintor Manuel Fernández Teixeiro, os xornalistas Modesto Rodríguez, Xoan Manuel Calvo e Adolfo Vázquez Gómez. E a Bos Aires chegou, un día de 1926, Ramón Franco pilotando o Plus Ultra.

En Cuba adiqueime a investigar durante longos anos sobre a presenza galega na Illa, presenza moi importante, e atopeime con personaxes verdadeiramente singulares.

Un deles foi Bartolomé Xosé Crespo Borbón, que escribía no século pasado tal e como falaban os escravos negros levados de África; é autor de artigos, narracións, poesía, pezas teatraís, e chegou a utilizar pseudónimos como El Anfíbio, Luis de Borbón, Lindoro, La cotorra-gente, Waltero, La sirena cubana, El caricato habanero, e sobre todo Creto Gangá, o mais popular de todos eles. Aparece nas antoloxías de poesía negra antillana, e considéraselle o creador do teatro popular cubano. O seu primeiro libro é, noustante, de tema galego: *"El chasco o vale por mil gallegos el que llega a despuntar"*. Outro curioso personaxe foi "Canelo", de Ares, fundador da primeira librería de obras de uso en Cuba. Autor dunha obra sobre o cultivo do tabaco, e outras, incluíndo unha autobiografía que titulou *"Treinta y nueve años de mi vida"*. Era violinista, dono dun Stradivarius, e que tocaba o violín na librería. Nos paseos de carnaval saía nun estrambótico carruaxe tirado por cabalos e en vez de confeti tiraba libros, que a xente recollía e íallos vender a el o seguinte día.

Tamén debemos mencionar a Calixto Loira, un arquitecto que tiña emigrado cos pais sendo moi novo. Cando en 1872 o Arzobispo da Habana convocou a un concurso para construí-lo novo cemiterio (que se ía chamar "de Cristóbal Colón", nome que inda ostenta, anque as cinzas do Almirante non chegaron a instalarse nel como era o propósito), Loira presentou un proxecto, como fixeron moitos outros colegas seus, e gañou o concurso. O lema do proxecto de Loira, era algo así como que a pálida morte entra o mesmo no chafariz do pobre coma no palacio do rico. Gañou o concurso, dirixiu as obras (o cemiterio da Habana ten tal cantidade de pezas de arte, sobre todo esculturas, que é monumento nacional) e cando estaban os obreiros nunha parte que se chama "Catacumbas de Tobías", un osario, comentou que quedaba moi ben e que debería ser agradable ser enterrado alí. Os dous días morreu de febre amarela e foi o primeiro morto, o que estreou o camposanto.

Ben coñecida é a figura de Xosé Fontenla Leal, outro emigrante ferrolán, dibuxante litógrafo, a quen debemos a iniciativa de crear a Academia Galega -que naceu a partir da Asociación Iniciadora creada

na Habana. Foi animador principalísimo Fontenla, e o primeiro presidente, o poeta Curros Enríquez. Isto ocurría en 1905. E en 1907, outra iniciativa de Fontenla: o Himno Galego. Púsoxe en contacto con Eduardo Pondal e con Pascual Veiga, obtivo letra e música, e o 20 de Nadal dese ano, nun homenaxe ó gran músico mindoniense, estreouse o que hoxe sigue sendo o Himno de Galicia. Foi o home que reuniu en América, no seu tempo, mais libros sobre Galicia, e cunha doazón súa iniciou as súas labours a biblioteca do Centro Galego da Habana. E foi el o que convenceu ó emigrante cambadés Ramón Cabanillas para que escribise en galego. Queden aquí esbozados, como mostra, uns nomes e uns feitos.

No meu libro *"Galegos no golfo de México"*, refirome a unha comunidade de pescadores asentados na Habana que ó longo de moitos anos pescaron cherna nas plataformas de México e da Florida. Entre 1977 e 1979 entrevistei á maioría dos sobreviventes daquelas xeiras heroicas, en loita constante contra os ciclóns e contra a brutal explotación dos armadores. Eran homes xa vellos, xubilados, fundadores de familias exemplares; eran moi coñecidos e moi queridos nos barrios de Regla e de Casa Blanca, beira oposta da badía habaneira. Tiñan sido sempre homes de combate, loitadores sindicais, cunha clara conciencia clasista, homes que se enrolaron nas mellores causas do pobo cubano, e con el, cóbado a cóbado enfrontáronse á represión nos tempos do dictador Gerardo Machado, e nos tempos de Socarrás, de Grao, de Batista, e incorporáronse gozosos -porque o traballo foi humanizado e tiñan ó seu favor leis xustas- ós cambios sociopolíticos a partir de 1959, e estando xa xubilados actuaron como asesores das novas Flotas de Pesca, e foron mestres das novas xeneracións de pescadores cubanos e estes méritos fóronlles recoñecidos cabalmente e recibiron premios e ata condecoracións pola sua abnegación e entrega. Teñen sido todos eles ben distintos a ese estereotipo do emigrante que vai "face-la América".

Pois todos estes homes e os que os precederon, en varias xeracións son todos, ou case todos, das Mariñas, concretamente dos concellos que conforman Ferrolterra. Alí estaban Xaquín Yañez, vello lobo de mar, sobrevivinte a ducias de furacáns. Xaquín era de Mugardos. E Leopoldo Blanco, "Caseiro", que vivía cego no barrio de Peixiño, así bautizado por aqueles mariñeiros. De Mugardos era Xoán Lago, que sendo neno veu reflotar o acorazado "Maine" na badía da Habana; e Manuel Aneiros, dirixente sindical. Naceu Pedro Lamas nas Neves, e un día tocarialle transportar, cando a Segunda Guerra Mundial, material bélico ata Londres baixo dos bombardeos nazis. Manuel Varela Casteleiro, de Redes, foi protagonista, con outros moitos paisanos dunha folga en terras de México contra armadores cubanos. Xosé Pena, de Limodre, chegou a ser cocíneiro de Mussolini e axudante do rei Alfonso XIII. E así moitos máis. Loitas e desacougos sociais caracterizaron a estes homes, a estes mariñeiros de Ferrolterra.

Moitos outros ferroláns viviron, traballaron e loitaron na outra banda do mar. Aquí queda só unha mostra, unha pequena mostra.

FERROLTERRANOS NA EMIGRACIÓN Á AMÉRICA: O SEU PAPEL NA EDUCACION ESCOLAR

por Guillermo Llorca Freire

*"O meu avó Andrés,
a quen chamaban El Cubanito"*

I. O ÉXODO MIGRATORIO TRANSOCEÁNICO

A emigración constitúe un dos fenómenos sociais de maior relevo na historia de Galicia. Dende o descubrimento de América non cesou a emigración galega ó Novo Continente. Velaí este curioso dato: Dos 5.481 primeiros poboadores no período 1493-1519, 111 son galegos. Tres etapas poden sinalarse ó longo deste movemento emigratorio: a primeira ten a súa orixe a fins do século XV, nos anos de conquista e de colonización, e chega ata mediados do século XIX.

A segunda etapa iníciase en 1853, coincidindo cun "Ano da fame" - a causa das chuvias catastróficas que estragan as colleitas - e cunha Real Orde que permite a emigración. Ten o seu fin coa crise económica mundial de 1929 e co inicio da Guerra Civil.

A terceira etapa rexístrase co exilio dos derrotados na Guerra e coas partidas de novos emigrantes, sobre todo a partir do final da conflagración mundial, principalmente no decenio 1950-1960. Se ata mediados do dezanove a presenza galega nas Indias era modesta, dende entón toma proporcións masivas pois incluso se fomenta a partida. Galicia incorpórase dende o primeiro momento e ata 1936, a esta mobilización inxente de recursos humanos pois o sistema productivo do país era incapaz de satisfacer as necesidades de subsistencia e, ó mesmo tempo, varias repúblicas hispanoamericanas trataban de atraer ós emigrantes para incentivar o desenvolvemento económico, coincidindo coa abolición da escravitude nalgunhas delas. Máis de un millón de galegos saíron dos seus fogares a Ultramar en busca dunhas condicións de vida máis dignas. Entre eses galegos, atópanse moitos ferroláns, devanceiros nosos, entre os que se atopan os protagonistas da empresa educativa que imos relatar.

Un dos informes da "Memoria de la Comisión de Reformas Sociales de Ferrol" do ano 1885 di textualmente o seguinte : *"La emigración tanto en esta ciudad, como en sus alrededores, alcanza regulares proporciones y se dirige a Cuba o a la América del Sur, en busca de mejor porvenir y muchas veces seducida por ofertas de empresas explotadoras. Nótese en estos últimos tiempos que muchos emigrantes regresan desesperanzados de no poder realizar sus sueños de fortuna, lo que influye para que la emigración no tome mayores proporciones"*.

O desastre colonial de 1898, que paraliza a industria naval da cidade e resta os recursos monetarios procedentes das perdas posesións, vai provocar graves transtornos na poboación da bisbarra ferrolá que se ve forzada ó éxodo migratorio. O mesmo sucede coa crise económica provocada coa primeira Guerra Mundial.

En 1915 no concello veciño de Fene, adicado maioritariamente a unha agricultura de autoconsumo e con

escasas actividades industriais e comerciais, a sexta parte dos seus habitantes tiñan a condición de pobres, o que explica tamén a perda de poboación en máis do 1% durante o decenio 1910-1920. Entre eses emigrantes témolo caso de Antonio Fernández, de Barallobre, que de neno emigra a Cuba empuxado pola miseria e regresa con fortuna ó seu pobo onde constrúe a casa coñecida, aínda hoxe, co nome de "O chalé do Adriano". Ese palacete remata nunha pequena cúpula que sostén a estatua que representa o prototipo do emigrante cunha maleta e un gabán baixo o seu brazo.

En Mugardos, a fins do século XIX, era cada vez maior a dependencia económica da emigración, que enviaba capitais dende a illa caribeña para a creación de pequenas industrias locais, mol necesarias para unhas xentes que vivían maioritariamente da pesca e do traballo no Arsenal e Esteleiro ferrolán.

Entre o colectivo de emigrantes salientan os xornaleiros do campo, varóns e maiores de 23 anos. As mulleres tiñan serias restricións para saír. A partir da década de 1880 sobe a porcentaxe da emigración feminina, en concreto, na zona de Ferrol sobe a un 25% do total. Unha Lei de 1914 decretaba que as solteiras menores de 23 anos non podían emigrar se non ían acompañadas dun familiar ou persoa respetable; as casadas necesitaban o consentimento dos maridos.

Un dato que chama a atención é a porcentaxe elevada de emigrantes menores de 15 anos. A explicación podemos atopala na implantación en 1837 do servizo militar obrigatorio. Para eludilo reclutamento, fixado por lei ós 17 anos, sobre todo nos períodos bélicos como as guerras de África; moitos mozos emigraban de adolescentes, sendo declarados prófugos. Esta é a causa de que en Fene, por exemplo, haxa anos en que a maioría dos rapaces están ausentes. A Lei de Reclutamento de 1925 dispuxo a obrigatoriedade de deixar un depósito en metálico, ós xoves de 16 a 20 anos, para poder saír.

En 1892 a creación da Fundación Benéfica Ramón Plá polo marqués de Amboage, permite a redención do servizo militar a moitos mozos, de condición humilde, do partido xudicial de Ferrol, que poden a partir de entón librarse do servizo das armas coas 1.500 pesetas que reciben da institución e paga-lo custo do billete para América.

Outros datos sociolóxicos deste colectivo humano son a súa escasa preparación profesional, parella ó baixo nivel de instrución que en moitos casos os reduce a condición de analfabetos. E o caso, por exemplo, de Manuel Rodríguez Ramos, natural de Ares, que en 1873, cando conta con 17 anos emigra de polizón a Cuba. No seu libro Trinta e nove anos da miña vida, desenvolve o seguinte diálogo:

"(...) Xa estou aburrido de estar aquí e teño pensado irme para A Habana, pero son tan desgraciado que non teño diñeiro para a pasaxe.

- Homo para A Habana eu tamén quería ir, pero como ti sabes somos tan pobres que non podemos soquera comer pan todos os días, o traballo está oscaso e a sardiña tamén. Eu non soi o que hai de facer, se seguir de peón ou andar á posca; e hasta o pouco que sabía ler e escribir esquecouseme".

¿Cales son, por outra banda, os países escollidos para atopar un mellor futuro? Se atendemos ós permisos de embarque da poboación ferrolá durante os anos de 1885 a 1900, atopamos 1.313 palsanos que escollen preferentemente como lugares de destino Cuba e Arxentina. Tamén Urugual recibirá un importante continxente.

Unha copla popular lómbra-nos esta forte presenza de ferrolterranos na illa caribeña :

*"Estando yo en la Habana,
allí al ponlonto del sol
sentí tocar las campanas
en el muollo do Ferrol".*

Sobre a estada na Arxentina, moitos lembrarán unha divertida obra teatral, dos autores ferroláns Charlón e Hormida, representada no teatro Jofre en maio de 1915, chamada Mal de moitos, onde un vallo palsano cun folxo de herba ás costas e unha fouciña na man atópase por un camiño cun mozo, vestido á moda con traxe de cor clara e lino, chapou de pano, zapato baixo e calcotíns chamativos, paraugas novo e unha malota. O mozo preguntallo o seguinte :

"Y lueguito, che; ¿donde me atopo?"

O vello inquirille de quen ven sendo e o rapaz responde

"Yo venjo siendo, higo del tío Gurgo del Vidueiro"

"Do tío Xurxo quererás dicir", espétalle o vello e logo comenta :

"Se é o que estaba en Buenos Aires". O mozo resposta :

"En Buenos Aires, cuasamente no; yo venjo de la misma Erguentina".

A parolada continúa e serve para poñer de manifesto polos autores desta obra teatral a un prototipo de emigrante que rápidamente quería esquece-lo seu país e a súa fala, cando, como neste caso, soamente levaba sete meses na Arxentina.

¿Que outros factores, ademais do atraso económico, da carencia de traballo, da ausencia de perspectivas de mellora e de fuxir do servizo militar, provocaron esta sangría emigratoria? A propaganda das compañías navieiras, o recrutamento dos "ganchos" que ían polas aldeas ofrecendo "As Américas", o reclamo de parentes e veciños e a identidade cultural cos países de alén mar; foron razóns tamén de peso á hora de face-las maletas.

As compañías de navegación e os seus intermediarios trataron de gaña-la clientela con todo tipo de ofertas atractivas, cando en realidade o que buscaban eran negocios espectaculares a conta desas pobres xentes. A prensa local está chea de anuncios ofertando os seus servizos. Leamos o que din algunhas desas páxinas:

Norddeutscher Lloyd Bremen

(Lloyd Norte Alemán de Bremen)



Servicio a todos paises del mundo

VIAJES RÁPIDOS ENTRE
Vigo - Villagarcía - Rio Janeiro
Montevideo y Buenos Aires

Vigo, Cuba y México
Vigo, New-York
Vigo, Bremen y Hamburgo

Con servicios combinados de navegación para Italia, Alemania, Polonia, Holanda, India, Australia, China, Filipinas, Indochina, Siam, Nueva Zelandia y las posesiones holandesas

Agente general en España:
Luis García-Reboredo Isla

VIGO: García Ollagui, 2
y Victoria, 3 y 5
VILLAGARCÍA: Marina, 14

NOTA: - Estos boques son comandados exclusivamente y bajo dirección de los capitanes pertenecientes a la Marina de guerra

O xornal "La Monarquía", de Ferrol, do día II-III-1889, recollía un anuncio da empresa "A Mala Real Inglesa" coa seguinte oferta para as súas viaxes a Bós Aires :

"LLeva cocineros y camareros españoles, y a los pasajeros de tercera se les da cama con ropa, pan fresco y vino y son transportados de La Coruña a Vigo por cuenta de la empresa".

A "Línea de vapores de Arrotegui", outra das compañías, pero neste caso española, poñía no "Diario Ferrolano" do 4-XII-1906 o seguinte reclamo:

"Todos los pasajeros tienen su correspondiente litera con ropa, y pueden pasearse por toda la cubierta del vapor. La rapidez del viaje es tanta o más que la ofrecida por vapores extranjeros".

En canto á viaxe, esta facíase inicialmente en buques de vela, goletas, bergantíns e fragatas, de reducida capacidade para o transporte de pasaxeiros, pois eran navíos bastante inseguros fronte ós embates do mar e irregulares no tocante á duración da singladura. Un buque de vela podía tardar de Galicia á Habana, un mes e medio, co que aumentaba o risco de naufraxios ou as calamidades a bordo. Coa introducción do vapor, nos portos galegos en 1863, a rapidez e as condicións da viaxe - agora dunhas tres semanas - melloraron considerablemente.

Os prezos da pasaxe para os que saían do porto da Coruña con destino á Habana quedan rexistrados nun recadro de "El Correo Gallego", tirado en Ferrol o día 24-IX-1915, que da o custo de 251,10 pts. para os viaxeiros de terceira. No xornal "El Ideal Gallego", da Coruña, con data do 25-VII-1929, pódese ler un anuncio co prezo da viaxe do porto herculino a Bós Aires fixado en 648,50 pts, tamén para os tripulantes de terceira.

Os que non podían custea-la travesía do Atlántico obrigábanos a traballar para determinadas empresas durante varios anos, en condicións penosas e por un xornal miserento. Os que desembarcaban con cartos - cun mínimo de trinta pesos -, eran socios dalgunha colectividade ou presentaban carta dun parente, tiñan avantaxes para atopar traballo e para adaptarse á nova realidade.

Os empregos preferentes para moitos ferrolterranos eran os servizos urbanos das cidades de Cuba, do Río da Prata e de Montevideo. Gañaban a vida en comercios, pequenas industrias, hostalería e casas particulares. Debido as duras condicións laborais algúns preferían establecerse pola súa conta, recorrendo á venda ambulante de galletas, xeo, carbón ou pan. Outros sudaban as longas xornadas nas facendas de azucre e nas plantacións de tabaco de Cuba ou soportaban os fríos da Pampa argentina adicándose á gandeiría. Moitos conveciños de Ares, Redes e Mugardos vivían nos pobos ribeiranos da illa caribeña e faenaban coas súas embarcacións de pesca en augas de México ou de Florida.

O bodegueiro será o prototipo do emigrante galego : traballador, tacaño, aforrador, con espírito de sacrificio, de malos costumes hixiénicos e afastado da política.

II. AS ORGANIZACIÓNS COMUNITARIAS EN AMÉRICA: AS SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN

En marzo de 1915 un tal Eumenio asinaba un artigo na revista madrileña "Estudios Gallegos" - fundada polo ferrolán Aurelio Ribalta -, na que, entre outros comentarios, escribía o seguinte:

"Las agrupaciones gallegas en América nos son todavía poco conocidas; su acción en Galicia no está suficientemente estudiada. Tenemos aquí instituciones, escuelas, fundaciones, sueldos, pensiones que de América nos vienen (...).

El espíritu de asociación de los gallegos residentes fuera de España no está en consonancia con la conducta de los gallegos que no abandonan su patria. Declalo porque he observado que los gallegos de aquí huyen de asociarse (...).

Es cosa extraña; pero no por eso menos cierta. Los gallegos que no se han ausentado de Galicia, apenas se preocupan del engrandecimiento moral o material de la pequeña patria (...).


Ateneo Ferrolán

Y es lastimoso que esto suceda, porque muchas veces retarda el progreso de la región galaica, el estado abúlico de sus habitantes (...).

En la perla de las Antillas (Cuba) hay una colonia gallega, que tanto por el número como por la calidad de las personas que la forman y por las obras de cultura y progreso que realiza merece nuestro aplauso y admiración".

Como sulíña o devandito comentario, o papel do asociacionismo galego en alén mar, a pesar da súa transcendencia aínda hoxe é pouco coñecido para a maioría da xente.

A historia desta tarefa colectiva comeza en 1871 cando un fato de 37 emigrantes radicados na Habana fundan a "Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia", que aínda existe na actualidade. Pero corresponde ós Centros Galegos de Bós Aires, Montevideo e A Habana o mérito de fundalos primeiros establecementos de ensino en Ultramar para paliar as carencias culturais dos emigrantes. Estas xentes nos seus lugares de partida non podían nin necesitaban estudar, pero en América víanse na obriga de facelo para poder comunicarse cos seres queridos que deixaban, promocionar laboralmente e integrarse no mundo urbano no que agora tiñan que vivir. Sen embargo, o tema central deste traballo é a acción escolar xenerosamente emprendida polos emigrantes nas súas aldeas, concellos e bisbarras, ampliando deste xeito o labor educativo sobre o continxente humano que aínda permanecía en Galicia.

Coñezamos primeiramente algunhas das pinceladas que debuxan o lamentable panorama escolar do país e, máis concretamente, de Ferrolterra.

A comezos da centuria Galicia rexistraba unhas taxas de analfabetismo entre o 65 e o 70 %, na súa poboación maior de 7 anos. Porcentaxe superior á media española e que mantivo nos decenios posteriores. O abandono do ensino por parte da Administración era ostensible.

Segundo un informe da "Xunta local da Comisión de Reformas Sociales de Ferrol" elaborado nos anos 1884-90, moitos dos centros públicos de ensino primario carecían de condicións axeitadas para a

docencia e a maioría das escolas privadas estaban en domicilios particulares e cheas de alumnos. Como na maioría das poboacións de Galicia non había escola para párvulos. Outro tanto cabe dicir do ensino para adultos. A Escola de Artes e Oficios, inaugurada en 1885, non cubría as demandas dos obreiros ferroláns que a consideraban pouco axeitada para os coñecementos prácticos. En 1896 o Concello crea unha para adultos, con aulas nocturnas e gratuítas para os elementos da clase traballadora. En 1915 a "Sociedad Española de Construcción Naval" funda unha escola de aprendices para fillos dos obreiros.

En Fene, segundo unha investigación do ferrolán Rodrigo Sanz, premiada no "Concurso anual de Memorias do Ateneo Ferrolano para 1915", dunha poboación escolar de 1200 nenos, soamente 800 recibían instrucción primaria. O que quere dicir que se estaba criando esa xeración cun tercio de analfabetos. Outro problema era a falta de asistencia ás clases; alinda-las vacas, axudar na colleita e atende-la casa eran algunhas das súas causas. Tampouco ningún dos locais adicados a aulas estaba construído para tal fin. O mellor de todos era a escola particular de Limodre, instalada nun salón de baile. Apenas contaban con material didáctico, a máis dotada era unha escola que tiña un mapa e tres taboleiros.

Estas miserentas condicións explican a intervención escolar comunitaria emprendida dende a outra beira do Atlántico polos humildes emigrantes e algún que outro filántropo indiano que, cos seus aforros, contribuíron á laudable tarefa da modernización cultural do seu país. Nacen así as Sociedades de Instrucción. A honra desta feliz iniciativa recae curiosamente nunha agrupación desta bisbarra : A "Alianza Aresana de Instrucción", que se crea na capital cubana, probablemente en abril de 1904. Foron socios fundadores 23 emigrantes residentes na Habana, 11 en México e 1 na Florida.

O seu exemplo espállase rápidamente pola illa caribeña, por Bos Aires e Montevideo. Segundo Vicente Peña Saavedra, autor do máis profundo e voluminoso estudo sobre a impronta educativa da emigración transoceánica, hai contabilizadas un total de 395 sociedades ó longo do Novo Continente. No conxunto teceron unha densa rede asociativa que se correspondía con gran parte dos concellos e bisbarras de Galicia.



AS ESCOLAS DE EMIGRANTES EN FERROLTERRA

Por orde alfabética de concellos, podemos sinala-las seguintes :

ARES: "Alianza Aresana".

"Centro de Instrucción, Protección y Recreo de Cervás".

"Sociedad de Instrucción de Redes y Camouco".

CABANAS: "Luz de América de San Martín y Cabañas".

A CAPELA: "Hijos del Ayuntamiento de Capela".

CEDEIRA: "Hijos del Ayuntamiento de Cedeira".

"Progreso de Esteiro".

FENE: "Naturales del Ayuntamiento de Fene".

"Sociedad de Instrucción de Limodre".

FERROL: "Ferrol y su Comarca".

MOECHE: "Naturales de Moeche".

MUGARDOS: "Unión Mugardesa de Instrucción".

"Mugardos y su Comarca".

"Sociedad de Instrucción de Franza y Seijo".

“Juventud Mugardesa”.

“Sociedad Mugardesa de Instrucción y Beneficencia”.

“Unión Mugardesa de Beneficencia y Recreo”.


PONTEDEUME: “Hijos de Puentedeume y su Comarca”.

SAN SADURNIÑO: “Pro-Escuelas en Ferreira”.

SOMOZAS: “La Aurora”.

“Hijos de Somozas”.

Estas vinteunha sociedades compartían en xeral un xeito semellante de actuación: despois de fundada unha sociedade co seu regulamento, estatutos, seccións e cargos directivos, elixidos pola asemblea xeral de socios; tomábase contacto cos veciños do lugar de orixe da mesma para a creación dunha delegación que era a encargada de materializar as propostas dos emigrantes.



As fontes de financiación procedían principalmente das cotas dos socios - en 1911 os 652 asociados de “Ferrol y su Comarca” cotizaban 50 centavos -; pero tamén da venda de bonos, das subscricións que realizaban nos vapores, de bailes, de veladas teatrais—como as representacións no Teatro Polytea—ma con obras dos ferroláns Wenceslao Veiga e Joaquín de Arévalo. Co mesmo obxectivo de recaudar cartos foron famosas as romarías celebradas nos xardíns cubanos da cervexería “La Tropical”. Delas deixa constancia a revista “Labor Gallega”, tirada na Habana. Velaí un extracto da súa crónica do 15 de agosto de 1915:

Día memorable el señalado para el festival. No falten a la gran romería de Ferrol y su Comarca”, así decía desde el tranvía el anunciador pregonero.

Llegan a nosotros los dulces sonidos de la gaita, mezclados al tintineo de los pianillos y a los estampidos de las bombas y cohetes.

Desde la entrada echamos una visual y vemos a conocidos y cultos ferrolanos que corren tras la billarda, en otro lado saltan otros a los pasos y a todo esto las bocinas de los autos, van anunciando campo adelante, que los romeros llegan.

Los grupos se acogen a los sitios más sombreados y cubiertos de verdor, salen a relucir las empanadas de sacho e do Raposeiro, o xamón o queixo de teta e o viño da terra.

Las once eran cuando caminábamos entonando alegres y clásicas trovas de la tierra ferrolana:

*En ayes del alma
vamos al Ferrol
adiós cubanitas
adiós, adiós, adiós”.*

Outra fonte de ingresos ofrécenola o caso da sociedade de “Redes- Camouco”, que tiña investidos 10.000 \$ en accións na compañía de tranvías de Cuba. Os cartos gardábanse na Caixa de Aforros do Centro Galego.


Memorias co resume anual das actividades, publicacións periódicas e colaboracións en xornais e revistas eran os medios de comunicación empregados polas entidades para dar a coñece-lo seu labor e mante-la lembranza viva da súa terra. Entre estes órganos de difusión podemos citar, por exemplo, o

“Boletín de Ferrol y su Comarca”, o “Boletín da Unión Mugardesa de Instrucción” ou “El Aresano”, voceiro da asociación “Naturales de Ares”.

Unha vez espallada a idea e recadados os cartos, a tarefa inmediata e urxente era a construción dos planteis escolares, símbolos materiais e permanentes da solidariedade dos emigrantes. Tendo en conta as necesidades e o potencial financeiro pódese falar de varios patróns arquitectónicos, aínda que a maioría dos edificios construídos obedecían a unha moderna construción, tanto no referente ás condicións hixiénicas coma pedagóxicas - o plano da escola de Moeche construída por “Ferrol y su Comarca” en 1922 foi revisado polo coñecido arquitecto municipal Rodolfo Ucha. Tódolos planteles teñen algunha pegada estilística que os identifica, aínda que hoxe en día, desgraciadamente, moitos deses fermosos edificios están abandonados ou xa desapareceron. Non é o caso, por sorte, das escolas “Curros Enríquez” e “Concepción Arenal” de Fene, das do Porto e Lago, de Ares ou da “Agrupación Instructiva de Camauco”.

A cotío cando se comezaba a construción dun local escolar, a man de obra e o solar eran aportados polos veciños e ás veces recibían colaboración económica dos concellos ou do Estado. A primeira das escolas construídas en Ferrolterra foi a de Mugardos en outubro de 1910, cunha aula para nenos e outra para nenas. O acto inaugural revestía sempre unha gran solemnidade. No caso da sociedade “Ferrol y su Comarca”, a única escola construída foi a de Moeche, contaba tamén con dúas aulas, inicialmente só para nenos.

As escolas estaban abertas ós fillos dos membros da sociedade ou da delegación, pero tamén acollían ós das familias pobres e, en ocasións, a tódolos nenos da parroquia. Así, a “Alianza Aresana de Instrucción” declaraba nos seus estatutos ter *“por objeto exclusivo la enseñanza gratuita entre las clases pobres y menos acomodadas de la villa de Ares y su término municipal”*. A idade de ingreso estaba ó redor dos seis anos e os rapaces permanecían nas escolas ata os catorce e, incluso, ata os dezaioito.



Se temos en conta a composición por sexos da corrente migratoria transoceánica, que se nutría, como xa comentamos anteriormente, fundamentalmente de homes é lóxico entender que moitas escolas, como a devandita de Moeche, foran adicadas primeiramente ós varóns, aínda que co paso do tempo medra a educación feminina. No caso dos planteis escolares dos “Naturales de Fene”, inaugurados en novembro de 1916, contaban dende o comezo con aulas para nenos e para nenas.

Pero non tódalas sociedades limitaban a súa actuación ó nivel elemental, senón que tiñan tamén outros cometidos. Así “Ferrol y su Comarca”, convencida de que a riqueza máis importante da bisbarra era a gandería e a agricultura - sen falar para nada, curiosamente, da industria naval, ou da pesca -propuña no seu regulamento :

“La creación y sostenimiento de una escuela industrial modelo, que sirva para difundir los conocimientos teórico prácticos de las industrias agropecuarias”. Pola súa banda, unha memoria da “Sociedad Mugardesa de Instrucción y Beneficencia” facía consta-la creación dunha escola comercial superior.

Amais deses xenerosos investimentos en escolas, a axuda dos emigrantes, moitas veces imprescindible, presentaba tamén outras facianas: O artigo 4 dos estatutos do “Centro de Instrucción y Recreo de Cervás” recollía *“proporcionar a los asociados, en caso de enfermedad, una peseta diaria durante el primer mes y cincuenta céntimos los dos meses siguientes; si persistiese la enfermedad y si esta se prolongase más de tres meses, la junta directiva resolverá”*. Téñase en conta que por entón non existía Seguridade Social.

A “Alianza Aresana” reparte vintecinco traxes completos de pano e abrigo entre os nenos máis necesitados o Día de Reis.

A "Unión Mugardesa de Instrucción" envía 1901 pts. para catro viúvas e orfos dos que pereceron no naufraxio dunha lancha pesqueira.

Os asociados do "Progreso de Esteiro" recadan cartos por subscrición para mercar dous arados que sortean entre os parroquianos do concello de Cedeira para axuda das xentes máis necesitadas.

"Ferrol y su Comarca" colabora a mante-la rondalla "Airiños da miña terra".

Os "Naturales de Fene", por poñer un último exemplo, contribuen á construción dunha praza para o mercado.

Tamén moitos dos pequenos negocios foran creados polos emigrantes, como foi o caso do cine "Adriano" no concello de Fene.

Volvendo ó ideario educativo das escolas, os planos de estudos recollían case sempre o programa oficial, pero as súas orientacións pedagóxicas estaban guiadas polas máis modernas tendencias no campo do ensino, con preferencia por unha pedagogía laica, tolerante e antidogmática. Vexamos tamén algúns exemplos: Os profesores da "Alianza Aresana" impartían ximnasia sueca, contaban con dezaseis pequenos xardíns coidados polos nenos e escribían colaboracións para o periódico escolar do "Faro de Veiga" de Ortigueira.

Os alumnos de Mugardos realizaban funcións teatrais de carácter benéfico e instructivo e os de Fene excursións didácticas pola ría de Ferrol, polos estaleiros e ó mosteiro de Caaveiro.

En canto ó profesorado, tentábase de contratar mestres competentes e cualificados, ofertando salarios superiores ós que ofrecía a escola pública. En 1910 o soldo medio dun mestre nacional era de 772 pts.. Un ano despois "Ferrol y su Comarca" presupostaba anualmente para a escola de Moeche, aínda en proxecto, 1.800 pts. para o profesor e 1.500 para a mestra. Sen embargo, estes profesionais non disfrutaban das vantaxes dos ensinantes do Estado en canto a seguridade no emprego, permutas ou retiro.

O remate do período lectivo, os alumnos tiñan que ^{pasan} pasar un exame final diante dun tribunal composto polos profesores do centro, algún dos directivos máis cultos da delegación e varios persoeiros da zona vencellados ó mundo da educación e da cultura. As asignaturas das que tiñan que examinarse no caso da escola "Concepción Arenal" de Fene, que tomamos como exemplo, eran: Gramática, Aritmética, Xeometría, Fisioloxía, Hixiene, Xeografía, Teneduría de libros, Moral, Historia de España, Francés e Debuxo lineal. A sesión, que se celebraba en presenza de representantes da prensa e con entrega de premios revestía unha gran solemnidade.

A pesar deste inxente labor educativo mantido ó longo de moitos anos, non faltaron tampouco as críticas. As máis duras procedían dos sectores conservadores, pois como denunciaba o culto e proguesista sacerdote ferrolán Matías Usero:

"Las aldeas están dominadas por el cura, éste no apoya las escuelas que han dado en llamar neutras, porque no se pone el crucifijo en la sala del colegio, y aún cuando todos sabemos que no van contra la religión, que no se oponen que los alumnos vayan desde la Escuela a la Iglesia, hay un recelo contra esas escuelas, por el solo hecho de desterrar del colegio los libros religiosos y la doctrina cristiana".

Doutro tipo de oposición danos conta o xornal "ABC", de Madrid, nun artigo de Benito Castillo que leva a data do 14-X-1928:

"Existe otra clase de enemigos, no de la escuela, sino del niño, que aún conservan el resabio medieval de considerar al hombre como una parte alícuota de su riqueza pecuaria y pretestan cuando se abre una escuela nueva, pues los niños son desalojados de ciertos lugares fértiles, en que ellos les tenían estabulados con el buen deseo de lucrarse un buen alquiler".

A pesar das súas limitacións, como a non escolarización das nenas nalgúns lugares, o ensino excesivamente práctico orientado ás necesidades instructivas dos que ían emigrar e a preocupación por

preparar ó futuro emigrante máis que concienciar ós galegos dos seus problemas, esta acción educativa gozou dunha grande simpatía social, agás as críticas xa mencionadas.

Pero todo ten o seu final, e o “crack” económico mundial de 1929 corta a axuda financeira que chegaba da outra beira do Atlántico e moitos emigrantes teñen que voltar á súa terra. Ese foi o caso dos “Naturales de Fene”, cando o seu presidente Juan Varela Grande outorga, o 4-II-1930, un poder notarial na Habana para doar ó Concello os dous centros escolares, baixo a condición de adicalos sempre ó ensino.


Co estoupido da Guerra Civil, a maioría das escolas foron clausuradas e as instalacións expropiadas polas novas autoridades militares, como foi o caso do edificio da asociación “Luz de América” de Cabanas, que foi requisado polo Exército para se converter, despois, nun centro de Auxilio Social a nenos orfos de familias asturianas.

Non cabe dúbida, en conclusión, que a emigración galega a América determinou gran parte do sistema educativo de Galicia, onde aproximadamente un tercio das escolas edificadas no período 1905-1936 foron promovidas pola iniciativa dos nosos paisanos en alén mar. Agardemos que estas notas axuden a recuperar para a memoria colectiva de todos nós un dos capítulos máis fermosos da nosa historia cultural, inxustamente esquecida.



BIBLIOGRAFIA

- **"ABC"**, Madrid, 14-X-1928.
- ALONSO FERNANDEZ, B.: **A emigración galega a América : 1860-1960**, Fene, ASPG., 1994.
- ARMESTO, A.: **Los hijos cautivos de Breogán. El rastro de Castelao en América**, Sada, Edicións do Castro, 1986.
- **"Boletín de Ferrol y su Comarca"**, A Habana, 1-XI-1911, II-III-1912.
- "Correo Gallego, El ", Ferrol, 24-IX-1915.
- COSTA RICO, A.: **Escolas e mestres. A educación en Galicia : Da Restauración á Segunda República**, Santiago, Xunta de Galicia, 1989.
- CHARLON ARIAS, E. e SANCHEZ HERMIDA, M.: **Mal de moitos. Parrafeio en prosa**, Ferrol, El Correo Gallego, 1921.
- **"Diario Ferrolano"**, Ferrol, 4-XII-1906.
- EIRAS ROEL, A. e REY CASTELAO, O.: **Los gallegos y América**, Madrid, Mafre, 1992.
- EUMENIO : **"Crónica gallega"**, Estudios Gallegos, Madrid, 5-III-1915.
- FERRAS SEXTO, C.: **Desenvolvemento urbanístico e económico de Fene. Séculos XIX e XX**, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 1993.
- GOMEZ CANEDO, L.: **Los gallegos en América. Entre el descubrimiento y la emancipación**, Santiago, Xunta de Galicia, 1988.
- **"Ideal Gallego"**, A Coruña, 25-VII-1929.
- **"Labor Gallega"**, A Habana, 15-I, 10-VI, 15-VIII, 10-IX -1915.
- **"Monarquía, La"**, Ferrol, 11-III-1889.
- NARANJO OROVIO, C.: **Del campo a la bodega : Recuerdos de gallegos en Cuba (Siglo XX)**, Sada, Edicións do Castro, 1988.
- PALOMARES IBAÑEZ, J.M^a. e FERNANDEZ CASANOVA, M^a.C.: **La Comisión de Reformas Sociales en Ferrol (1884-1903)**, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- PEÑA SAAVEDRA, V.: **Exodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia**, 2 vols., A Coruña, Xunta de Galicia, 1991.
- PERMUY, C.G.: **"O Adriano de Barallobre: un emigrante afortunado"**. Inédito.
- PONTE FAR, J.A.: **Galicia en la obra narrativa de Torrente Ballester**, Perillo-Oleiros, Editorial Tambre, 1994.
- RODRIGUEZ RAMOS, R.: **Trinte e nove anos da miña vida**, (s.l.), Editorial Nigra, 1994.
- SANZ LOPEZ, R.: **Información acerca de las escuelas oficiales primarias y particulares del Municipio rural de Fene**, Ferrol, El Correo Gallego, 1906.
- VV. AA.: **Galicia-América. Cinco séculos de Historia**, A Coruña, Xunta de Galicia-Consello da Cultura Galega, 1992.
- VV. AA.: **"A emigración a América no concello de Fene : Unha aproximación histórica"**. Inédito.
- VAZQUEZ GONZALEZ, A.: **"Algúns aspectos do transporte da emigración galega a América"**, en V Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 1990.



BIEITO CUPEIRO VÁZQUEZ ADEUS A GUERRA DA CAL ANTONIO SOTO E A TRAXEDIA PATAGÓNICA

por Xavier Alcalá

BIEITO CUPEIRO VAZQUEZ

Bieito Cupeiro Vázquez naceu en Barallobre, alá polo 1914, e foi dar, como tantos outros, nas praias do Prata. Pero a súa emigración non foi a estadisticamente maioritaria, por razóns puramente económicas. Había ideoloxía que preservar e medo físico á morte, aos "paseos" que abundaron nunha bisbarra logo sometida aos revoltosos do 36.

Na Arxentina traballou no que puido, de maneira que non tivo escrúpulo para ser viaxante de roupa cando tiña formación de mestre. E tamén exerceu de mestre: de galeguismo activo, militante, afervoadoo...

Coñecino xa de vello. Seica foi logo dunha conferencia miña no Centro Galego. Xuntáronnos á mesa do restaurante do Centro Galicia, nunha cea en que estaba presente quen lle coñece ben a vida, Adolfo Lozano.

Coido que Cupeiro xa me coñecía, que me viña observando de moito tempo atrás, desque aparecera eu por aquelas casas de saudade da Avenida Belgrano de Bos Aires levado por Rodolfo Prada, quen me descubrira en Cabanas, nos tempos en que eu andaba a facer letras de canción para Andrés do Barro.

Coñeciame, se cadra, pero non me quería dar confianza ata estar convencido do meu pedigree nacionalista. E aquela noite fíxoo: contou anécdotas, explicoume como ía ser o seu **A Galiza do Alén-Mar** que lle publicaría Isaac Díaz Pardo. Díxome, rotundo, que Blanco Amor, malia as súas vaidades, fora "un mestre de galeguistas" -coma el propio- e acabou dando pao nas figuras de Manuel Fraga e Felipe Fernández Armesto.

Cupeiro era un conservador de esencias que non permitía deturpar. Non sei que ficha me faría pero non podo esquecer como me tratou. E esa sensación de escrutinio quedoulle a outros personaxes que de Galicia foron tratado no seu exilio. Manuel Fraga, por exemplo, non esquece como o someteu a "exame de galego"...

Cupeiro pertence á ferrolterreidade. O seu concello, o de Fene, vaille facer homenaxe construindo un parque co seu nome. Ferrol, capital da bisbarra, non debe esquecer a quen tantas veces se lle acercou desde "a outra banda" a tramitar e divertirse. Ferrol era constante mención nas memorias do exiliado.

ERNESTO GUERRA DA CAL

(Publicado en outubro do 94, con variantes, en varios medios, entre eles as revistas ECO e Galicia en el Mundo e o xornal O Correo Galego)

Morreu o home dos heterónimos, o suxeito poliédrico que mesmo escolleu nome para se presentar ao Mundo ao seu xeito de ser galaico-portugués, portugalego, soñado. Dunha carta súa extraio un parágrafo, a xustificación de polo que, unha vez máis, o mestre non me fixera caso e non viñera a Galicia. *"Eu cheguei à conclussora -dime- de que a Galiza que desde neno levo entesourada na minha cachimônia é só minha e só dentro de mim existe. A que de longe enxergo nom tem nada que ver coa minha. É outra cousa, outro bicho, a different kind of an animal"*

Ernesto Guerra da Cal, heterónimo de Ernesto Laureano Pérez Guerra, natural de Ferrol, aparece na miña vida cun rostro simpático, con bigotiño, pano de seda ao pescozo, chaqueta cruzada e "glass of whisky", sospeitosamente británico, alá nos anos da loita por unha lingua que traspasase fronteiras, cando non imaxinabamos que a principal, a do Miño, ía ser apenas marca inútil nos mapas.

Gocei con el conversas únicas, e fíxome a honra grande de escribirme desde o exilio (Portugal, Estados Unidos, Inglaterra) unha chea de cartas en que a súa forma de pensar e sentir se vai debuxando. Foi Ramón Piñeiro -necesariamente- quen me falara da súa existencia, quen me recomendara aquel libro en que Guerra explicaba a Eça de Queiroz, no que mostraba como Valle-Inclán imitara ao xenio portugués.

Guerra, galeguista intransixente pero xeneroso, perdoaba a don Ramón María por ter inventado un *"trampitán que facía entender aos castelán-parlantes que os personaxes falaban galego"*... Era o meu amigo vello. Nunha cea histórica en Lisboa, con Rodrigues Lapa e Carballo Calero, dixo que *"o Cunqueiro foi um grande cozinheiro: inventou um prato e viveu toda a vida dele"*, en referencia á receita do realismo máxico do noso adorable don Alvaro dos mil inventos.

Pasaba de criticar a Valle ou a Cunqueiro a dar teoría radical do idioma. Nesa cea, e en repetidas ocasións, escoiteille que *"todo o galego está contido no portugués"*, no portugués dialectal, non normativo -enténdase-, polo cal abundaba con *"falar galego e escribir portugués para andar polo Mundo"*...

Tras da súa morte cómpreme berrar aos ventos que hoxe está máis viva ca nunca a grande dúbida: ¿como debemos escribir?

A Galicia de 1994 é unha rexión española con autonomía de seu para decidir moitas cousas, mesmo se quere ser unha rexión europea integrada nunha macrorrexión atlántica.

Pero, para funcionar, ten que esclarecer en que contexto lingüístico se encontra, e definirse. Guerra da Cal defendía a solución á neerlandesa e eu coido que non queda outra solución. Salvo a de entregarmos armas e bagaxes e establecermos as nosas relacións con Portugal coma os demais fronteirizos -leoneses, extremeños e andaluces-, ou sexa: en castelán...

Gloria haxa quen se quixo chamar Ernesto Guerra da Cal, quen fica retratado nunha anécdota:

Profesor nos Estados Unidos (fuxido da barbarie no 39), foi convidado ao Brasil a explicar a obra de Eça de Queiroz, que el coma ninguén coñecía. Fíxéronlle ir á televisión e, antes de saír á pantalla, o presentador do programa preguntoulle de onde era quen tanto sabía do xenio portugués. Don Ernesto Guerra respondeu que era galego. O presentador torceu o fuciño e preguntou: *"Quer dizer espanhol?"*. Guerra da Cal reiterou que era galego. E de súpeto acendeuse a luciña que indica "cámara activa" e o locutor saiu con esta: *"Cá á minha direita, o professor Ernesto Guerra da Cal, que insiste em ser chamado de galego"*.

ANTONIO SOTO E A TRAXEDIA PATAGONICA

(Artigo publicado en *El Correo Galego*, o 19 - 1 - 92)

Días atrás, na Galería Sargadelos de Ferrol tivo lugar o visionado de *La Patagonia rebelde*, película de Héctor Olivera baseada na documentación do historiador Bayer, autor de **Los Vengadores de la Patagonia trágica**. O filme, co inesquecible Tacholas no papel secundario de anarquista teórico, vén ser un docudrama, un relato axustado á realidade en que Héctor Alterio se loce como o tenente coronel Zabala, atormentado polas barbaridades que a circunstancia o obriga a cometer.

Outros actores, non coñecidos para nós, fan tamén o seu papel con dignidade. Por exemplo, o protagonista, que encarna a figura de Antonio Soto, o xefe da revolución que tanta tinta fixo correr - despois de tanto sangue como correr.

Naqueles anos da belle époque, cando a primeira guerra mundial aínda atroaba nas consciencias dos europeos, a fin de mundo do territorio de Santa Cruz recibiu un grande aporte de estranxeiros entre os que salientaban os galegos. Os galegos eran xentes da praia, nunhas costas sen portos en que había moita lá por embarcar e moitos produtos manufacturados que baixar a terra.

Productos manufacturados e, tamén, produtos culturais. Entre eles, o teatro.

Cunha compañía de teatro, en funcións de tramoiста e de actor ocasional, desembarcaría Antonio Soto Canalejo no peirao precario de Río Gallegos.

Antonio Soto, anarquista práctico, non ía tardar en dirixir a Sociedad Obrera na que se orixinou un movemento sindical intergremial capaz de paraliza-la vida da vila, capital do territorio, xunto coas actividades de estancias e frigoríficos. Obreiros do porto, dos establecementos comerciais e hostaleiros, do transporte e do campo mantiveron con coraxe e coherencia inimaxinables dous períodos de "folga xeral revolucionaria" que fixeron intervir ao exército arxentino, ás ordes do tenente coronel Varela -non Zabala, como seica a autocensura o fai aparecer no documento, correcto polo demais, de Olivera.

Na película -e así foi na realidade- o xefe do exército, preocupado pola soberanía dun territorio sempre cobizado por Chile, fixa os seus obxectivos na "pacificación" a punta de Mauser daquelas soidades inmensas da estepa patagónica; e na captura de "el gallego Soto", a súa particular besta negra.

Pero Soto, na ficción e na realidade, escapoulle, a cabalo, atravesando a Cordilleira polas paisaxes fabulosas do Lago Argentino, paraíso dos flamengos rosados e dos témpanos azul-turquesa. O Bartolo, galego -de Muros- en Río Gallegos, supervivente único entre os revolucionarios, mantén que os carabineiros chilenos non devolveron a Soto, terrible cabecilla anarquista, porque a maioría dos fusilados polo exército arxentino -¿douscentos? ¿cincocentos?- eran paisanos de Chiloé, chilotes por mal nome...

Antonio Soto Canalejo era de Ferrol. O seu pai morrera no afundimento do "Oquendo" durante a guerra de Cuba deixando dous orfos. A súa nai casou de segundas cun señor Rey do que tivo outros sete fillos. Rey emigrou á Arxentina con fillos e fillastros cando Antonio tiña dezasete anos. Posteriormente, Antonio Soto volveu a Ferrol, para retornar definitivamente a Bos Aires escapando da recruta que o levaría á guerra de Africa.

Por tanto, o noso personaxe, ferrolán que morreu lembrando a Ferrolterra, debeuse formar nas ideas libertarias na cidade dos estaleiros e a dureza sindical.

Soto tiña só vintetrés anos cando organizou o que se considera coma un caso histórico de revolución intergremial. Era un rapaz cando puxo en xaque ao poder que, desde as beiras do Prata -a tres mil quilómetros-, se quería exercer en Santa Cruz.

Fuxido a Punta Arenas, a cidade magallánica de Chile, comportaríase coma un convencido galeguista, fundador do centro galego máis austral do Mundo. Era galego-falante e actuante, poeta en galego e admirador de Rosalía, a avogadiña dos pobres, da que facía aprender os poemas aos fillos dos que con el compartían saudades onde remata o continente americano.

En Punta Arenas xacen os seus restos, nun nicho amorosamente tratado. A súa filla, Isabel Soto Cárdenas, fala del con veneración - polo que foi- e con admiración - por sabelo suxeito de tanta literatura.

Ferrol, que viviu aniñado no corazón do revolucionario, nada sabía deste fillo que tan lonxe fixo historia. Ao que lle debe honra e homenaxe. Como a todo ferrolán que chegou a heroe loitando polos seus ideais.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

XENTES DE FERROLTERRA NA EMIGRACIÓN AMERICANA

por Agustín Sixto Seco

Ando estes días arrecadando datos para preparar unha conferencia¹ que os responsables de Caixa-Galicia de Ferrol me teñen pedido sobre "Xentes de Ferrolterra na emigración americana". Aceptei o envite porque, quen mo pedía era unha filla do meu vello amigo Xoan Cardona, o incasable valedor do benemérito Hospital de Caranza, infelizmente ausente de entre nós.

Pensei que iste podería ser, aínda que moi cativo por vir de min, un sincero homenaxe ó amigo que se nos foi, a todos e para sempre, cando do calendario caía a derradeira folia do ano que remataba.

E miren vostedes por onde istas obrigadas pescudas preparatorias da devandita conferencia, viñeron a despertar en min a vella xenreira que nunca disimulei contra aqueles que, frívolamente, adoptan unha disciplente incomprensión sobre Ferrol e a súa bisbarra, apoiándose na gratuita teoría de que "apenas teñen historia".

Eu penso que sí, que a teñen e ben fermosa por certo, ancorada na mesma noite dos tempos, como xa relatou o historiador Pomponio Mela nos seus escritos, ou o que testemuñan agora estudos tan valiosos como os do meu ilustre amigo Isidoro Millán, conde de Quirós, que sitúan nista bela bisbarra nada menos que a orixe da deidade Neda, protectora de cidades con estaleiros, predecesora da grega Atenea e da romana Minerva, segundo nos ven de lembrar ise inqueda e culto investigador que é Alfonso Pereyra.

Tamén eu nas miñas pescudas preparatorias da mentada conferencia, vin bater complacido cun feixe de xentes de Ferrol e a súa zona que tiveron unha destacada presenza na emocionante epopeia americana dos galegos.

Falareilles dalgunha desa xente. Non de toda, claro. Porque, en contra do que eu mesmo pensaba, Ferrol e a súa zona de influencia, a Terra de Trasancos, están fortemente representados na emigración americana dos galegos.

Curiosamente, e malia a miña coñecida afección ós temas da nosa cultura, e máis concretamente a todo o que por ela teñen feito as nosas colectividades do alén mar, non tiña eu reparado na numerosa, e

(1) Este traballo é, básicamente, o texto da conferencia impartida polo doutor Agustín Sixto Seco, presidente do Padroado Rosalía de Castro, o xoves 30 de xaneiro de 1992, no ciclo "Ferrol y América", organizado pola Caixa-Galicia. Realizáronse no mesmo unha pequenas modificacións de forma, non de contido, autorizadas polo autor, para tenta adapta-lo texto ó traballo realizado polo Ateneo Ferrolán de "Xentes de Ferrolterra". Agardamos sepan disimula-los posibles erros derivados desa transcripción feita coa fidelidade ós textos e pureza que quixemos manter, dentro disa coherencia de estilo global e necesaria para a realización do presente Caderno.

mesmo valiosa, contribución das xentes de Ferrolterra a construír primeiro, e a manter despois, eso que xa se deu en chama-la **"Memoria histórica de Galicia"**.

Porque deben saber que é tal a categoría humana dos nosos devanceiros emigrados á outra beira do mar (estóume a referir ós galegos todos, claro); foi tal a súa fidelidade á terra que os vira nacer, que alí onde un grupo deles ten asentado, xermolan, coma si quixeran contradici-la tópica actitude de insolidariedade que sempre se lle atribúe á nosa xente, asociacións de todo tipo, pero especialmente benéfico-asistenciais e culturais, que foron e son a admiración dos outros grupos transterrados.

Tantos auxilios se prestaron os uns ós outros e mesmo axudaron á Galicia que os vira partir; tanto se implantaron aló onde foron acollidos, reproducindo naquelas terras, coma se fora un calco, o amor á patria galega, que eu adoito dicir que si a Galicia Peninsular desaparecera por un cataclismo, Galicia non morrería; continuaría existindo nesas terras do alén mar, por mor daqueles dos nosos que sementaron alí a súa xenerosidade humana.

Alí, nas nosas colectividades da outra banda do océano, e non en ningures, está a **"Memoria histórica de Galicia"**, o complemento imprescindible para que a nosa peripecia histórica como pobo diferenciado se poida entender doadamente.

¿Pero cantos e quen das xentes da Ferrolterra axudaron a tripar polos espíñentos vieiros da epopeia americana dos galegos?. ¿Cara onde foron?. ¿Onde acougaron?. ¿Cales eran as súas profesións?.

Confésolles que ata que, pacientemente, me debrucei na balconada da historia para preparar este traballo e me decidín a pescudar nos libros que mesmo adormecían nas estanterías da miña biblioteca, non tiña eu acreditado tal cousa: desde Cuba á Patagonia, por referirme, como agora é o caso, unicamente ás terras da chamada América Hispana, teño rexistrado mais de medio cento de ferroláns. Só nos dous voluminosos tomos que Alberto Vilanova dedica a "Los Gallegos en la Argentina", fun quen de recoller, con nomes e apelidos e datas de nacemento, trinta e dous paisanos de Ferrol, de Neda, de Mugar dos, de Serantes...



Está claro que non se trata agora de facer unha descrición pormenorizada de todos eles. Pero, si quixera trasladarlles a curiosidade que en mi despertaron e a amplitude e variedade de datos que aportaría o estudo de todos e o seu coñecemento, para unha hipótese dun futuro traballo de investigación polo que, limitareime a comentar algúns datos indicativos do que estou a falar.

¿Poderán crerme si lles aseguro que no ano 1760, hai xa polo tanto a frioleira de 234 anos, andaba polas Illas Malvinas un tal Bernardo Taforo ¿Tafor ou Tafur?, que das tres maneiras aparece escrito o seu apelido.

Un célebre historiador arxentino, o Capitán de Fragata Héctor Ratto, descríbete así:

"Capitán de varias embarcaciones destinadas al servicio de las poblaciones patagónicas, en las que desarrolla su actividad de hidrógrafo de mérito; piloto, sucesivamente, de los establecimientos de Malvinas y del Río Negro; colaborador destacado en las tareas encomendadas a los Capitanes Malaspina y Bustamante, es el profesional mas respetado de esos Jefes, a los que arranca en toda oportunidad palabras de admiración".

Héctor Ratto, o seu biógrafo ocasional, déixanos dito que o intrépido Taforo *"se formó profesionalmente en la celebrada Escuela de Pilotos de Ferrol"*.

¿E queren saber vostedes, por simple curiosidade histórica, qué estaba a suceder en Ferrol nesas calendas, cando o Piloto Taforo andaba a navegar polos mares austrais?. Pois díno-lo Helena Cardona Comellas nun coidado traballo que se pode ler na **"Historia del Santo Hospital de Caridad Ferrolano"**, publicada no 1982:

"Tras la construcción de los primeros astilleros, sitos en la villa de La Graña (1700-1746), se erigen los nuevos arsenales en la ribera oriental del monte de Esteiro, quedando concluídas las obras en los últimos años de Fernando VI (1746-1759)... Entre los años 1759-1770 con Carlos III en el trono, se van a llevar a cabo las grandes obras hidráulicas, que

convertirán los arsenales ferrolanos en unos de los mejores dotados del mundo del siglo XVIII”.

Sabendo isto, non é difícil supoñer que o noso Taforo levaría nos ollos o orgulloso brillo de saberse formado ó abeiro das mellores instalacións mariñeiras que o mundo tiña naqueles tempos, e que, polo tanto, navegaría como se tal cousa polos bruantes mares que bañan aquelas aínda hoxe despoboadas terras patagónicas.

Unhas terras ás que, curiosamente, ten viaxado últimamente, nada menos que douscentos anos despois desa aventura do Taforo, un inqueda personaxe, feble de figura, forte de mente, claro na escrita, que se chama Xavier Alcalá.

Efectivamente o noso amigo e conveciño Xavier Alcalá viaxou á Patagonia en procura da historia doutro coterráneo: Antonio Soto Canalejo, nado en Ferrol, na rúa Pardo Baixo 18, un 8 de outubro de 1897. Tería pois 97 se vivise hoxe. El Antonio Soto, non vive, claro. Pero sí vive, aló na Arxentina, unha filla súa, Isabel, que garda memoria do seu pai e non ve chegada a homenaxe que Ferrol, e mesmo Galicia, lle deben a este líder obreiro da Patagonia. Unha homenaxe, sequera literaria, que xa lle vén de rende-lo Xavier Alcalá no seu magnífico libro “Arxentina”, editado por Xerais, cunha fermosa prosa que o escritor de Miguelturra e afervoadado galego de adopción militante rende respetuosa lembranza á figura deste loitador ferrolán que fuxiu da súa terra pola recruta que o levaría á guerra de África, adiantándose ó seu tempo e facendo súa a actual figura do insubmisio.

Vou a tentar seguir isa estela deixada por tantos e tantos ferroláns do alén mar máis, comprenderán polo tanto, a imposibilidade material de referírmonos a todos eles. Hainos de Ferrol, de onde son maioría. Pero tamén os hai de Neda; e de Serantes; e de Mugar dos... Atopámoslos asentados en moitas daquelas repúblicas do alén mar a onde ían recala-los nosos emigrantes en tal cantidade que non é extraño que a xenial Rosalía chegara a canta-la dorida sangría con aquelas poéticas frases de “Galicia sin homes quedas que te poidan traballar...”



Hainos de todas clases sociais: mariñeiros, comerciantes, obreiros, militares, médicos, avogados, profesores, escritores... Uns trunfan notoriamente; outros fracasan: Alguns retornan; outros morren aló. Pero todos, ricos ou pobres, ilustrados ou analfabetos, vanse sentir sempre xunguidos ó devalar histórico do atribulado país do que emigraran e ó que nunca, sin que coñeza excepción, deixaron de querer.

Quero determe para pechar este traballo, noutras dúas figuras: unha asentada en Cuba, o entrañable Xosé Fontenla Leal, o humilde obreiro litógrafo que posibilitou nada menos que a existencia da Real Academia Galega e mailo Himno Galego; e outra, afincada en Uruguai, o mestre e escritor Francisco Vázquez Cores, menos coñecido entre nós pero que deixou unha moi importante pegada das súas actividades naquelas terras.

Mais agora, antes de ir á procura da memoria destes dous beneméritos personaxes que sobresaíron nas colectividades da Habana ou de Montevideo, voume permitir unha leve pincelada sobre algunhas das figuras que van incluídas no relatorio final.

Por exemplo:

-- A de Frei Manuel Albariño, que profesou na Orde Dominicana ós 18 anos e chegou a ser prior dos dominicos. Este afamado xerarca da entón poderosa orde relixiosa axudóu co seu ponderado voto, nada menos que á instauración da independencia arxentina e a favorece-lo enfervorizado culto a Santa Rosa de Lima. Este famoso relixioso era de Neda, onde nacera no ano 1763.

-- A de don José Buceta y Figueroa, enxeñeiro-xeógrafo militar que deseñou as fortificacións defensivas dos lugares onde foi destinado. Este home, que está soterrado en Santa Cruz de la Sierra (Arxentina) -onde “no testó ni recibió los Santos Sacramentos, por haver muerto improvisadamente, el día de ayer, como a cosa de las cuatro de la tarde, por manos de lo Indios Bárbaros Enemigos”... certifica o Capellán que preside o enterro-, este home, digo, nacera en Ferrol, o ano 1775. Era irmán doutro Buceta, o famoso Coronel Don Anxel Buceta y Figueroa, que foi Irmán Maior do Santo Hospital de Caridade, institución á que el protexeu xenerosamente.

– Ou a de Xermán Martín Yáñez, un curioso farmacéutico e avogado, importantísimo na vida social de Bos Aires, pero que pasará á historia anecdótica da nosa emigración rioplatense porque foi o autor da letra dun tango, ó que lle puxo música un tal Miguel Revestido, e que tiña este galego título: “Monchiño” porque estaba dedicado á figura do aviador Ramón Franco Bahamonde, cando no 1926 culminou a súa proeza de cruza-lo Atlántico co seu famoso “Plus Ultra” e se pousou en Bos Aires. Este home nacera en Ferrol o ano 1893.

– Ou a dese tal Miguel Revestido, tamén nado en Ferrol no 1892. Non foi un “tal” calquera; porque ademais de saber música, dirixiu a Revista do famoso Centro Galego de Bos Aires, e publicou moitos libros de poesía. Pero o seu apelido non pasa a historia por eso, senón porque un fillo seu, tamén chamado Miguel, foi nada menos que Ministro de Facenda dun dos gobernos do xeneral Perón.

– ¿E diríalles algo a vostedes o nome de Francisco Suárez García, que naceu en Ferrol no ano 1821? Pois foilles o gran propulsor da cultura da gobernación de Pujol, en Corrientes, como nos lembra o seu biógrafo Alberto Vilanova. Ese home era frustrado piloto naval meritório, escritor bastante logrado, tivera que fuxir de Ferrol por liberal e masón. ¿Saben que cousas pedira, entre outras, este homiño?, pois que se equiparara o salario dos obreiros da Maestranza de Ferrol ó que disfrutaban os seus similares de Cádiz e Cartaxena.

Bueno; pois este home que regresou a Ferrol, e aquí morreu e se enterrou no ano 1900, foi o autor de “Grandal”, a novela considerada como a mais fermosa descrición das tradicións ferrolás. Foi a súa última novela. A primeira “Los guaraníes”, concebida e planeada en América, publicouna no 1861. Tiña 40 anos.

– De Mugar dos, concretamente do Seixo, onde nacera no ano 1878, era o famoso Pepe Piñeiro Gonzalez, o primeiro galego que se atreveu a voar. El foi o que asombrou ós cubanos cando, contra todo prognóstico, polo ventarrón que facía, e sabendo que estaba presente entre o público o presidente da República, conseguiu elevarse maxestuosamente sobre os ceos do campo de Columbia no seu famoso Bleirot. Era o 10 de xaneiro do 1915.

– Tamén mugar des era Norberto Fernández, que foi o primeiro pasaxeiro que inaugurou a liña aérea Río Gallegos-Bos Aires, nun avión que el mesmo adquiriu e que foi o primeiro da Patagonia. Un fillo seu, tamén aviador, morreu heroicamente cando transportaba medicamentos ó Ecuador, tralo terremoto que asolou aquel País.

– De Ferrol, eran dous homes de apelidos de resonancia histórica, que capitanearían exércitos nas terras do Plata:

- Don Juan Pardo de Cela y Vidal, nado en Ferrol no 1788, quen era fillo dun famoso mariño que morrera en Jamaica, e chegou a xeneral na Arxentina.

- Don Antonio Pardo de Andrade y Castro, tamén xefe do Exército, nado en Ferrol o ano 1848.

Remato estas breves pinceladas e, para repartir lembranzas por outro fermoso rincón da Terra de Trasancos, indo a Serantes. Porque alí naceu, no 1768, un tal Xosé Díaz Edrosa, que ós 21 anos xa estaba en Bos Aires, a onde chegara a bordo da corbeta “Río”. Aló triunfaría no comercio. Pero, sobre todo, distinguiríase na defensa de Bos Aires, formándose parte do famoso Tercio de Gallegos, co que foi ferido gravemente. Morreu ós 50 anos e está soterrado en Bos Aires.

Para pasar á última parte deste traballo, quero deixar constancia das figuras de dous inquedos ferroláns, os irmáns Novo García, ambos emigrados a Cuba, onde os atopamos a finais do século. Un deles Victorino, que fundara na Habana un periódico que se chamaba “Las Hijas de Eva”, regresando a Ferrol, sería designado o primeiro director de El Correo Gallego que fora fundado en Ferrol, por Don José Mariano Abizanda no 1878. Victorino foi tamén director do Hospital de Santiago.

Agora vou falar de Francisco Vázquez Cores. Este home era mestre e, no Uruguai, a onde emigrou fuxindo de Ferrol polas súas ideas liberais exerceu, tamén de libreiro e editor. A pegada cultural que este home deixou naquel entón floreciente país, pero aínda virxe na educación, debeu ser de tal categoría que mesmo chegou a colaborar na reforma do ensino no Uruguai. O noso paisano era pois, mestre. E

non só exerceu o seu maxisterio durante mais de trinta anos, senón que foi quen de escribir libros de Historia, Xeografía, Xeoloxía, Historia Natural e Zoografía, que foron textos oficiais nas escolas do país que o acollera. O curioso é, segundo din os seus biógrafos, que aqueles libros impuxéronse nas escolas con agrado de todos, aínda sendo *"libros simples, ingenuos, pero que realizaban un valioso cometido..."*. De modo que, siguen dicíndonos os biógrafos, *"durante cuarenta años los jóvenes uruguayos aprendieron a escribir en los cuadernos que llevaban su nombre y varios retratos suyos indicando las posturas que los niños debían adoptar al escribir"*.

No 1882, consecuenta cos seus principios de formación humanística, apoia decididamente e coa súa sinatura ó pe dun manifesto dirixido "A los españoles", o movemento abolicionista que se inicia no Uruguai contra o comercio de escravos nas Antillas Españolas.

E seis anos mais tarde, en 1888, forma parte da primeira Comisión Directiva que funda a Cámara Oficial Española de Comercio no Uruguai. Curiosamente él foi, tamén, en colaboración con outros paisanos nosos, o responsable do **"Album Montevideo-Colón"**, unha valiosa publicación conmemorativa do IV Centenario do Descubrimento de América. Paga a pena salientar esto: era o ano 1892.

E outra curiosidade histórica, por coincidencia no tempo: ese mesmo ano, o 1892, outro ilustre galego, o acaudalado Joaquín Jofre estaba facendo alí, ó outro lado do Río da Plata, en Bos Aires, unha curiosa doazón: deixaba as accións que posuía sobre o aínda daquela inacabado Teatro Jofre, a favor do Santo Hospital de Caridade. Así pois, e segundo estas notas, o noso fermoso e familiar Teatro Jofre cumpríu xa os cen anos; pois foi con esa axuda económica que o mentado mecenas entregou nesa data como doazón ó Hospital coa que se puido remata-lo Teatro.

Vázquez Cores morreu no Hospital Español de Montevideo, onde está soterrado. Na súa lembranza, non me resisto a escribir isto que deixou escrito un dos seus biógrafos, Orosman Moratorio que, moi graciosamente dínos que *"nadie podía recordarlo sin una flor en el ojal"*:

"Primero vivió para los niños, después para los hombres; siempre, a cada instante, a cada minuto, para sus amigos. Se dió todo: su inteligencia, su corazón, su voluntad, su dinero, su tranquilidad, su vejez. No le quedó nada al término de su vida. Consagró su vida a los demás, hasta que un día, en que se dió cuenta de que se había olvidado de vivir para sí mismo, murió".

Era o 2 de abril de 1914. Europa iniciaba a súa trágica e Primeira Guerra.

Por fin imos coa atractiva figura dun humilde obreiro ferrolán, que dende a Habana, onde residía dende que, sendo neno, emigrara ás Américas cos seus pais, ía ter decisiva influencia no nacemento de iniciativas culturais que hoxe son símbolos indeclinables da nacionalidade galega.

Chamouse Xosé Fontenla Leal. Naceu en Ferrol, no ano 1865. E morreu en Cuba ós 54 anos de idade, no Hospital Calixto García de A Habana, onde está soterrado. Era o 5 de decembro do 1919. O vello mundo, exangüe, estaba rematando a traxedia da Guerra Europea.

Fíxense que curiosidade histórica: Europa bátese fraticidamente no mesmo quinquenio que separa as datas da definitiva ausencia de dous galegos, e por iso mesmo europeos universais: Vázquez Cores morre en Montevideo no 1914; Fontenla Leal, na Habana en 1919.

O neno Fontenla que é levado polos seus pais a Cuba cando comeza a masiva emigración dos galegos á Illa Caribeña, apenas ten ilustración. E malia esa carencia, incorporándose axiña ós ambientes culturais cos que contactaba pola súa humilde profesión de obreiro litógrafo, o mozo ferrolán, inquedo e activo, vai a tomar axiña clara conciencia dos valores que conforman a ánima da mátria galega.

E Indubitable que Fontenla, que polo seu oficio de traballador no prelo vese mergullado nos ambientes literarios pois que mancha diariamente as súas mans na tinta das litografías, atopa un terreo abonado para enche-las súas inquedanzas culturais.

Mais non é menos certo que se neste intuitivo e xeneroso obreiro ferrolán non existiran innatas condicións intelectuais que mesmo dende a súa escasa instrucción o levaban a saber avalia-los

contidos das primeiras publicacións periódicas galegas que xa daquela xurdían en Cuba, el non houbera podido prestar ó futuro de Galicia a axuda cultural, e mesmo de resonancia política, que lle prestou.

¿Qué importa que figuras como a de Curros Enríquez ou a de Ramón Cabanillas, ou a de Castro Chané lle foran próximas por tratalas no prelo a cotío?. Tamén esas e outras sobranceiras figuras da nosa cultura literaria ou musical eran coñecidas e tratadas socialmente con máis frecuencia e relieve por outros galegos alí afincados. Pero tivo que ser el, o humilde litógrafo ferrolán, o que concebira primeiro e impulsara denodadamente despois, iniciativas culturais que logo ían callar en realidades históricamente impagables.

Foi de Fontenla a primixenia idea de funda-lo que ía se-lo xermolo da futura Real Academia Galega, hoxe realidade imprescindible, con sede na Coruña. Convenceu ó seu amigo Manuel Curros Enríquez para redactar un "Reglamento de la Asociación Iniciadora de la Academia Gallega", que se aproba no ano 1905 e bota a andar presidida polo vate de Celanova, ata conseguir que ó ano seguinte, e baixo a presidencia de Don Manuel Murguía, o ilustre viúvo de Rosalía de Castro, nacera a actual Real Academia Galega.

E foi Fontenla Leal o impulsor da creación do actual Himno Galego. Cóntanolo polo miúdo o Profesor Filgueira Valverde, o culto polígrafo que me honra axudándome a dirixí-lo Patronato Rosalía de Castro, nun libriño publicado o ano pasado e que leva este explicativo título: "**O Himno Galego: da Marcha do Reino de Galicia**" a "**Os Pinos**" de Veiga e Pondal".

Máis o que compre é salientar este feito: foi Fontenla quen rogou a Eduardo Pondal que escribise a letra e quen pediu a Pascual Veiga que lle puxese a música. E foi o propio Fontenla, despois de moitas reviravoltas, quen artellou todo o necesario para que, en honra precisamente do mestre Pascual Veiga -que morrera sen poder escoita-lo o ano anterior- se celebrara unha velada necrolóxica no Centro Galego da Habana, na que, por primeira vez na historia, sonaran con emoción as fermosas estrofas do Himno Galego, tanto tempo proscrito despois e hoxe Himno Oficial de Galicia. Era o 20 de decembro de 1907. Executouno a Banda Municipal da Habana, que dirixiu o mestre Guillermo Tomás.

Foi tamén Fontela Leal quen, con Secundino Cores, fundou e dirixiu dende 1886 a "**Revista de Galicia**".

En fin o noso paisano pasou de ser un iletrado obreiro a posuidor dunha das mellores bibliotecas galegas de América, sen dúbida a máis completa que había en Cuba. Unha valiosa xoia cultural que, por feliz decisión do seu fillo Xosé Fontenla Rizú, consérvase hoxe na Real Academia Galega, a quen lla doou na morte do seu pai.

Foi tal a categoría e consideración que na colectividade galega da Habana conseguíra o humilde litógrafo, que mereceu a honra de ser el o comisionado para acompañar, solemnemente, os restos do celebrado compositor Xosé Castro (Chané), morto no 1917, para ser soterrados en Galicia.

Outro infatigable ferrolán, coetáneo de Fontenla na emigración cubana, se chamaba Calixto Loira y Cardoso, nacera en Ferrol no ano 1840. Iste home foi a autor do proxecto do famoso cemiterio de Colón da Habana, un dos máis fermosos e grande de todo América. Insistiu no choio e non parou ata conseguir velo case rematado. Non de todo, segundo as crónicas; pero sí o suficiente como para poder recibir alí el mesmo digna sepultura.

Alí quedou soterrado para sempre, tamén como Fontenla Leal e tantos outros anónimos coterráneos que, sen a súa sona, axudaron a sementar uns ideais de amor ó país que, por necesidades de supervivencia tiveran que deixar.

Todos eles fixeron certo o proverbio que a min tanto me gusta lembrar: "*todo o que ardentemente se desexa e en conseqüilo se pon todo o empeño, antes ou despois vese realizado*".

Así era o temple dos nosos devanceiros, moitos deles mortos no empeño de soerguerse sobre a postración a que os obrigaba a adversa realidade. Somos moitos os que pensamos que nada do que hoxe se pode albiscar, no abrente da Galicia, sería posible sen as mulleres e os homes que nos precederon.

Xa dixen ó comezo que, as miñas pesquisas leváronme a topar unha manchea de ferrolterranos que, aporto a este traballo confiando en que debidamente clasificados poidan servir como un punto de partida, para contribuir á recuperación desa Memoria histórica e cultural na que anda embarcado e ilusionado de sempre o Ateneo Ferrolán, e xunto con outros moitos que non citei, merecen figurar en letras de ouro na relación de **"Xentes de Ferrol na emigración americana"**.



contidos das primeiras publicacións periódicas galegas que xa daquela xurdían en Cuba, el non houbera podido prestar ó futuro de Galicia a axuda cultural, e mesmo de resonancia política, que lle prestou.

¿Qué importa que figuras como a de Curros Enríquez ou a de Ramón Cabanillas, ou a de Castro Chané lle foran próximas por tratalas no prelo a cotío?. Tamén esas e outras sobranceiras figuras da nosa cultura literaria ou musical eran coñecidas e tratadas socialmente con máis frecuencia e relieve por outros galegos alí afincados. Pero tivo que ser el, o humilde litógrafo ferrolán, o que concebira primeiro e impulsara denodadamente despois, iniciativas culturais que logo ían callar en realidades históricamente impagables.

Foi de Fontenla a primixenia idea de funda-lo que ía se-lo xermolo da futura Real Academia Galega, hoxe realidade imprescindible, con sede na Coruña. Convenceu ó seu amigo Manuel Curros Enríquez para redactar un "Reglamento de la Asociación Iniciadora de la Academia Gallega", que se aproba no ano 1905 e bota a andar presidida polo vate de Celanova, ata conseguir que ó ano seguinte, e baixo a presidencia de Don Manuel Murguía, o ilustre viúvo de Rosalía de Castro, nacera a actual Real Academia Galega.

E foi Fontenla Leal o impulsor da creación do actual Himno Galego. Cóntanolo polo miúdo o Profesor Filgueira Valverde, o culto polígrafo que me honra axudándome a dirixí-lo Patronato Rosalía de Castro, nun libriño publicado o ano pasado e que leva este explicativo título: "O Himno Galego: da Marcha do Reino de Galicia" a "Os Pinos" de Veiga e Pondal".

Máis o que compre é salientar este feito: foi Fontenla quen rogou a Eduardo Pondal que escribise a letra e quen pediu a Pascual Veiga que lle puxese a música. E foi o propio Fontenla, despois de moitas reviravoltas, quen artellou todo o necesario para que, en honra precisamente do mestre Pascual Veiga -que morrera sen poder escoita-lo o ano anterior- se celebrara unha velada necrolóxica no Centro Galego da Habana, na que, por primeira vez na historia, sonaran con emoción as fermosas estrofas do Himno Galego, tanto tempo proscrito despois e hoxe Himno Oficial de Galicia. Era o 20 de decembro de 1907. Executouno a Banda Municipal da Habana, que dirixiu o mestre Guillermo Tomás.

Foi tamén Fontela Leal quen, con Secundino Cores, fundou e dirixiu dende 1886 a "Revista de Galicia".

En fin o noso paisano pasou de ser un iletrado obreiro a posuidor dunha das mellores bibliotecas galegas de América, sen dúbida a máis completa que había en Cuba. Unha valiosa xoia cultural que, por feliz decisión do seu fillo Xosé Fontenla Rizú, consérvase hoxe na Real Academia Galega, a quen lla doou na morte do seu pai.

Foi tal a categoría e consideración que na colectividade galega da Habana conseguíra o humilde litógrafo, que mereceu a honra de ser el o comisionado para acompañar, solemnemente, os restos do celebrado compositor Xosé Castro (Chané), morto no 1917, para ser soterrados en Galicia.

Outro infatigable ferrolán, coetáneo de Fontenla na emigración cubana, se chamaba Calixto Loira y Cardoso, nacera en Ferrol no ano 1840. Iste home foi a autor do proxecto do famoso cemiterio de Colón da Habana, un dos máis fermosos e grande de todo América. Insistiu no choio e non parou ata conseguir velo case rematado. Non de todo, segundo as crónicas; pero sí o suficiente como para poder recibir alí el mesmo digna sepultura.

Alí quedou soterrado para sempre, tamén como Fontenla Leal e tantos outros anónimos coterráneos que, sen a súa sona, axudaron a sementar uns ideais de amor ó país que, por necesidades de supervivencia tiveran que deixar.

Todos eles fixeron certo o proverbio que a min tanto me gusta lembrar: *"todo o que ardentemente se desexa e en conseqüilo se pon todo o empeño, antes ou despois vese realizado"*.

Así era o temple dos nosos devanceiros, moitos deles mortos no empeño de soerguerse sobre a postración a que os obrigaba a adversa realidade. Somos moitos os que pensamos que nada do que hoxe se pode albiscar, no abrente da Galicia, sería posible sen as mulleres e os homes que nos precederon.

Xa dixen ó comezo que, as miñas pesquisas leváronme a topar unha mancha de ferrolterranos que, apor to a este traballo confiando en que debidamente clasificados poidan servir como un punto de partida, para contribuir á recuperación desa Memoria histórica e cultural na que anda embarcado e ilusionado de sempre o Ateneo Ferrolán, e xunto con outros moitos que non citei, merecen figurar en letras de ouro na relación de **"Xentes de Ferrol na emigración americana"**.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para todos
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

BREVIARIO BIOGRAFICO

por Susana Calvo Picos



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

AGACINO Y MARTINEZ, Eugenio

Nace en Ferrol no ano 1851 e morre en Alacante no ano 1924. Ingresou no Corpo Xeral da Armada e retirouse do servizo activo, sendo capitán, para pasar ó servizo da Mariña Mercante, na que se dedicou á formación de persoal especializado. Colaborou na "Revista da Mariña". É autor de numerosas obras, case todas relacionadas coa súa profesión. Publicou traballos de carácter histórico, libros sobre trigonometría, tablas náuticas e un tratado de navegación.

ALARCÓN, Antonia

Segundo Castro y López na súa obra "Efemérides de Galicia" casou cun obreiro de Ferrol e foi decapitada na Coruña, acusada de amotina-las mulleres dos obreiros de Ferrol o 10 de febreiro de 1810. As mulleres entraron no Arsenal e mataron a paos ó xeneral Vargas, ante a impasibilidade da Garda Civil e autoridades. A cabeza de Antonia foi colocada nunha pica na alameda, fronte á porta do dique do Arsenal Militar.

ALBARIÑO, Frei Manuel

Nace en Neda, no ano 1745 e xa moi novo trasladouse a Arxentina. Profesou na Orde dos Dominicos, onde chegou a ser prior, emitindo os votos no 1781 no convento de San Domingos. Foi preceptor de Gramática, rector de Filosofía e catedrático de Teoloxía. Desempeñou o cargo de vicerrector no colexio de Santo Tomás e prior do convento de Asunción, en Paraguai, ata regresar

a Bos Aires. Este afamado xerarca da, entón poderosa orde relixiosa, axudou co seu voto ponderado, nada menos que á instauración da independencia arxentina, promovida pola postura de Cornelio Saavedra Rodríguez, e a favorecelo enfervorizado culto a Santa Rosa de Lima.

ALEJOS PITA, Federico

Nace o 30 de setembro de 1830 en Ferrol e morre en Vilalba no ano 1901. Traballou na Administración da Coruña, onde comezou a colaborar coa prensa local, sobre todo co "Diario de La Coruña", do que foi director. Nos Xogos Florais de Galicia do ano 1861, foi premiado polo seu poema "A la Religión". Destinado a Madrid escribe en periódicos como "El Museo Nacional" e "La América", entre os anos 1865 e 70. Foi director de "El Correo de Las Antillas". O longo da súa vida realizou moitos traballos sobre costumes, paisaxes, tipos, monumentos e tradicións españolas que non foron recollidos en ningún libro. Pouco antes de morrer, retirouse do periodismo.

ALONSO Y LÓPEZ, Juan

Nace en Ferrol e morre en Madrid o ano 1839. Estudou matemáticas, delineación e debuxo ata que se trasladou a Santiago e alí, baixo a protección de Chantre y Torrey pintou varios lenzos en diferentes igrexas, citados por Murguía. Dedicóuse á carreira das ciencias que rematou en París de 1802 a 1805. De volta en Ferrol é encargado polo Goberno para arranxar e clasificar unha colección de instrumentos físicos chegada de

Inglaterra para a Escola de Gardamariñas. Deseñou un enxeño para describir curvas, depositado no Observatorio de Ferrol e foi chamado para o laboratorio físico-químico dun centro de ensino do Pazo Real. Participou nos sucesos de Ferrol de 1808 e pertenceu á Milicia Urbana, durante a Guerra da Independencia.

ALONSO Y PITA, Juan Carlos

Nace en Ferrol no ano 1886. Os 13 anos emigra á Arxentina, reclamado por un parente. En Bos Aires entra a traballar na revista "**Caras y Caretas**", como recadeiro, as-censorista, etc. ata que, o seu director José Cao Luaces, tamén galego, méteo na redacción como caricaturista, chegando a ser un dos debuxantes con máis sona da caricatura política de Bos Aires. Foi director da revista e mais tarde fundou outra co nome de "**Plus Ultra**" da que tamén foi director. Destacou como pintor e pertenceu á Academia Real, sendo membro correspondente da Real Academia Galega e membro da Dirección Xeral de Escolas da Provincia de Bos Aires, onde morreu en febreiro do ano 1945.

ALONSO LÓPEZ Y NOBAL, José

Nace en Ferrol, o 2 de novembro de 1763. Foi mariño, enxeñeiro, matemático, escritor, poliglota e crítico musical, intervindo na medición do arco de meridiano. Realizou un plano xeográfico e estadístico da arquidiocese de Santiago. Foi elixido deputado polas Cortes de Cádiz de 1812 e sufríu persecución polas súas ideas liberais, coa Restauración de 1814, polo que se viu obrigado ó exilio. Volta a España en 1820, co pronunciamento de Riego e Quiroga, sendo diputado ata 1823, data na que volve ser perseguido. Escribiu e editou unha grande obra de seis tomos sobre consideracións económicas e políticas arredor da liberdade dos pobos e particulares sobre Ferrol e a súa comarca. Morre na súa cidade natal en decembro do 1824.



ALVAREZ DE SOTOMAYOR Y ZARAGOZA, Fernando

Nace en Ferrol no ano 1875 e morre en Madrid en 1960. Realiza estudos en Toledo e finaliza os mesmos en Madrid. Gaña unha beca que lle

permite ir á Academia de Belas Artes de Roma (1899), para logo trasladarse a Bélxica e recorrer Europa. De volta en España (1904), casa, e no 1907 trasládase a Galicia, recibíndo ese mesmo ano a primeira medalla da Exposición Internacional de Barcelona. Medallas de ouro en Múnic (1909), Bos Aires e Lieja (1910), en 1911/1908 decide emigrar instalándose en Santiago de Chile, onde foi director da Academia de Belas Artes. Regresa a España (1915/1913), a súa fortuna xorde cando é nomeado pintor da Corte de Alfonso XIII e retratista da alta sociedade. En 1922 é nomeado director do Museo do Prado, renunciando ó cargo ó chega-la República, para volver a ocupa-lo despois da guerra civil, sendo encargado da recuperación das obras pictóricas que o goberno da República enviara a Europa ó producirse o alzamento e que hoxe podemos contemplar no Prado. En 1938 foi nomeado alcalde da Coruña. Tamén foi nomeado director da Academia de Belas Artes de San Fernando, cargo que ocupou durante varios anos dende 1953, ano no que, en Ferrol pódese contempla-la única exposición da súa obra realizada na súa cidade natal. Pertence á escola da pintura costumista galega e tamén destacou no retrato aristocrático e da alta burguesía, materia que se viu obrigado a tratar con profusión por mor do seu cargo.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cidade
Fundado en 1879
Rúa Magdalena, 10
36201 Ferrol (A Coruña)

ANTELO LAMAS, Andrés

Nace en Ferrol o 27 de maio de 1774/1763. Enxeñeiro da Armada, ós vinte anos ingresa como aprediz de cerrallería no estaleiro, destacou como artista e reloxeiro. Construíu os reloxos das catedrais de Lugo e Santiago (1817 e 1831), e dos mosteiros de Celanova, Sobrado e Betanzos, así como o de San Xulián de Ferrol. Tomou parte no deseño das máquinas da casa de bombas de vapor do arsenal ferrolán (1796); foi director da fábrica de moeda e cordería de Xuvia; inventou as chaves de pistón para a artillería de mar; proxecta a fábrica de fusís que houbo no arsenal ferrolán (1811). As súas obras distínguense das do resto dos artesáns pola caligrafía "Antelo-Ferrol". Morre no ano 1837 na súa cidade.

ARANA Y FERNÁNDEZ, Eduardo de

Nace en Ferrol o ano 1832 e morre na mesma cidade o ano 1896. Os 13 anos ingresa como músico no Batallón Provincial de Almería e segue os seus estudos baixo a dirección de D. Miguel Sarasate. Dirixe a Banda de Mariña, en Ferrol, entre 1858 ó 61, coa que pasou a África e logo a

Cádiz. Trasladado a Cuba, en 1869, tomou parte en varias accións de guerra e deu innumerables concertos na illa, dando a coñecer as últimas novidades da música sinfónica italiana e alemá, regresando a Ferrol en 1878. Cando o 2º Centenario de Calderón é trasladado a Madrid, onde recolle grandes triunfos e no 86 solicita o seu retiro, para vivir en Ferrol ata a súa morte. Fixo o regulamento dos músicos da Mariña, introducindo no mesmo melloras sociais e dereitos pasivos.

ARENAL, Concepción

Nace en Ferrol no ano 1820 e foi bautizada en San Xiao. Queda orfa de pai ós 9 anos e vaise coa súa familia a vivir a Madrid. De formación autodidacta adicou a súa vida á reforma social, en especial a mellora-la situación obreira, á reforma do sistema penitenciario e á defensa dos dereitos da muller, chegando a ser Secretaria Xeral da Cruz Vermella Española. Logo da aparición dos seus libros "La Beneficencia, La Filantropía y La Caridad" e "Manual del Visitador del Pobre", a súa sona traspasa as fronteiras. Fundou con Antonio Guerola a revista "La Voz de La Caridad", na que publicou mais de 500 traballos toda a súa produción literaria é sobre estudos de ciencia penitenciaria e sobre a situación da muller, tentando crear un ambiente social favorable para a beneficencia e a xustiza. Durante o reinado de Amadeo I e na 1ª República desempeñou o cargo de Visitadora Xeral de Prisións de Mulleres que o goberno creara especialmente para ela. Morre en Vigo no 1893, sen ter saído nunca de España, aínda que nos congresos científicos sobre delito penal de Roma, Estocolmo, San Petesburgo e Amberes tivera reservado sitio de honra contando coa súa presenza.

AREVALO RODRÍGUEZ, Joaquín de

Nace en Ferrol o ano 1882. Os seus traballos periodísticos repartíronse por América e Galicia. Foi fundador dos semanarios ferroláns "El Merlo" e "Ferrol grotesco" e colaborou asiduamente nos xornais "El Correo Gallego" e "Diario Ferrolano". Escribiu teatro, novela e poesía. Morre na súa cidade en xaneiro de 1939.

BALÁS SILVA, Emiliano

Nado en Ferrol no 1859, na súa xuventude estudará Medicina para máis tarde marchar a Sevilla a estudar na Academia de Belas Artes. O longo

da súa carreira artística participará en numerosos certames, obtendo diversos premios. Dentro dos temas que trata na súa pintura con máis asiduidade figuran os bodegóns, alegorías, paixase, pero sobre todo destacan as súas pinturas de flores e animais. Exerceu ademais dentro do mundo artístico como crítico. No senso político Balás foi membro do Partido Liberal, concelleiro na etapa do alcalde Antonio Usero, formou parte da Liga de Contribuyentes e en 1929 foi presidente da Cámara Oficial da Propiedade. Como membro do Ateneo Ferrolán ficará sendo o seu presidente, ademais de figurar como socio de honra do Real Coro Toxos e Froles. Ademais do seu labor como conferenciante e pintor, á idade de 40 anos inicia a súa tarefa como escritor, cultivando a poesía e o teatro, deixando unha non pouco importante obra. No momento da súa morte, ocorrida en Ferrol no 1934, Balás era ademais membro da Real Academia Galega e das Irmandades da Fala.

BALEATO, Andrés

Nace en Ferrol o ano 1766/1776. Ingresna na Escola de Pilotos da Armada e o ano 1799, logo de varios destinos pasa a Lima (Perú), onde é nomeado director da Escola de Náutica, correndo con diversas comisións hidrográficas e levantando cartas daquel país. Confeccionou os mapas de Trujillo, do Reino de Chile e de El Callao. Regresa a España cando estala a guerra de Liberación de 1822 e permanece en Cádiz ata o 34. Realizou diferentes publicacións relacionadas coa Topografía.

BALEATO, José María

Nace en Ferrol no ano 1743. Artesano nos estaleiros, desenvolve o seu labor como mestre de Cerrallería e Fundición, no ano 1785 marcha a Londres, por Real Orde, para estudia-los instrumentos náuticos, matemáticos e astronómicos de Ramsden. O seu regreso foi encargado de forma-lo primeiro obradoiro de instrumentos náuticos do Departamento de Ferrol, chegando a ocupar o cargo de director do mesmo.

BARCÓN Y QUEVEDO, Francisco

Emigrrou a Cuba moi novo, labrou unha gran fortuna e voltou a España ós 34 anos, mercando en 1871 a antiga Fábrica de Moeda de Xuvia. En 1875 comeza a funcionar como industria textil.

BAZARES ABELEDO, Nicolás

Nace en Xuvia o ano 1780 e morre en 1857. Sacerdote culto e activo, de ideas progresistas, foi deputado polas Cortes de Cádiz. Organizou guerrillas contra Napoleón, participando nelas á fronte dos seus feligreses nos encontros de Cuntis, Pontevea e Quireza. Identificouse co seu pobo, estudiando os seus costumes no campo etnográfico e folklórico recopilando notas arredor dos bailes, vodas e outros costumes da Terra de Montes, Cotobade, Moraña e Cuntis. Asimesmo recolleu a linguaxe gremial dos canteiros en "Latín dos canteiros o arxina", manuscrito que hoxe se conserva na Biblioteca Nacional.

BELLO PIÑEIRO Felipe

Naceu na parroquia de Franza (O Seixo), concello de Mugar dos no ano 1886. E o máximo representante do impresionismo galego. Coursou estudos de bacharelato na Escola de Artes e Oficios de Ferrol e na Escola de Belas Artes de San Fernando en Madrid. Foi compañeiro de Castela, Imeldo Corral, Seixo Rubio, etc. O Seixo e a súa comarca constitúen o escenario das súas paisaxes neoimpresionistas, estéticamente logradas. Realizou exposicións en Madrid e Galicia particularmente celebradas pola maioría da crítica. En 1929 participa en exposicións celebradas en Bos Aires e Montevideo con óleos e acuarelas. Cultivou tamén o campo das letras, o traballo Cerámica de Sargadelos, editado en 1922 é indicativo da súa tarefa

literaria. Foi académico correspondente da Real Academia Galega dende 1928. Finou no Seixo no ano 1952.

BERMÚDEZ DE CASTRO, Roque

Ferrolán que, a fins do século XVIII, chegou a ser presidente da Audiencia de Nova Galicia, en Guadalaxara, México.

BLANCO PAZ, Antonio

Nace en Santa María de Neda o 19 de febreiro de 1890. Ingresou na Armada en 1906, exercendo de mariño e contramestre; estivo a bordo do Nautilus. Durante a República -1931- pasou a retiro extraordinario e a comezos da guerra civil é nomeado alcalde de Porto Real (Cádiz). Reingresa na Armada e morre no ano 1965.

BUCETA Y FIGUEROA, Angel

Militar natural de Ferrol, onde morre o ano 1836. Durante a invasión dos franceses estivo no exército do Marqués de la Romana e na defensa de Astorga, onde foi feito prisioneiro. Perdeu a man esquerda en acción de guerra, foi ferido no motín do cárcere de Ferrol, no que morreu o xeneral Vargas. O seu retiro da vida militar dedicouse de cheo á reconstrución do Hospital de Caridade de Ferrol, conseguindo salvarlo da ruína. Buceta era solteiro e outorgou testamento no que deixaba todo o seu patrimonio ó Hospital de Caridade.

BUCETA Y FIGUEROA, José

Naceu en Ferrol, no ano 1775. Enxeñeiro e xeógrafo militar, deseñou as fortificacións defensivas dos lugares onde foi destinado. Morreu a mans dos indios chiriguano, en Bolivia, segundo o capelán que presidiu o seu enterro en Santa Cruz de la Sierra (Arxentina). Era irmán de D. Angel Buceta, Irmán Maior do Santo Hospital de Caridade.

CAAMAÑO Y PARDO, Juan José

Nace en Ferrol no ano 1761 e morre en Madrid o ano 1819. Foi Conde de Maceda e Grande de España. Escribiu moitas obras de pesca, mariña e sobre temas económicos, especialmente os tributarios. Xestionou a apertura do porto de Ferrol ó comercio marítimo. Instalou e dirixiu diversas manufacturas. Dentro dos economistas ilustrados galegos, caracterízase polas súas frecuentes consideracións teóricas e a preocupación polos problemas da facenda pública. O seu pensamento económico parte de considerala produción e a produtividade do traballo como base da riqueza nacional. Propón a promulgación dunha contribución única e a supresión das imposicións "miúdas e arbitrarias" que só serven para aumenta-lo número de rendistas. En canto o seu pensamento político, Caamaño será un home defensor do absolutismo e inimigo dos guerrilleiros liberais.

CABO PASTOR, Francisco

Escritor e médico ferrolán nacido o ano 1872. Destacou, a primeiros de século como colaborador da prensa liberal e republicana. A súa actitude anticaciquil faino partidario da emigración, postura que cambiaría ó producirse a avalancha agrarista de "Acción Gallega". En 1908 publica

"**Despertad gallegos**" e a partir de 1916 incorporárase ó movemento galeguista, utilizando con frecuencia a lingua galega e loitando a prol da autonomía das institucións de Galicia. Ten realizado diversas publicacións, e na colección "**Céltiga**" escribiu a novela "**Sempre noiva**". Morreu á idade de cento un anos, no 1973.

CALVO, Genaro Joaquin

Mestre galego afincado en Montevideo, exerceu a docencia durante a segunda metade do século XIX. Estivo vinculado estreitamente á Reforma da Educación realizada en Uruguai por José Pedro Varela en 1876. En 1879 formou parte do grupo fundador do Centro Galego de Montevideo. Foi colaborador de "**El Eco de Galicia**", semanario liberal no que publicou importantes artigos sobre a historia e literatura galegas.

CAMINO SIGUET, Alberto

Fillo de granadinos, nace en Ferrol no 1820, morrendo en Madrid, os corenta anos, no 1861. Debido á profesión do seu pai recorre media España antes de establecerse en Santiago definitivamente para estudar Dereito. Comeza a exercer a súa profesión da cidade compostelá ata que se traslada a Madrid para traballar como forense, volvendo máis tarde a Ferrol. Xa na súa época de estudante comeza a desenvolver-lo o seu labor literario, colaborando en diversas publicacións galegas, nacionais e internacionais, ó longo da súa vida e que lle permitirá figurar como membro da Academia Literaria e Artística de Santiago. O xénero cultivado por Camino será a poesía, tratando tanto temas de amor como tamén costumistas.



CANALEJAS MENDEZ, José

Nace en Ferrol, no ano 1854, considerado neno prodixio os once anos é correspondente político da prensa co pseudónimo de "**El Cantor de Mugardos**". Fai os seus estudos de Dereito e Filosofía en Madrid. Funda-

dor de "**El Demócrata**" e director do "**Heraldo de Madrid**". Decano do Colexio de Avogados de Madrid, presidente da Real Academia de Xurisprudencia e do Ateneo de Madrid. Estivo afiliado

ó Partido Republicano no ano 1880. Foi ministro de Fomento e de Gracia e Xustiza no período 1888-90 con Sagasta como presidente do Goberno. Mantívose á marxe de conservadores e liberais liderando un pequeno grupo de deputados. De novo con Sagasta é chamado para leva-la carteira de Facenda (1894-95). O seu programa político fixo consideralo como xefe dun grupo liberal de esquerdas o que levou a que se lle acusara de tendencias socializantes. En 1902 é nomeado ministro de Agricultura e trala morte de Sagasta é elixido presidente do Congreso (1905) e xefe do grupo liberal de esquerdas. No ano 1910 co rei Alfonso XIII é xefe do Goberno mais non é quen de atraer a republicanos e socialistas, nin de evitar graves conflitos sociais. Morre asasinado mentres paseaba pola Porta do Sol en Madrid cando ollaba unha librería, no ano 1912, polo ferrolán anarquista Manuel Pardiñas.

CARBALLO CALERO, Ricardo

Naceu en Ferrol no ano 1910 e morre en Santiago o ano 1990. Alumno de Manuel Comellas Coimbra iniciábase da man deste no galeguismo. Aínda que en principio se prepara para a Escola Naval, moi cedo se da conta de que o seu son as letras. Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago e doutor con Premio Extraordinario nesta última, o seu labor académico non lle impediu realizar un gran labor dentro e fóra das aulas. Colabora xunto con L. Tobío na elaboración do primeiro proxecto de Autonomía para Galicia e máis tarde na elaboración definitiva do Estatuto da II República. Membro do Partido Galeguista dende a súa fundación, cando estala o alzamento atopase en Madrid preparando a oposición á cadeira de bacharelato e alístase como miliciano no bando republicano. Cando volve a Ferrol no ano 1941 faino en liberdade condicional e afastado do ensino como funcionario, polo que orienta a súa vida ó ensino privado. No ano 1956 beneficiábase dunha amnistía e logra reingresar no ensino público en Santiago. No ano 1972 foi catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía da Universidade compostelá. Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro numerario da Real Academia Galega e conselleiro do Instituto da Língua Galega. Dende novo entra en contacto cos mestres do Grupo Nós, colaborando na revista do mesmo nome. As súas primeiras publicacións foron libros de poesía, xénero que sempre cultivou; asimesmo aportou moitas e boas obras á narrativa e ó teatro galego. A súa obra científico-

filolóxica e dunha grande importancia na historia da nosa cultura.

CARRANZA Y REGUERA, Ramón de

Nace en Ferrol en 1863 e morre en Cádiz o ano 1937. Gardamariña ten varios destinos nas Antillas, sendo ascendido a contralmirante en 1909. Alcalde de Cádiz de 1927 a 1931 e senador pola mesma cidade e deputado por Cádiz en 1933 e 1936. Cando o levantamento militar apúntase ó bando franquista. Foi nomeado alcalde de Cádiz en xullo-agosto do 36. O estadio e trofeo de balompé que levan o seu nome foron inaugurados en 1955.

CARVAJAL DE CASTRO Y MONTENEGRO, Pedro

Nace en Ferrol o ano 1843. Estudiu a carreira de avogacía que exercería en Madrid ata a súa morte que sucedeu o ano 1887. Home de inmensa fortuna, morre solteiro, deixando establecida unha pensión vitalicia para a súa madrastra e herdeiros usufrutuarios ós seus tíos. Os seus bens raíces da comarca de Ferrol déixaos legados á Beneficencia de Ferrol, e os doutros municipios, Narón, Coruña, Madrid... ás respectivas beneficencias municipais. Entre as diferentes propiedades de Ferrol figura o edificio da rúa Madalena, hoxe convertido en local social do Ateneo Ferrolán.

CASANOVA, Carolina

Cantante de ópera ferrolá, que utilizaba o nome de Carolina de Cepeda, apelido do seu home e mestre. Actuou co famoso Gayerre, no Teatro Real de Madrid, así como en varios teatros líricos de Europa. Francisco Lanza dí que destacou sobor de todo na interpretación de Aida, La Africana, e Los Hugonotes. Morre en Madrid no ano 1910.

CASTILLO-ELEJABEYTA, Dictinio de

Nado no ano 1906, morre en Alemaña no 1987. Licenciase en Dereito na Universidade de Santiago, máis tarde cursa estudos de Filosofía e Letras na de Murcia, ingresando logo na Armada. Exerce de profesor de instituto, ademais de atenderlo departamento de Filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade de Murcia. Ata a súa morte residirá na Alemaña onde desempeñara o cargo de lector de Lingua e Literatura Española na Universidade de Wüezburgo. Amante da Lite-

ratura escribe unha serie de libros ,algúns en prosa e a maioría en verso.

CASTRO PIÑEIRO, Juan José

Nace en Santa María de Neda en 1864 e morre en Bos Aires no ano 1942. Emigra a Montevideo en 1870, onde estudia violoncelo e logo trasládase a Bos Aires como instrumentísta das orquestras teatrais. Participa na fundación da Sociedade Musical de Mutua Protección, da que nacerían as primeiras orquestras sinfónicas arxentinas. Foi un constructor de arcos de sona internacional, contando entre os seus clientes con Pau Casals, Jascha Heiftetz e Fritz Kreisler. Os seus fillos José María, Juan José, Luis Arnaldo e Washington son figuras fundamentais da música arxentina no século XX, especialmente Juan José, un dos grandes compositores latinoamericanos do noso século.

CASTRO RIVERA, Ramón

Debuxante nacido en Ferrol o ano 1870. Emigrou de moi novo a Arxentina, morrendo en Bos Aires o ano 1923. Dedicouse fundamentalmente ó debuxo e as súas actividades artísticas foron principalmente a orla e o pergameo. Colaborou en numerosas revistas: **La Nación, Caras y caretas, PBT, Fray Mocho, Papel y Tinta, Tipos y Tipetes, Vida Moderna, El Gladiador y La mujer.**

COMELLAS COIMBRA, Manuel

Escritor e pedagogo nacido en Ferrol o ano 1853, morre na súa casa de campo, en Mandiá, o ano 1925. Dedicouse ó ensino privado e dirixiu o colexio Sagrado Corazón de Ferrol durante máis de tres xeracións. Colaborou en diferentes periódicos galegos: en "**La Semana**" da Coruña, e no "**Heraldo Gallego**" de Ourense, periódico dirixido por Valentín Lamas Carvajal. En 1899 encargouse da dirección de "**El Correo Gallego**". O seu polifacético labor contén moitas obras publicadas de diferente temática. Manuel Comellas figura como autor dramático galego pola obra "**Pilara**", obra en prosa de seis actos editada e estreada no teatro Jofre de Ferrol en agosto de 1918.

CONTRERAS Y FERNANDEZ DE LARA, Luis

Nace en Ferrol o ano 1815 e morre en Barcelona en 1896. Director de bandas militares e mestre

compositor de varias obras musicais. Estudia música con Rafael Salazar na antiga Academia de Gardamariñas. Participa na guerra carlista ata o convenio de Vergara e como músico do Rexemento de Castela concorre á guerra de Marrocos en 1859. Deixou publicadas obras de moito éxito e gran cantidade delas inéditas.



CORRAL Imeldo

Nace en Ferrol no ano 1889 e morre en 1976 na súa cidade. Tivo que abandonar os estudos por enfermidade e comezou a realiza-los seus primeiros debuxos en Madrid e a manexa-la técnica do óleo, o pastel e a acuarela. Tamén fixo fi-

gura e copia no Museo do Prado. De volta en Ferrol dedicóuse a pintar recorrendo toda a comarca, en especial as zonas da Frouxeira e Cobas. Celebrou a súa primeira exposición no Centro Galego de Madrid, xunto con Sotomayor e Llorens, comezando unha actividade contínua, que xa non abandonaría, chea de exposicións por toda a xeografía española. Tomou parte en varias exposicións celebradas de Galicia en América, xunto con Bello Piñeiro. A súa última exposición tivo lugar na Feira de Mostras de Ferrol, no ano 1964. Na súa obra, máis de dous mil cadros, destaca a paisaxe e as mariñas e está repartida por museos de toda España, Europa e América. Tamén era un apaixonado da construción de pitilleiras, boquillas, cofres, etc, nas que empleaba madeiras finas.

CRESPO Y BORBON, Bartolomé (Creto-Gangá)

Nace en Ferrol no ano 1811 e de moi novo emigra a Cuba, en 1823. Alí fixo estudos de Dereito e Medicina e, moi pronto, dedicóuse xa totalmente á literatura. Destacou pola súa produción como escritor e periodista, baixo o pseudónimo de "**O caricato havanero**". "**El gallego que llega a despuntar vale por cien**" é unha comedia feita por Bartolomé. Baixo o pseudónimo de Creto Gangá, escribiu tentando asumir-la personalidade do negro e leva-la ó teatro. Estudiu o crioulo bozal, o castelán dos negros de Cuba e os seus descendentes, escribindo unha chea de comedias de teatro, moi críticas e polémicas contra a sociedade cubana, adquirindo moita popularida-

de entre as clases baixas, como Creto-Gangá, e moita xenreira entre os membros da oligarquía pola simpatía que espertaba nos escravos. Morreu pobre e esquecido na Habana, o ano 1871.

CUETOS Y CASTRO, Olegario de los

Nace en Ferrol o ano 1795 e morre en Madrid en 1844. Senta plaza de gardamarina en Cádiz o ano 1809, destacando en accións de guerra contra as tropas francesas, que mantiñan o sitio da illa gaditana, e logo no bloqueo de Cartagena de Indias no ano 1815. Retirado do servizo activo, entra en contacto con sociedades secretas comprometidas cos ardentes revolucionarios, o cal lévalle a solicita-lo reingreso na Armada o ano 1822/1821. Destinado na Habana e Veracruz, cando os franceses invaden España no 1823, Cuetos volta a España para defende-los principios liberais que profesaba mais, cando chega a Xibraltar, xa Fernando VII recobrou o poder absoluto, e por aparecer comprometido cunha loxia masónica foi condenado pola Audiencia á última pena. Foxe a Francia e Inglaterra, para voltar en 1832, por mor dunha amnistía decretada, instalándose en San Fernando e reingresando de novo na Armada. Alvarez Mendizábal nomeouno para a Secretaría de Estado e retírase no 1836. Cuetos figurou sempre nas esquerdas do partido constitucional, sendo elixido deputado para o Congreso no ano 1837. Reelixido deputado por Cádiz en 1843 é nomeado ministro da Armada no goberno de Alvaro Gómez Becerra e dimite ó pouco por problemas de saúde.

CUPEIRO VAZQUEZ Bieito

Naceu en Barallobre (Fene) no 1914. Exerceu de mestre na súa bisbarra ata 1936 en que se trasladou á República Arxentina. En Bos Aires incorporouse á Federación de Sociedades Galegas, onde desenvolveu unha intensa actividade. Foi presidente da Irmandade Galega, institución fundada por Castelao para manter ergueitos os dereitos e a representación de Galicia. Colaborou no traballo político e cultural das forzas democráticas e nacionalistas galegas na Arxentina, dende a prensa, a radio e as diversas institucións que presidiu ou promoveu. No ano 1961 foi nomeado membro do Consello de Galiza, chegando a ocupar a Secretaría Xeral. Foi tamén conferenciante e profesor de Historia de Galicia. Morreu no ano 1993.

DIAZ BALIÑO, Camilo

Nace en Ferrol no ano 1889 e morre asasinado, na madrugada do 14 de agosto de 1936. Foi, dende os anos 20 ata a súa morte, o máis importante escenógrafo e un dos máis destacados artistas gráficos de Galicia. Traballou como delineante para a Deputación provincial e o concello compostelano; director artístico da empresa Fraga, de teatro e espectáculos, tendo taller en Santiago e Madrid. Fixo infindade de decoracións para o teatro galego e viaxou por Sudamérica. Colaborou coas coleccións **Lar e Céltiga**, **A Nosa Terra**, **Vida Galega e Nós**, entre outros. En 1929 publica "**Conto de guerra**" e algúns poemas en **A Nosa Terra**, órgano oficial das Irmandades da Fala e logo do Partido Galeguista. Realizou moitos carteis e murais para diferentes lugares e varias exposicións de óleos e un cartel, á tempera, para unha mostra de Castelao. Moita da súa obra consérvase en museos galegos e, en Bos Aires, o orixinal dun álbum no que debuxou os seus compañeiros intelectuais, dirixentes políticos e obreiros, cando estivo na prisión de Santiago, antes de ser fusilado. Casou en 1909 e tivo tres fillos, un deles o coñecido artista, intelectual, investigador e dinamizador da fábrica de Sargadelos, Isaac Díaz Pardo.

DIAZ BALIÑO, Indalecio

Nace en Ferrol o ano 1896 e moi novo trasládase a Coruña. A súa formación básica recíbea na Escola de Artes e Oficios. Participou en moitas exposicións, levando un grande número de distincións, destacando en Madrid, Bos Aires, no ano 29, e na Exposición Internacional de Barcelona e na Ibero-Americana de Sevilla. En 1946 é nomeado académico da Real Academia de Belas Artes da Coruña. Foi profesor de Modelado, delineante e ocupou a dirección da Escola de Artes e Oficios da Coruña ata a súa morte, ocorrida no ano 1952. Díaz Baliño foi un dos escultores galegos máis solicitados. De ideoloxía conservadora e simpatizante co Alzamento de 1936, alístase nos "Caballeros de La Coruña" para, libre de sospeitas, protexer ó seu sobriño Isaac Díaz Pardo, herdeiro da vocación do seu pai Camilo, perseguido pola represión franquista.

DIAZ GARCIA, Gumersindo

Natural de Doniños, onde nace o ano 1893, foi perito agrimensor e membro da Real Academia Galega (1953). Obtivo galardóns en numerosos

certames literarios en Galicia, Costa Rica e no Instituto da Cultura Americana. Foi correspondente do **Faro de Vigo**. Publicou *El jardín de los romances*, en 1944, e conta cunha importante cantidade de libros inéditos, sen publicar, en idioma galego, así como en castelán.



DIAZ GONZALEZ, Vicente

Debuxante e pintor, naceu o pasado século en Ferrol e colaborou en varias publicacións, especialmente no *Almanaque Gallego*, de Bos Aires. Foi profesor na Escola de Artes e Oficios de Ferrol.

Participou en moitas exposicións. Nas súas obras destacan os retratos de Chané, Curros, do xeneral Comerma, a condessa de Espoz y Mina e Concepción Arenal, este atópase na Deputación ourensana e foi base da emisión de selos coa efixie da pensadora ferrolá. Destacou polas súas miniaturas, na exposición organizada en Madrid polo periódico *Heraldo de Madrid*, onde presentou unha miniatura en marfil de Eduardo VII de Inglaterra. Morre na súa cidade o 7 de xaneiro de

DIAZ EDROSA, José

Nace en Serantes no ano 1768. Os 21 anos estaba en Bos Aires, onde chega na corbeta "Río". Destacaría no campo do comercio e na defensa de Bos Aires no famoso **TERCIO DE GALLEGOS**, do que formaba parte, sendo ferido gravemente. Estivo ó mando dunha flota no río Paraná. Morre ós 50 anos sendo soterrado na cidade pola que entregou a sua vida.

DIAZ ROBLES, Domingo

Militar e escritor, nace en Ferrol o ano 1812. De moi novo dedicouse ó estudio da literatura e da historia do seu país, pero en 1836 abraza a carreira das armas e participa na guerra carlista. En 1840 é destinado a Santiago e comeza a súa grande actividade no campo literario. Funda e dirixe a revista *El Idólatra de Galicia*, revista semanal e un dos periódicos máis representativos do provincialismo; publica numerosas poesías e artigos na prensa, de diferentes temáticas. Realizou unha colección biográfica da xente máis notable de Galicia, da que só apareceron dúas

entregas de 47 páxinas. O escritor Barros Sivelos insinúa a posibilidade de que o resto dese material fóra aproveitado por Murguía, para a súa Historia de Galicia, xa que toda a documentación de Díaz Robles, cando morreu pasou á súa propiedade. Isto aconteceu en Madrid en abril de 1867.

DOMINGUEZ DURAN, Antonio


Formou parte da Xunta de Goberno que destituíu ó Vicerrei, participando nas loitas pola independencia da Arxentina.

DORAL Y ANUCIBAY, Antonio

Segundo Montero Aróstegui, nace en Ferrol o ano 1788. Faise gardamariña no ano 1803. Toma parte en diferentes combates contra a invasión dos franceses: Trafalgar, Astorga, Tordesillas, Lugo e San Sebastián. Participa no pronunciamento de tropas de Díaz Porlier, en 1815, a favor do restablecemento da Constitución de 1812, motivo pol cal estivo preso no castelo de San Antón e xa en liberdade participa no levantamento do bloqueio ó porto do Callao, en Norteamérica. Destinado en Galicia levantou planos e cartas das rías de Arousa, Vigo, Muros e Pontevedra. Estando en Ferrol, foi designado deputado e senador do Reino e nos anos 51 e 53 foi nomeado ministro da Mariña. Morreu en Madrid, en xuño de 1855.

ESCARIO, José Salustiano

De Ferrol, exerceu de párroco en Valdoviño e posteriormente ocupou o cargo de ministro no Tribunal da Rota. E autor dunha oración fúnebre á memoria de Díaz Porlier (A Coruña, 1820), na que se inclúe unha explicación histórica das circunstancias políticas que levaron á execución do citado militar.



ESQUIO Fernando

Vivió durante a metade do século XIII e parte do XIV. Trobador e compositor na corte do rei Sabio, Alfonso X, as súas orixes indican sen dúbida que procede da zona

de Xuvia. Na igrexa de San Nicolás de Neda hai unha lápida que corresponde a Diego Esquio, do que se dí era fillo de Fernando. No mosteiro de

San Martiño do Couto hai documentación sobre a familia Esquio, de varios membros que ocuparon diferentes cargos eclesiásticos e civís na comarca, familia que emparentaría coa da Casa de Mandiá. Afonso Esquio, xuíz do Couto, en Xuvia, foi privilexiado polo rei Alfonso XI, por mor do seu proceder na batalla de Alxeciras, concendéndolle ó concello de Neda a exoneración de impostos e trabucos polas mercadorías transportadas polas costas fluviais e marítimas do interior da ría ferrolá. Fernando Esquio foi un dos trobadores mais destacados da lírica galega. Da súa obra quedannos testemuñas, que mostran a súa calidade, nos cancioneros da biblioteca Vaticana e no Colucci-Branchutti como aquela Cantiga de Amigo que comeza: "*Vaiamos irmana, vaiamos dormir, | nas ribas do lago, u eu andar vi | a las aves meu amigo*".

ESTRADA ARNAIZ, Rafael

Mariño e escritor nacido en Ferrol o ano 1884. Navegou por toda Europa; participou nos sucesos de Casablanca en 1907. Estivo destinado en África, especializouse en Hidrografía e levantou cartas das rías galegas e das costas marroquinas. En 1936 súmase á rebelión militar, ocupando diversos cargos. Dedicado ós estudos da moderna astronomía náutica e hidrográfica representou a España en diferentes conferencias e congresos internacionais (Mónaco, 1929), (Lisboa, 1931), (Oporto, 1943)... E autor de moitos traballos publicados sobre desa temática. Perterencia á Real Academia Hispanoamericana de Ciencias e Artes de Cadiz; á Real Academia de Ciencias e á Real Academia Española, na que ingresa en 1945. Estrada morre en Madrid en outubro de 1956.

ETCHEVARRIA BRAÑAS, Salvador

Nace en Ferrol o ano 1894 e morre en Francia o ano 1957. Durante a súa vida exerceu diferentes cargos políticos. Foi cónsul en Veracruz, embaixador en Guatemala e México e ministro de Información e Propaganda e Arquivos en París.

EULATE FERRY, Antonio

Mariño nacido en Ferrol en xuño de 1845. Estivo destinado en Filipinas, Cuba e Nova Orleáns. En 1872, contribúe a sufoca-la sublevación do arsenal ferrolán. En 1873, á proclamación da I República, o goberno confíalle varias misións, contra a insurrección do arsenal da Carraca e no Cantá-

brico contra as tropas carlistas para máis tarde voltar a Ultramar, estando varios anos na Habana. Participou no proceso de emancipación das Antillas, loitando contra os Estados Unidos en 1898 no combate de Santiago de Cuba. Home tamén de letras, Eulate colaborou en diferentes publicacións. Segundo a súa filla, a escritora Carmen Eulate Sanjurjo, diante dos seus subordinados galegos falaba sempre na súa lingua. Morre en Barcelona en marzo de 1932.

EZQUERRA DEL BAYO, Joaquín

Xeólogo nacido en Ferrol o ano 1793. Especializado en matemáticas en Zaragoza, entra na corte de Carlos IV e no 1810 pasa a Francia, onde permanece varios anos. De volta en España estudia debuxo na Academia de San Fernando e en 1822 titúlase na Escola de Enxeñeiros e Camiños e realiza o nivelado dende Burgos a Reinosa para o proxecto de canalización do Ebro. Nos acontecementos políticos de 1823 é desterrado a Madrid. En 1826-27, dirixe unha fábrica de cristal en Aranzueu e, en 1828 levanta o plano das minas de Riotinto para a Dirección Xeral de Minas e un ano despois o proxecto de conducción de augas a Madrid, dende o Lozoya. En 1839 desempeña a cátedra de Física do Conservatorio das Artes, académico de Ciencias Naturais e individuo de mérito das Sociedades Xeolóxicas de Londres e París. Publicou numerosos traballos sobre Xeoloxía e estudos minerolóxicos e é autor do libro Pasatiempos literarios. Morre en Tudela, Navarra, en agosto de 1859.

FERNANDEZ, Norberto

Nace en Mugardos polos anos mil oitocentos e pico. Foi o primeiro pasaxeiro que inaugurou a liña aérea Río Gallegos-Bos Aires, nun avión adquirido por el mesmo e que foi o primeiro avión da Patagonia. Un fillo de Norberto, tamén aviador morreu heroicamente cando transportaba medicamentos tralo terremoto que asolou O Ecuador.

FERNANDEZ VARELA, Manuel

Orador sacro e mecenas nace en Ferrol o ano 1772. Cursa filosofía na Pobra do Caramiñal e no 96, con beca da Facultade de Teoloxía, ingresa no Colexio de Fonseca, onde chegou a ocupar o cargo de rector. Sacerdote en Sada (1803), o Rei nomeouno prior de Acoba e deán de Lugo (1807), comezando unha carreira que o levaría a ocupar diferentes cargos eclesiásticos. Pertencía á Aca-

demia de Belas Artes de San Fernando e á Academia de Historia. Fixo de mecenas de músicos, encargando ó mestre Rossini a obra relixiosa, o mundial e famoso "Stabat Mater", composto para interpretar exclusivamente na súa capela. O seu labor como tribuno sagrado quedou impresa en infindade de publicacións. Víctima do cólera morbo, morre en Madrid en setembro de 1834. A meirande parte da súa fortuna, tal e como dispuxo no testamento, foi distribuída entre os pobres e mailo Hospital de Caridade de Ferrol, do que era irmán maior perpetuo. Foi protector do colexio Fonseca e realizou donativos a favor do Escorial, da catedral de Ourense, Academia de Belas Artes...



FERRER DE COUTO, José

Nacido en Ferrol no ano 1820 alístase na Mariña ós 14 anos de idade nunha columna de ínfantería que se organiza na cidade para combater ós carlistas. Logo de participar en varias contendas contra os carlistas e, ó ver que o exército entrométese na vida política ó principio do reinado de Isabel II, dedícase a escribir longos tratados de historia militar ata que, co gallo da insurrección (1852) do xeneral Narciso López en Cuba, decide trasladarse alí, chegando a loitar durante tres anos contra os rebeldes. Como bon coñecedor do tema escribe tratados sobre a independencia cubana e a presenza de España en América. Foi cofundador do periódico, órgano do Exército e da Armada "El Honor" (1862). Trasládase a Nova Lorque e á morte do, tamén ferrolán, Manuel de la Peña y Cagiao foi nomeado director do xornal "La Crónica de Nueva York", cambiándolle o nome polo de "EL Cronista", para evitar paga-las débedas do mesmo e, ó parecer sen darlle compensación económica ningunha ós herdeiros de De la Peña. En "El Cronista" vaise a erixir en defensor da causa dos negros no conflito racista e bélico dos Estados Unidos. Por mor desta postura, moi pouco popular no Leste, sofre un atentado que lle custa a vida no ano 1877. Ferrer tivo o recoñecemento do seu labor, por parte de España, coa entrega da Cruz de Carlos III e de Isabel la Católica e o seu busto figura nos corredores do Congreso en Washington.

FERROL, Juan de

Aparece como piloto de Vasco Núñez de Balboa no descubrimento do "Mar do Sur" ou Pacífico en 1513.

FLOREZ FREIRE, Juan

Nace en Ferrol o ano 1799 e morre en 1870. Cursa estudos en Ferrol e ingresa na Mariña, navegando por toda Europa e América, participando en diferentes accións de guerra, ata 1834. Colaborou coa Comisión Hidrográfica, na rectificación de planos das costas galegas. No ano 1846, ano da revolución encabezada por Solís, ocupa a Alcaldía da Coruña; organizando unhas subscripcións de axuda ás familias daqueles que morreran nesas accións. Na súa alcaldía a Coruña inicia as obras do novo porto, do cuartel e do Hospital Militar e en 1852, pon en marcha o trazado do plano dunha liña férrea, que uniría Galicia con Madrid, o que a partir dese momento ía a se-la súa teima política. En 1857 é elixido deputado a Cortes pola Coruña, conseguindo o respaldo legal para as obras do ferrocarril. Esta proposta inicial veríase ampliada cos estudos do proxecto de novas liñas de ferrocarril, enlazando Ferrol con Betanzos e a Coruña e o enlace de Coruña-Betanzos-Lugo, así como de Pontevedra a Redondela que remataría en 1865. Tamén realizou estudos das liñas de Ourense a Zamora, de Zamora a Astorga e de Ourense a Vigo.

FONTENLA LEAL, Xosé

Nace en Ferrol no ano 1865 e morre na Habana, no Hospital "Calixto García", onde é soterrado, o ano 1919, cando está a rematar a Primeira Guerra Mundial. Fontenla trasládase de pequeno cos seus pais á illa caribeña, cando comeza a emigración masiva dos galegos e sen apenas ilustración. Pola súa profesión de obreiro litógrafo incorpórase axiña ós ambientes culturais e por mor das súas innatas condicións intelectuais vai tomar unha clara conciencia de seu que lle axudará a levar adiante unha serie de iniciativas culturais e políticas de grande interés para o futuro de Galicia, que van a coallar en realidades históricas impagables. Chegou a ter unha das mais importantes bibliotecas galegas de Cuba e América que, á súa morte, foi doada polo seu fillo á Real Academia Galega. Destacou no seu apoio e traballo do que ían a se-las primeiras publicacións galegas. Fontenla Leal fundou con Secundino Cores en 1866 a "Revista de Galicia". Foi con Curros Enríquez o impulsor da futura Real

Academia Galega (1905) e da creación do que ía a se-lo futuro Himno Galego, pedíndolle a letra e música a Pondal e Veiga, que se estreaba na Habana en 1907, dirixido por Guillermo Tomás. A aquel mozo, emigrante ferrolán, Fontenla, débese tamén a idea e promoción do magnífico edificio do Centro Galego da Habana. A morte do músico Castro Chané, en 1917, foi comisionado polo Centro Galego da Habana para trasladalos seus restos a Galicia.

FONTENLA MARISTANY Ramón

Nace en Ferrol no ano 1880 e morre en Guadalaxara na guerra civil de 1936. Os 15 anos ingresa na Marina e toma parte nas campañas de África en 1919 e Marrocos en 1924. Manda o Galatea e o Almirante Cervera en 1931. Foi director da Escola Aeronáutica Naval e da Escola de Guerra Naval e Xefe da Aviación Nacional. Foi un excelente matemático que realizou diversos estudos sobre navegación, aeronáutica naval e artillería. Foi membro correspondente da Real Academia de Ciencias e Artes de Cádiz e enxeñeiro electricista do Instituto de Liexa.

**FORT Y ROLDAN, Nicolás**

Intendente de división e escritor nacido en Ferrol o ano 1852. Desempeñou diferentes cargos da Administración militar que o levaron a vivir en varias cidades españolas e case dez anos na illa de Cuba, entre o 73 e o ano

84. O ano 1872 en Madrid publica o periódico **La Velada**, escribiu a obra titulada **Cuba indígena** (1881), presentada no congreso Americanista de Madrid; fixo estudos etnográficos e xeolóxicos de comarcas de Cuba, publicados na prensa de Cuba e Estados Unidos. Regresa definitivamente a España o ano 1884, destinado en Barcelona no ano 92 tomou parte activa como membro do ateneo desta cidade; pasando a residir en Ferrol a partir de 1897, ata a súa morte que sorprenderíao nunha viaxe á cidade de Valencia, o ano 1915. Os últimos anos da súa vida dedicounos totalmente á produción literaria, moita dela dedicada á súa cidade e sobre temática e personaxes ferroláns, coñécenselle arredor de vinte. Colaborou en *El Eco de Galicia* e **El Almanaque Gallego** e periódicos e revistas de Madrid, Cuba,

Nova Iorque, México, etc. É autor de **La Terriña**, (1903), novela de costumes, de **Horas amargas**, libro de poemas e, finalmente en 1916 sacou unha preciosa narración chamada **El medallón**.

FRANCO, Vicente

Guitarrista nacido en Ferrol o século pasado. Actuou como concertista en numerosas cidades de Europa e América, interpretando o repertorio clásico dos mestres da guitarra española, así como obras da súa autoría. Durante algún tempo viviu na Habana, onde escribiu un famoso método de guitarra e maila transcripción de exercicios de piano do compositor austríaco Sigismund Thalberg.

FRANCO BAHAMONDE, Francisco

Nace en Ferrol o ano 1892. Ingresna na Academia de Infantería de Toledo en 1907. Estivo en Marrocos ata 1916. Tras un breve paréntese en Asturias, onde destacou na represión do movemento revolucionario de 1917, volta a Marrocos, tomando o mando da Lexión en 1920. En 1923 casa con Carmen Polo e regresa a África, onde alcanza o xeneralato. Primo de Rivera ponlo á fronte da Academia Militar de Zaragoza, ata que esta é pechada o 31 pola República. O ano 34 volve a ser chamado a Asturias para reprimilos sucesos de outubro. Gil Robles noméao Xefe do Estado Maior en 1935. Tras as eleccións de 1936 é enviado a Canarias e alí decide, xunto con Sanjurjo e Mola levar a cabo un levantamento militar contra a República constituída. Por mor deste levantamento desencadease unha guerra civil que durará ata abril de 1939. Rematada a guerra Franco asume o poder absoluto instaurando un novo réxime no que as Cortes, os exércitos, a Falanxe, os poderes económicos e da igrexa non poderán facer nada que Franco non consinta. Pese a non involucrar a España directamente como contendente na guerra mundial, o país estivo a sufrir bloqueo económico e político mundial ata 1953, ano en que o réxime asina acordo económico-militar con USA e un Concordato co Vaticano. En 1969 designa como seu sucesor ó príncipe Juan Carlos de Borbón, mais para iso ten que agardar á súa morte. Isto vese en 1974 que, por mor dunha grave doenza ten que cederlle interinamente a xefatura de Estado, cargo que recupera en dous meses. Isto sería o preludio dunha longa agonía que levou a súa morte e fin do réxime dictatorial que tivo lugar o 20 de novembro de 1975.

FRANCO BAHAMONDE, Ramón

Nace en Ferrol, no ano 1896. Ingresna na Academia de Infantería en 1911 ata 1914 en que sae como oficial. Fixo curso de piloto no ano 20 e de hidroavións no 22, sendo destinado a Marrocos ó mando da base de hidros en Melilla. En 1924 relizou o Raid Melilla-Canarias e interviu no desembarco de Alhucemas (1925), comezando a prepara-lo voo do PLUS ULTRA. O 22 de xaneiro de 1926, saía de Palos de Moguer, nun hidroavión DORNIER, tentando emular as azañas Colombinas, xunto co Ruíz de Alda, Rada e o teniente de navío Durán. Este último non chegaría a realiza-la etapa transoceánica. O voo Palos-Bos Aires levouse a cabo en 7 etapas, cunha duración de 50 horas e 50 minutos e un total de 10.270 kilómetros de recorrido, realizados en vinte xornadas. O avión PLUS ULTRA foi regalado á República Arxentina, polo xeneral Primo de Rivera. Ramón Franco fixo dúas tentativas mais, que rematarían en fracasos, a NUMANCIA (1928), arredor do mundo, e a DORNIER (1929), a EE.UU., polo Atlántico Norte. Logo dunha serie de incidentes rematou en prisión, fuxindo a Portugal en avión, en 1930, nun conato de rebelión antimonárquica. Coa chegada da República volta a España, sendo nomeado Xefe Superior de Aeronáutica e elixido deputado por Sevilla e Barcelona para as Cortes Constituíntes. Coa subida de Lerroux ó poder é nomeado Agregado Militar na Embaixada de EE.UU. Tralo golpe militar e sublevación do seu irmán, ponse ás ordes deste, sendo nomeado Xefe da Base Aérea de Baleares. O 28 de outubro de 1938 pereceu con toda a tripulación do seu hidroavión, cando realizaba un voo de recoñecemento, sen chegarse nunca a esclarecer as causas do seu accidente. En Ferrol ten como recoñecemento da cidade, unha placa conmemorativa do seu voo PLUS ULTRA nun monumento nos xardíns dos Cantóns.

FREIRE DE ANDRADE, Pedro

Foi mariño e Contador da flotilla que no ano 1772 estableceu un asentamento español en Tahití.

GARCIA VICETTO, Ramón

Primo carnal de Benito Vicetto, periodista e escritor, nace en Ferrol o ano 1830. Estudia Humanidades en Vigo, emigra a Cuba o 1844, onde se dedica ó comercio e casa. Regresa a Galicia, a Vigo, do 55 ata o 88, ano en que emigra a Montevideo e logo a Bos Aires. Liberal progresista evoluciona a posicións mais radicais e na

Revolución de setembro de 1868 pasa a militar no federalismo. Desenvolveu unha gran actividade política e literaria como colaborador en diferentes periódicos de Vigo, Coruña e Bos Aires, así como noutras publicacións americanas, autóctonas ou de emigrantes; foi redactor **La Concordia**, **La Verdad** e **La Voz del Pueblo** (Vigo); **Unión Gallega** (Montevideo) e fundador de **Heraldo Gallego** (Montevideo). Publicou o libro **Cuentos vigueses**. Morreu case olvidado, en maio de 1907.

GOMEZ QUINTERO, Lorenzo

Periodista do século pasado, deuse a coñecer como tal en Lugo e Ferrol, dirixindo varios diarios conservadores. Mais tarde, en Porto Rico, dirixiu **El Compilador de Puerto Rico** (1873) e **El Progreso de Galicia**, da Coruña, dende 1881, para rematar establecéndose en Madrid, onde vivía a comezos de século. Publicou varios libros sobre a escrita e a imprenta e sobre o ferrocarril en Galicia.



GOY DE SILVA, Ramón

Escritor nacido en Ferrol o ano 1883. Dedicouse a escribir dende moi novo, sobre todo o xénero poético dentro da corrente estética do Modernismo, colaborando nas revistas **Mundo Gráfico**, **La Es-**

fera e **Blanco e Negro** e en **El Mundo Gallego**. Escribiu gran cantidade de obras que abranguen os máis diversos xéneros literarios: entre outras, **La corte del cuervo blanco** e **La Reina Silencio** (1911) -traxedia estreada en Bos Aires- consideradas como obras mestras do xénero simbólico; poemas bíblicos e lendarios en prosa; **El Eco** (1913), drama en tres actos, en prosa; **Sirenas mudas** (1915), drama estreado pola compañía de Margarita Xirgú; poemas de amor e morte; contos, vilancicos e poemas. Os vinte anos obtivo o primeiro premio da Academia da Poesía cun discurso sobre Emilia Pardo Bazán, nun acto celebrado no Ateneo e polo seu libro, inexplicabilmente aínda inédito **La caja de Pandora**. Goy foi moito máis recoñecido pola crítica fóra ca no seu propio país, o seu labor literario mostra que tiña unha grande cultura, pero ocupouse escasamente de Galicia. Tiña unha rica pinacoteca. Morre en Madrid o ano 1962.

GUERRA DA CAL, Ernesto

Pseudónimo de Ernesto Pérez Guerra quen nace en Ferrol o ano 1911. De mozo viviu en Quiroga e logo en Madrid, onde rematou os seus estudos universitarios de Filosofía e Letras e coñece personaxes como Américo Castro, Buñuel, Neruda e Lorca con quen colabora en teatro e na elaboración dos seus poemas galegos. Estivo preso varias veces durante a Dictadura de Primo de Rivera e do 30 ó 36 tomou parte activa no movemento galeguista, participando na reunión de GALEUZCA. Durante a guerra civil formou parte das Milicias Galegas e colaborou coa revista Nova Galiza, publicada en Barcelona, facendo poemas. Rematada a guerra exiliase a Estados Unidos, exercendo de profesor na universidade de Nova Iorque, doutorándose na universidade de Columbia, na especialidade de lingua portuguesa. E autor de dous libros de poemas en galego **Lúa de Alén Mar** e **Río de Sonho e Tempo** e varios ensaios sobre Alfonso X e sobre a Literatura galega, aínda que a meirande parte da súa obra literaria e traballos científicos, tratan de temática portuguesa e brasileira. Unha vez xubilado, no ano 1977 retirouse a vivir en Estoril, continuando nos seus últimos anos da súa vida defendendo e propagando a causa de Galicia e a nosa lingua e cultura na variante máis antiga de afirmación e expresión galaico-portuguesa. Morre en Lisboa á idade de 82 anos en xullo do 94.

GUTIERREZ DE RUBALCAVA Y CASAL, Joaquín

Nace en Ferrol o ano 1803 e morre en Madrid en 1881. Senta praza de gardamariña embarcando e pasando por diversos destinos. En 1824 toma parte en varias accións de guerra contra os independentistas sudamericanos no Pacífico e logo no Golfo de México. En 1846 volve a España e é nomeado deputado por Ferrol e capitán do porto da Habana. En 1857 é nomeado Capitán Xeral de Cartaxena e no 1860 é enviado a Santo Domingo para reclama-la volta desta illa á soberanía de España, enfrontándose ás forzas da república de Haití que se opoñían a esta acción derrotándoas. Máis adiante, expulsado de México o representante español desembarca coas forzas españolas, baixo as ordes do xeneral Prim e toma o forte de San Juan de Ulúa. En 1864 é nomeado Ministro de Mariña, cargo que ocupou durante varios anos; o rei Alfonso XII concédelle o título de Marqués de Rubalcava.



**IGLESIAS
BRAGE, Francisco**

Nace en Ferrol no ano 1900. Formouse como militar na Escola de Enxeñeiros de Guadalaxara, saído como tenente. E ascendido a capitán e participa na guerra de Marrocos. O 29 de maio de 1929, xunto co piloto

Ignacio Jiménez, saen de Tablada, no avión "Jesus del Gran Poder", nun raid para tentar de bati-lo récord mundial de distancia, de voo sen etapas, tendo que aterrizar en Nassiryha, logo dun recorrido de 5.100 kilómetros en 28 horas. Rescatados, volven a España para iniciar un novo intento, esta vez a América, en marzo do 29, sen conseguílo, aterrando en Bahía, logo de recorrer 6.450 km. en 44 horas. Fixeron un periplo triunfal de 22.000 km. en 122 horas ata que voltaron a España no "Almirante Cervera", dende Cuba, para regresar a Tablada co "Jesus del Gran Poder" no mes de xuño. Mais adiante Iglesias preparou un proxecto de expedición científica ó Amazonas, co que pretendía realizar un labor de investigación cartográfica, metereolóxica, xeolóxica..., realizando unha campaña de apoio ó proxecto, que foi aprobado polo goberno de Fernández de los Ríos no 1932, cunha serie de conferencias, coma a que deu no Ateneo Ferrolán en marzo de 1932. Como medio de transporte para a expedición deseñouse, na Sociedade de Construcción Naval de Ferrol, un barco de propulsión eléctrica que logo construíuse na Unión Naval de Levante, botado co nome de "Artabro" en 1935, cunha bandeira custeada por subscripción pública do Ateneo Ferrolán mais, por mor de diversas circunstancias e da propia guerra civil, nunca chegou a realiza-la súa misión. Braxe, realizou misións diplomáticas cos gobernos de Chile e Perú; foi mediador da Sociedade de Nacións entre Colombia e Perú entre outras. No 25 aniversario do seu voo a Bahía inaugurou un monolito conmemorativo no Parque Municipal de Ferrol. A guerra civil sorprendeuno en Ferrol. O remate da mesma incorporouse no Ministerio do Ar, sendo destinado a Galicia, onde deseñou varios aeroportos. Morre en Madrid o 14 de marzo de 1973, sendo soterrado no cemiterio de Catabois.

IGLESIAS POSSE, Pablo

Naceu en Ferrol no ano 1850. Orfo de pai, viaxa a pé a Madrid coa súa nai e irmán no ano 1856.

No hospicio de Madrid deprendeou o oficio de impresor, que desempeñaría en diferentes imprentas madrileñas. No ano 1870 afíliase á Internacional formando parte da Comisión Federal. Foi presidente da Asociación de Impresores no 1873 e fundou o PSOE que agrupou ós internacionalistas de tendencia marxista no 1879. Director do periódico "El Socialista", que fundou no 1886, dedicouse á prensa, ó partido e á UXT, central sindical vinculada ó PSOE. Encarceado en diversas ocasións, envelleceu prematuramente polo que era alcumado cariñosamente como "El Abuelo". Foi concelleiro de Madrid no 1905 e foi o primeiro parlamentario do socialismo español no 1910, cargo que anovou constantemente. Converteuse no líder indiscutible do PSOE e da UXT, nos que se mantivo formando parte dos seus comités de dirección ata a súa morte, ocorrida en Madrid no 1925.

JOFRE, Joaquin

Nace en Ferrol. Emigra a Bos Aires e arredor do ano 1892 deixa ó Santo Hospital de Caridade as accións do Teatro que, daquela estaba en construción, para poder remata-las obras do que sería o actual Teatro Jofre.

LABRADA ROMERO, LUCAS

Nace o ano 1762. De novo, síntese atraído polas matemáticas e os idiomas, para rematar dedicándose á economía. Foi porteiro e máis tarde secretario no Consulado da Coruña e traduciu para o mesmo algunhas publicacións. Tentou durante varios anos, sen éxito, conseguí-la cátedra de Matemáticas da Universidade de Santiago. En 1804 publica "**Descripción económica del Reino de Galicia**", primeiro libro editado na cidade departamental, na imprenta de Riesgo, obra que fai unha análise sintetizada dos problemas económicos da Galicia do século XVIII. Pese a contemplar unha chea de críticas nun tono moi radical, Lucas Labrada non cuestiona en ningún intre as desigualdades sociais da monarquía borbónica, antes ben, cando a invasión das tropas francesas é nomeado intérprete das mesmas na Coruña. Non é represaliado e exerce na Xunta de Censura no pronunciamento de Riego. Morre enfermo e abrumado polas débedas e preitos cos seus acredores no ano 1842.

LANGARA Y HUARTE, Cayetano

Nace en Ferrol o ano 1738 e morre en San Fernando en 1787. Mariño que tomou parte en

1770, a bordo do San Lorenzo, do recoñecemento da illa de Pascua, trazando o primeiro plano completo da mesma. Dous topónimos na illa, co nome de Lágara, recordan o paso deste ferrolán. En 1775 encoméndaselle o mando dunha flotilla que debía dirixirse a Tahití, derradeira expedición española ás illas polinesias da Sociedade.

LOIRA Y CARDOSO, Calixto

Nace en Ferrol o ano 1840 e morre na Habana en setembro de 1872. Emigrado ós 6 anos á Cuba, en 1852 regresa a Ferrol para ingresar na Armada, onde chegou a realizar dúas navegacións. Por unha afección na vista é licenciado e volve a Cuba. Estudia arquitectura entre Cuba e Madrid. Instalado xa definitivamente na Habana en 1867, comeza a realizar planos e auxiliar en diversas obras públicas, para terminar dirixindo o Acueducto de Fernando VII. Convocadas unhas oposicións para a construción dunha nova Necrópole presenta o seu proxecto, acadando o premio único, polo que é encargado polo Goberno para realiza-las obras da mesma. Estas son rematadas en xullo de 1872, dándose o triste paradoxo de que a primeira pedra e primeiro nicho deste novo cemiterio é "inaugurado" polo propio creador e constructor, Calixto Loira, que deixaría esta vida á idade de 32 anos por mor dunhas febres amarelas.

LOPEZ BOUZA, José

Nace en Ferrol o ano 1890 e morre fusilado na mesma cidade a finais de xullo de 1936. De novo, xa destaca polas ideas políticas a prol das clases mais necesitadas. Emigra á Arxentina ós 18 anos, onde reparte o seu tempo entre o traballo e a actividade política, participando activamente no movemento obreiro da cidade de Bos Aires o que lle trae ser repatriado a España en 1916. De volta en Ferrol, en 1918 funda e dirixe os periódicos **El Inquilino** e **Izquierda Republicana**, imparte clases nocturnas no barrio de Canido a fillos de traballadores e a adultos, que reciben ensinanza gratuíta e funda varios centros obreiros. Ingresna no concello e recibe o encargo de dirixí-la construción da traída de augas para Ferrol dende o salto da Fervenza (1923). Entra en contacto cos galeguistas Quintanilla, Casal, Bóveda, Castelao, etc. cos que participa na elaboración do Estatuto de Galicia. En 1931 é nomeado pola República gobernador de Ourense e logo de Lugo e posteriormente Presidente da Deputación da Coruña. O ser aprobado o Estatuto no plebis-

cito preside xunto con A. Casal e Castelao a Comisión para face-la entrega do mesmo en Madrid. Producida a sublevación do Exército en Africa, regresa a Galicia con Casal, instálase en Ferrol e únese ós representantes municipais ata que son reducidos polos sublevados. Sometido a un Consello de Guerra é condenado a trinta anos, que non chegará a cumprir por ser fusilado.

LOPEZ DE LA VEGA, José

Nace en Ferrol no ano 1825 e morre en Madrid en 1888. De novo emigra a América, onde cursa estudos de Medicina e tamén fai Filosofía e Letras. Deixou unha ampla obra escrita no campo profesional da Medicina e outras no terreo social e literario, neste último con poemas e obras de teatro con Galicia sempre presente, sendo un dos precursores da literatura galega.



LOPEZ MORILLO, Adriano

Militar e escritor membro da Real Academia Galega, nace en Ferrol o ano 1837 e morre na Coruña en 1913. Rematados os estudos militares é destinado a Cuba, combate na República Dominicana e na guerra civil das

provincias bascas (1870) e na liberación do arsenal de Ferrol dos republicanos e contra os carlistas en Tarragona. A súa actividade literaria iníciase en Ferrol nos anos 60 e logo de dirixir **El Tribuno** e **La Crónica de Luarca** convertese en colaborador de **El Correo Militar**, no que publica varios artigos contra o servizo militar obrigatorio. Ingresna na Real Academia cun discurso sobre o xeneral inglés John Moore e cando morre estaba rematando unha obra sobre a historia da guerra de Santo Domingo.

LOPEZ MUÑIZ, Juan

E pouco o que sabemos da súa vida só que naceu en Ferrol e morreu na Habana no 1894., na capital antillana desenvolveu diferentes cargos oficiais. No **Albúm de la Caridad** (Coruña 1862) figura un fragmento dun romance que compuxo na Habana en 1850.

LOPEZ NOGUEIRA, Xosé Manuel

Nace en Ferrol o ano 1932 e morre moi novo en Santiago o ano 1983. Fai a carreira de Medicina en Santiago, traballando no equipo médico do complexo sanitario da Rosaleda, onde vai a exercer unha brillante carreira profesional como médico. Durante a súa época de estudante en Santiago comenza a face-las súas primeiras colaboracións periodísticas. Ensaísta nos campos da filosofía, a psiquiatría e a neuroloxía, destaca polo seu compromiso intelectual co país galego, chegando a militar no Partido Galeguista nos anos 50. Impartiu conferencias e colaborou en diversas revistas científicas e de pensamento galego como "Grial", "Encrucillada" e "Vieiros".



LOPEZ SEOANE Y PARDO-MONTENEGRO, Víctor

Eminente naturalista, de sona mundial, nace en Ferrol o ano 1834 e morre na Coruña en 1900. Fai bacharelato en Santiago e Medicina e Ciencias en Madrid. Con 18 anos, aña-

da estudante é nomeado catedrático de Botánica do Museo Popular de Madrid. En 1858 fixo unha catalogación das aves en Andalucía e unhas obsevacións xeolóxicas sobre o estreito de Xibraltar. Ocupou as cátedras de Física, Química e Historia Natural do Instituto da Coruña. Estivo como médico en Ferrol e logo de casar licenciouse en Dereito en Oviedo. Pertenceu ás principais academias científicas de Europa. O longo da súa vida realizou infinidad de estudos e catalogacións de diferentes especies, así como colaboracións e traballos en revistas científicas e coleccións diversas espalladas por diferentes museos. Actualmente a súa biblioteca e arquivo atópanse depositados no museo José Cornide da Coruña.

LUACES LAMAS, José

Nace en Neda o ano 1786 e morre na Arxentina en 1878. Ingresava voluntario na Mariña ós 14 anos navegando en diversos buques. participou como cabo-canón, ás ordes de Gravina na batalla de Trafalgar. Destinado en Bos Aires cando estala a revolución independentista arxentina, intenta sofocala caendo preso das forzas de Artigas. E liberado e condecorado polo goberno español.

MAGIN PLA Y CANCELA, Antonio

Nace en Ferrol o ano 1789 e morre en Madrid en 1889. Ingresava como piloto da mercante e navega por Europa e América. Cando desembarca fixa a súa residencia en Lugo, onde vivía o seu parente Buenaventura Plá. Marcha a estudar a Santiago, onde acada os títulos de Rexente de Xeografía e Historia. Escribe e colabora en diversos periódicos e revistas da cidade de Lugo.

MARTIN YAÑEZ, Xermán

Este home nacera en Ferrol no ano 1893. Foi farmacéutico e avogado de moita sona na vida social de Bos Aires, pero que pasará á historia anecdótica da nosa emigración rioplatense por ser o autor da letra dun tango, ó que lle puxo música un tal Miguel Revestido, e que tiña un título tan galego como MONCHIÑO, porque estaba dedicado á figura do aviador ferrolán Ramón Franco Bahamonde, cando no 1926 culminou a súa proeza de cruza-lo océano Atlántico no seu famoso avión "Plus Ultra".

MILLE, Juan F.

Nace en Ferrol o ano 1864 e morre en Bos Aires en 1903. Estudiu a carreira de Avogado e ingresou na Asesoría de Mariña de onde pasou á Presidencia da Concello de Ferrol. Neste cargo mandou derruba-lo muro que pechaba o antigo adro de San Xiao. Por esta e outras accións moi criticadas, das que foi protagonista, víuse obrigado a emigrar a América. Residiu en varias cidades da Arxentina sendo director de colexios, redactor de "El Debate" e escribiu artigos e poesías baixo o pseudónimo de "Sailor".

MONTERO Y AROSTEGUI, José

Nace en Ferrol no ano 1817. Familiarízase de novo có latín, as humanidades e o dereito civil e administrativo. Como traballador do concello e Secretario Maior será o encargado de ordena-la documentación do arquivo municipal, o que lle axudará na publicación do seu primeiro libro no ano 1850. Durante algún tempo dedicase ó comercio e chega a ser xuíz de paz. Será neste período cando comece a colaborar coa prensa local, en concreto en **El Correo Gallego** e **El Eco Ferrolano**, ademais de publicar artigos noutras revistas. No ano 1859 e baixo a protección da Coroa e do Concello publica a súa **Historia y descripción de la ciudad y departamento na-**

val de Ferrol, tratase dun denso traballo onde, por primeira vez, faise unha recollida sistemática das noticias existentes sobre esta cidade. O impacto producido polo manuscrito desta obra servirá para que Isabel II conceda a vila de Ferrol o título de cidade no ano 1858 e serviríalle a Montero para obte-lo nomeamento de Académico da Historia.

MONTERO ROMALDE, Juan

Licenciado en Farmacia en Santiago, era natural de Ferrol, onde nace o ano 1884. Emigra a Guatemala, en 1906, onde exerce a súa profesión e colabora na prensa. Publicou varios estudos sobre temas da súa profesión. Regresa a España en 1925, establecéndose en Ponteareas e segue traballando na prensa. En 1927 editou o libro **Labor Hispanoamericana**.

MONTOJO Y DIAZ, Saturnino

Nace en Ferrol o ano 1796 e morre en San Fernando, Cádiz, en xuño de 1856. Mariño e astrónomo, catedrático de Física do Ateneo de Madrid, director do Observatorio de Cádiz, participa na elaboración da Carta Xeográfica de España. Destacou como home de ciencia, escribindo tratados para o alumnado do Colexio Naval, sobre aritmética, alxebra e trigonometría. Fixo traducións dun Tratado de astronomía e rectificou a posición de moitas estrelas contidas no Catálogo da Sociedade Astronómica de Londres, estudos que foron publicados no catálogo da Asociación Británica.



MONTOJO Y PASARON, Patricio

Nace en Ferrol en 1839 e morre en Madrid o ano 1917. Senta praza da gardamariña en Cadiz ós 13 anos e participa en diferentes accións de guerra en Mindanao (Filipinas), Valparaíso (Chile) e El Callao (Perú). Foi

secretario de Médez Núñez e, ascendido sucesivamente, é destinado como comandante do Apostadero de Filipinas. Alí participa ó mando da Armada no combate de Cavite contra a escuadra norteamericana. A raíz das consecuencias deste

desastre e perda das Filipinas é xulgado por un Consello de Guerra que dictou a súa separación do servizo activo. Colabora en varias revistas e deixounos constancia da súa calidade literaria con diferentes novelas máis ben de carácter histórico.

NOVO Y GARCIA, Victorino

Emigrado a Cuba cun irmán seu destacaron no mundo da prensa a finais do século anterior, pertencía ó grupo dos que rodearon ás principais figuras do Rexurdimento. Victorino funda na Habana un periódico chamado "**Las Hijas de Eva**". Os vinte anos instálase en Madrid, onde escribe fundamentalmente en publicacións políticas. De volta en Ferrol é nomeado o primeiro Director de "**El Correo Gallego**", xornal que aínda perdura e fora fundado e publicado en Ferrol por D. José Mariano Abizanda no ano 1878. Trasladado á Coruña é elixido deputado provincial e redactor da **Voz de Galicia**. Victorino foi tamén Director do Gran Hospital de Santiago. A súa actividade cultural levouno a participar en diferentes sociedades e a escribir sobre estilos e temáticas varias, comedia, folletín, libros de tipos e costumes galegos, unha historia de Ferrol - publicada incompleta- e un libro de poesías. Morre de tuberculosis no ano 1899, na Coruña.

NOVO Y GARCIA, José

Escritor e xurista, nace en Ferrol o século pasado e morre na Coruña o ano 1898. De novo emigra á Habana, onde desempeña cargos de catedrático na facultade de Dereito, maxistrado da Audiencia e coronel dun batallón de voluntarios. Alí comeza a súa actividade literaria dirixindo a revista bilingüe "**Aires da Miña Terra**" e "**Galicia Moderna**" con colaboración dos mellores intelectuais galegos. Tamén viviu en Madrid, onde desenvolveu unha intensa actividade nos círculos rexionalistas e literarios. Publicou gran cantidade de traballos sobre temas relacionados coa súa profesión, de facenda, dereito, matrimonio, lexislación, contratos, estadística, política, etc. Fóra do campo profesional tamén publicou varios libros de narrativa e de viaxes.

NOVO, Adelardo

Periodista ferrolán emigrado a Cuba, onde dirixiu **La Unión e Diario Español** e publicou dous libros en 1911 e 1930. Impulsor das sociedades de emigrantes creadas na illa caribeña participa

na construción de escolas en Galicia. En 1917 volve a Ferrol, despois de ser expulsado de Cuba arbitrariamente. Máis tarde volta a Habana ata o seu regreso definitivo no ano 1936. Home comprometido cos seus ideais políticos loita no bando republicano e morre no ano 1939, en Cataluña durante a guerra, onde era gobernador dunha das provincias.



**OROL
GARCIA, Juan**

Nace en Ferrol no ano 1899 e morre en México no 1989. Emigra ós seis anos cos seus pais a Cuba e de alí pasou a México, onde levou unha vida aventureira como piloto de coches de carreiras,

policía, toureiro, boxeador e periodista en Hollywood, onde tivo os seus primeiros contactos co cine. Foi produtor, actor, guionista e director de cine moi popular en México, Cuba e Porto Rico. Iniciador do melodrama tropical delirante, as súas películas de gánsters e rumbas tiveron un enorme éxito en tódolos países americanos. Dentro do xénero de gansters, que el mesmo protagonizaba, dise que chegou a tratar a Al Capone durante a súa estancia nos EE.UU. Entre os máis de cincuenta títulos, producidos e dirixidos por el, destacan:

Madre querida (1935), Siboney (1938), Los misterios del hampa (1944), Gánsters contra charros (1947), Sandra, la mujer de fuego (1952) ou El tren de la muerte (1978).

PARDO DE CELA, José

Loitou baixo as ordes de Sanmartín e Simón Bolívar. Estivo preso dos realistas durante sete anos.

PARDO DE CELA Y VIDAL, Juan

Nace en Ferrol no ano 1788. Fillo de José Pardo de Cela, famoso mariño que morrera en Xamaica loitando contra os ingleses. Comerciante en Bos Aires, loita contra os ingleses en 1806. En 1810 únese ás forzas revolucionarias, nas que chegou a xeneral. Foi prisioneiro en 1813 pasando sete anos na cadea en El Callao. Cando sae participa en varias campañas e ocupa cargos políticos. Morre en Lima, no ano 1868.

PAZ MEMBIELA, Patricio María

Mariño naturalista, nace en Ferrol no 1808 e morre en 1874. Durante as súas viaxes reuniu unha colección de 40.000 exemplares de cunchas que se gardan no Museo de Ciencias Naturais de Madrid.

PENA, Xosé

Nace en Limodre o ano 1901 e morre na Habana en 1985. Emigra ós dezaseis anos, volta ós vinte para face-lo servizo na Mariña e, cumpridos os tres anos, regresa a Cuba. Dedicase á pesca e estudia na Academia Mercante de Mariel, navegando por México, Antillas e Florida. Cando o servizo, estivo como cociñeiro de Mussolini e da familia real e de Valeriano Weyler, último gobernador español de Cuba que destacara pola súa ferocidade represiva.

PEÑA Y CAGIAO, Manuel de la

Nace en Ferrol no 1822. Alcanza certa sona como periodista en Madrid, por un artigo sobre Espartero e Narváez, no periódico **La España**, onde era redactor e vai a París como colaborador de **La Ilustración Española**. En 1851 é nomeado colaborador no xornal "La Crónica de Nueva York". O pouco de estar alí escribe un libro, "**Manual de Nueva York**", moi valioso ata os anos vinte, imprescindible para todos aqueles que quixeran coñece-la cidade. Traductor ó español de grande parte da obra poética de Lord Byron, tamén escribe poemas que publica na prensa de Madrid e Nova lorke da época. Axiña se fixo propietario do xornal "**La Crónica de Nueva York**", periódico que se constituira nun órgano insubstituíble da defensa da presenza española en América, cando xa non corrían bos ventos para a causa. Enfermo volve a Ferrol, onde morrería no ano 1865.

PEREZ VILLAAMIL Y DUGET, Jenaro

Nace en Ferrol, no ano 1807 e morre ós 47 anos, dunha afección hepática, en plena madurez artística. Foi unha das figuras da pintura española do seu tempo, aínda que na súa cidade non foi descuberto ata a última década do século XIX, por mor da publicación dun fermoso álbum da súa autoría, de acuarelas e debuxos que circulou pola cidade, onde aparecían representadas paisaxes da Graña, Mugardos e Pontedeume. Os cinco anos, en Santiago, co seu pai, toma as súas

primeiras clases de pintura. Os doce anos continúa estudos en Madrid que abandona en 1823. Como militar participa nunha campaña contra os franceses, sendo ferido e prisioneiro trasladado a Cádiz, onde logo viviría entre 1823 e 1830. Villamil cultivou sempre o xénero paisaxista, ben copiando do natural ou ben de bocetos que tomaba nas súas continuas viaxes por Europa adiante. Foi considerado o pintor romántico máis prestixioso; nos seus óleos a figura humana entra a formar parte do conxunto sen roubarlle protagonismo nengun á paisaxe, como un motivo máis que é propio da natureza. Mantivo unha estancia de tres anos en Porto Rico, a onde foi no 1830 co seu irmán Juan, coa encargada de realiza-la decoración do teatro de San Juan e facendo durante este tempo, infinidad de debuxos e acuarelas. En 1835 é membro, e dez anos máis tarde director da Academia de San Fernando e pintor de Cámara de Isabel II no ano 1840. No 44 exiliase a Francia, comezando unha etapa de traballo e viaxes por toda Europa. En 1837, foi socio fundador do Ateneo Madrileño e logo do Liceo Artístico. En 1849 viaxa a Galicia, realizando unha serie de paisaxes, quedando desta etapa unha colección de debuxos conservada no Museo Provincia de Belas Artes da Coruña.

PEREZ VILLAAMIL Y DUGET, Juan

Nace en Ferrol a primeiros do século XIX. De moi novo trasládase a Santiago e ó regreso do seu irmán Jenaro de América xúntanse en Madrid onde colaboran na decoración do Teatro do Liceo Artístico. Pintou e participou en diversas exposicións, comprándolle algunhas obras o Estado da Reina Rexente. Ilustrou o **Seminario Pictórico Español**, en 1836; **La España Artística e Monumental**, en 1842; e algunhas novelas. Foi membro da Escola de Belas Artes da Coruña en 1850, a cal dirixe ata 1862 -ano en que se retira a vivir a Madrid ata a súa morte que ocorre en 1864-.



PIÑEIRO GONZALEZ, Xosé

Nace no Seixo (Mugar dos), no ano 1878. O seu pai era mariño, polo que se trasladou a San Sebastián, onde cursou estudos e fíxose maquinista naval. En 1911 era propietario, en Sanxenxo, duns muíños e unha fá-

brica de gaseosas, os cales vendeu para dedicarse de cheo á aviación. Foi o primeiro galego que se atreveu a voar. Trasládouse a Francia para aprender a voar, o cal ocorría no 1912, mercando un avión BLEIROT. A súa primeira exhibición pública foi en Ferrol, o 5 de maio de 1913, na botadura do "Alfonso XIII", afundíndoselle o avión no mar. Por medio dunha subscripción pública fíxose cun novo avión e reapareceu en Burgos, competindo con Pumet e Vedrines, ós que arrebatou o primeiro premio. Logo de varias exhibicións por toda España, embarcou cara á Arxentina, onde permaneceu 4 meses de demostracións contínuas para voltar a España e logo trasladarse a Cuba. Era o 10 de xaneiro de 1915 e Piñeiro no seu famoso BLEIROT, nos campos de Columbia de Cuba, conseguiu elevarse sobre os ceos, diante dunha multitude de cubanos e do Presidente da República. Nunha destas exhibicións, voando con Basilio Alvarez, tiveron un accidente a resultas do cal o líder agrarista sufriu unha lesión que o deixou coxo de por vida. De novo en España seguiu varios anos coas súas actividades de aviación, chegando a voar diante das SS.MM., en Madrid, para retirarse no ano 21, logo dun accidente que tivo en Ribadavia. Piñeiro viviu en Santiago ata a súa morte que ocorre o 3 de febreiro de 1929.

Ateneo Ferrolan
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena
www.ateneoferrolan.org

PITA DA VEIGA, Alonso

Fillo de Pedro de Morado, rexedor do Concello de Ferrol, e de María Fernández de Veiga, da linaxe dos Pardo de Lago, Concello de Moeche; nace en 1480 en Ferrol. Algúns outros autores sinalan outros lugares de nacemento, como Serantes segundo Riobó ou Pontedeume segundo Montero Aróstegui. Foi educado na corte dos Andrade, en Pontedeume. Toma parte moi activa cos Tercios de Galicia nas campañas militares do emperador Carlos V en Italia. Defenderá os dereitos reais e imperiais de Carlos I. No ano 1525, estando nas tropas do virrei de Nápoles consegue facer prisioneiro ó rei de Francia, Francisco I, na batalla de Pavía; polo cal recibe, do emperador, unha recompensa de trinta mil maravedís e o privilexio de usar escudo e armas por Real Cédula en 1529. Casou con D^a María García e un dos seus descendentes directos, Francisco Pita da Veiga, en 1616 casou con D^a María de Mandía, entroncando coa familia Mandía e Bermúdez.

PLA Y CANCELA, Benito

Naceu no ano 1812 e morrerá no 1874. Na Universidade de Santiago cursará estudos de

Dereito. Aínda novo obtén a acta de deputado a Cortes por Lugo. No Parlamento desenvolve un importante labor chegando a acusar ó presidente do Consello de Ministros, Salustiano Olázaga, de obrigar a Isabel II a asina-lo decreto de disolución das Cortes que a proclamaba raiña prematuramente. Dentro das Cortes xestiona ademais a construción da liña de ferrocarril Ponferrada-A Coruña, quedando a liña inaugurada no 1883. Exerceu importantes cargos políticos, como presidente do Congreso dos Deputados, conselleiro de Estado e director xeral de Débeda.

PLA Y MONGE, Ramón

Ramón Plá nace na rúa do Sol no ano 1823, foi un filántropo ferrolán que morreu en Madrid o ano 1892. Sendo rapaz trasládase a Cuba. Con boa man para os negocios establécese primeiro na Habana cun comercio de ferraxería e despois funda a Compañía de Gas da capital. A tradición popular de Ferrol fala de que a súa fortuna procedía da trata de negros, cos que traficaba durante as guerras coloniais coa súa naviera. Xa enriquecido volta a España e establecece en Madrid onde se dedica ós negocios na Bolsa. O seu título, de Marqués de Amboage, foille concedido polo Papa León XIII, no ano 1884. No seu testamento outorga que, co tercio dos seus bens se estableza unha institución benéfica que atenda as necesidades dos "xoves e honrados traballadores" de Ferrol, gracias á cal moitos deses mozos libraron, no seu momento, das levas para face-lo servizo militar. A Fundación Benéfica do "Marqués de Amboage" segue subsistindo e cumprindo as funcións de abeiro para as que foi creada aínda que, por mor do tempo, as cantidades económicas entregadas hoxe xa só cumpren un papel simbólico.

PRUNEDA SORIANO, Víctor

Nado no 1810, morrerá en Teruel no 1882. Fillo de militar, ó morre-lo seu pai na batalla de Trafalgar, trasládase a Madrid. Aínda novo decide emigrar a América polo que emprende o camiño a pé ate Valencia para embarcar, pero ó pasar por un pobo de Teruel ofrécenlle un traballo de mestre e secretario de Concello; instálase por tanto en Teruel ata o ano 1835 en que ten que fuxir por mor das súas ideas liberais. Despois dun par de anos regresa a Teruel onde dirixe o Partido Progresista da provincia e será o iniciador do pronunciamento de Teruel no 1840. Descontento con Espartero abandona o partido e funda

un xornal O Centinela de Aragón, un dos primeiros xornais republicanos, que o leva a cadea. No 1844 e condenado a morte por participar na sublevación de Alicante, pero a pena é conmutada pola de desterro ás illas Canarias. Dirixente do pronunciamento de Teruel no 1854 será elixido presidente da Xunta de Goberno e despois alcalde. Sofre de novo persecución e exíllase en Francia. En 1857 volta a Teruel para dedicarse ós negocios, fundando ademais nesta época un xornal e colaborando en diversas publicacións.



RAMOS LÓPEZ, Máximo

Nace en Ferrol, na vila da Graña, en 1880 e morre no ano 1949. En 1907 trasládase a Coruña, onde traballa como delineante; o ano 1910 viaxa a Cuba, iniciando un período de catro anos nos que recorre México, Cuba e Estados Unidos realizando escenografías e pinturas ata 1913, ano que volve a España por problemas, ilustrando libros e facendo lenzos de gran tamaño. Novos problemas xurdidos en Ferrol obríganlle a abandonar a cidade en 1916. En Madrid e Barcelona colabora en revistas como La Esfera e Blanco y Negro. Neste ano publica un libro con texto e 21 debuxos. Participa en moitas exposicións levando diferentes premios. A raíz da guerra civil sofre unha transformación ideolóxica que o leva a colaborar cun decidido apoio, realizando cartéis propagandísticos a prol dos sublevados e colaborando en diversas revistas do novo réxime, popularizando as aventuras de Quico e Caneco. Máximo Ramos foi un dos artistas máis completos dominando múltiples técnicas e destacando como un dos gravadores máis importantes do século XX. En 1934 e 1941 foi distinguido na Exposición Nacional de Belas Artes.

REVESTIDO, Miguel

Nado en Ferrol no ano 1892, aparte de saber música -fixo o tango MONCHIÑO, dedicado ó aviador Ramón Franco- publicou moitos libros de poesía e dirixiu a revista do famoso Centro Galego de Bos Aires. O seu apelido pasou á historia por un fillo seu, Miguel, que chegou a ser Ministro de Facenda nun dos gobernos do Xeneral Perón.

RIBALTA Y COPETE, Aurelio

Nace en Ferrol o ano 1864 e morre en Madrid en 1940. Cursou Dereito e Filosofía e Letras en Santiago. Trasládase a Madrid, doutorándose en Dereito e traballa no Ministerio de Facenda. Militante do movemento rexionalista galego, soñaba cunha Galicia Atlántica, mediadora entre España e Portugal. Publicou 22 números da revista *Estudios Gallegos* e, en 1910 edita a publicación **Libro de Konsagración: Feixe de poesías galegas**, onde se manifesta decidido partidario da ortografía fonética, eliminando varias letras do noso alfabeto. Foi o primeiro en defende-la gheada. Escribiu varios libros de poesía; tres novelas curtas, de costumes e amor e cinco novelas, tamén curtas, en castelán, así como ensaios de crítica literaria e lingüística e de carácter económico e político e infindade de artigos defendendo a galeguización e o prestixio do galego. Cando morre estaba a preparar varias obras de gramática e filoloxía galegas.

RICO GONZALEZ, Victor

Nace en Ferrol o ano 1900 e morre en México nos anos cincuenta. Escritor e crítico de Arte ten que exiliarse a México en 1940, onde é nomeado profesor da Universidade Nacional Autónoma e da Escola Superior de Maxisterio. Foi crítico do Conservatorio, profesor da Escola Nacional de Bibliotecarios e Arquivos e secretario do Consello Editorial da Universidade. Exerce de periodista con artigos en diferentes periódicos e publicou moitos libros e ensaios de historia e filosofía.

ROBLES, Agustín

Nace en Ferrol o ano 1758 e morre en 1841. De novo marcha a Madrid e no Observatorio Astronómico estudia Física, Matemáticas e Pintura. Foi mestre instrumentista no Observatorio da Academia de Gardamariñas de Ferrol e profesor de debuxo; fabricaba barómetros, higrómetros e termómetros e dirixiu a fábrica de moeda de Xuvia, xunto con Antelo. A primeira obra que se lle coñece como pintor é o cadro de San Xosé e o moribundo, feito en 1796 que figura nun retábulo do Hospital de Caridade de Ferrol. Tamén fixo en 1815 a copia de Mengs que figura na capela do cemiterio de Catabois. Pintou por encargo os retratos do Salón de Sesiões do Concello de Ferrol de Sánchez Aguilera, de Queipo de Llano e do Irmán Maior do Hospital, Angel Buceta. A súa obra pictórica máis abundante atópase de 1829 ó 34 en Mondoñedo, no Seminario e na

catedral; tamén hai cadros seus na catedral de Lugo e varias igrexas de Coruña. En 1836 volve a Ferrol, coincidindo cunha época de restauración da Mariña. Robles a través da súa longa vida pasou por diferentes etapas de apoxeo e crise na construción naval e da nova cidade do barrio da Magdalena.

**RODRIGUEZ CARBALLEIRA, Aurora e Hildegart**

Nace en Ferrol o ano 1890, nunha familia adifneirada e masónica. Cando ten 14 anos queda ó coidado do seu sobriño, nacido de nai solteira, Pepito Arriola, a quen inicia no mundo da música, fa-

cendo del un neno prodixio que lle van afastar drástica e definitivamente da súa vida, ós poucos anos. Dedicase só ó estudo na biblioteca do seu pai ata que morre deixando a Aurora con 17 anos e dona dunha gran fortuna. Só ten unha idea na súa mente: a creación dun ser superior, para o cal selecciona a un home co único obxectivo de procrear. O elixido é un sacerdote de 35 anos, Alberto Pallás Monseny identidade descuberta pola xornalista Rosa Cal-, e cando queda preñada, racha toda relación e marcha a Madrid a remata-la súa obra. Ten unha filla -Hildegart- que nace o ano 1914 e inscribe cos seus propios apelidos, dedicándose de cheo á preparación dese ser extraordinario. Antes de cumprí-los dez anos xa domina á perfección o castelán, francés, inglés e alemán; os trece remata o bacharelato e cunha dispensa pola idade, ós dezasete gradúase coas máximas cualificacións na carreira de Dereito; simultaneamente fai Medicina, Filosofía e Letras, ó tempo que recibe da súa nai unha educación racionalista. Na Universidade coñece a Besteiro e estudia o marxismo; ingresa nas Xuventudes Socialistas e na UXT, comezando unha intensa actividade política que a leva a dar conferencias, mítines en Casas do Pobo, centros republicanos e socialistas, Ateneo etc. e colaborar en diversas publicacións de ideoloxía esquerdista, mantendo debates coas figuras máis destacadas do seu tempo, como Azorín. Leva unha intensa campaña feminista e fai amizade con Victoria Kent, Clara Campoamor e Gregorio Marañón. O longo da súa curta vida, Hildegart publicou gran cantidade de libros, estudos, ensaios e artigos que levantaron gran polémica sobre a política, a sociedade e a muller que

fixeron dela unha muller moi popular e dunha grande proxección. Así chegou unha etapa de enfrontamento directo e discrepancias coa súa nai e creadora, Aurora, que vía como a súa obra se lle ía das mans, chegando á trágica decisión de acabar con ela, matándoa no seu domicilio en xuño de 1933. Aurora foi xulgada e condeada a prisión, morrendo no manicomio de Ciempozuelos, o ano 1955.

RODRIGUEZ RAMOS, Manuel (Canelo)

Naceu en Ares no ano 1856. Fillo de xornaleiro e costureira. Cantelriño ós nove anos, sacristán e pescador, case sen estudos emigra ós dezasete anos, de polisón, para Cuba. Alí foi carpinteiro, tabaqueiro, taquilleiro e empresario de teatro e estudante de violín. Instalou un quiosco e máis tarde a que sería a primeira librería de Cuba. Canelo, fundóuse o ano 1874, levaba o nome do alcume do seu dono Manuel, alcume polo que era coñecido. O caso é que aínda existe hoxe en día, sendo unha das unidades comerciais do Instituto Cubano do Libro, dedicada á compra-venda de libros, e coñecida popularmente por Canelo. Era dono dun Stradivarius, que tocaba na librería e prestaba ás compañías europeas de ópera que actuaban frecuentemente na Habana. Canelo foi escritor, poeta e músico. Escribiu libros varios de diferente temática e chegou a montar unha imprenta, facéndose editor dos seus propios libros, libros que regalaba ós estudantes e xente que acudía ó teatro.

RUIZ DE HUIDROBO, José

Formou parte da Xunta de Goberno que destituiu ó Vicerrei, participando nas loitas pola independencia da Arxentina.

SAAVEDRA MENESES, Frutos

Nace en Ferrol o ano 1823 e morre en Madrid en 1868. Representante en Cortes do distrito de Pontedeume en 1860, 63 e 64, reclamou enerxicamente a construción do ferrocarril Palencia-Coruña cun ramal a Ferrol. En 1864 foi Director Xeral de Obras Públicas. Como militar chegou a coronel de Infantería e participou na campaña de África contra Marrocos. Viaxou por toda Europa e foi membro da Sociedade Xeográfica de París e da Metereolóxica de Francia e electo da Real Academia de Língua e profesor do Colexio de Artilería. Formou parte de diversas Comisións, como a de trazado do mapa xeral de España.

Escribiu moitos artigos e poemas e publicou diversos traballos militares e xeográficos.

SANZ LOPEZ, Rodrigo

Nace en Ferrol o ano 1872 e morre en Santiago en 1939. Fai Dereito en Santiago, aínda que non chega a exercer e vive das rendas do seu pai. A súa actividade pública comeza coa inauguración do Ateneo Ferrolán en 1903, como socio fundador e secretario xeral e conferenciante durante varios anos. O Ateneo da II República noméao presidente honorario. En 1906 vai a vivir á Coruña, onde participa na creación da Universidade Popular e na fundación de Solidaridad Gallega. Foi promotor da Asembleas Agrarias de Monforte. En 1908 é fundador e director do órgano semanal **Solidaridad Gallega**, onde é asiduo colaborador, baixo o seudónimo de Luchando. Escribe en **A Nosa Terra** e nas revistas madrileñas **España e Estudios Gallegos**, así como en diversas publicacións da comarca de Ferrol. En 1908 traslada o seu domicilio a Madrid, onde imparte conferencias sobre o problema agrario galego; sendo ademais proclamado ese mesmo ano membro numerario da Real Academia Galega, pero non chega a tomar posesión a causa do seu traslado. Nas eleccións de Canalejas de 1910 preséntase a deputado por Pontedeume, sendo derrotado. En 1917 fúndase o Partido Rexionalista Gallego e R. Sanz é elixido presidente. Foi dos fundadores das Irmandades da Fala en 1916. Durante a súa activa vida pasou por máis cargos de responsabilidade social: no Centro Rexionalista da Coruña, Unión Patriótica de Ferrol, alcalde honorario da súa cidade, na Xunta pro-ferrocarril da Costa, no Secretariado de Galicia en Madrid e participou na Comisión redactora do proxecto do Estatuto para Galicia, cunha grande contradicción, dada a súa traxectoria, como defender con ardor o idioma castelán como língua oficial de Galicia.

SARALEGUI Y MEDINA, Manuel de

Nace en Ferrol o ano 1851 e morre en Madrid en 1926. Os dezaseis anos ingresa na Mariña e durante vinteun anos dedicouse á carreira militar. Foi profesor de Física e representou a España na inauguración do Canal de Suez. Dirixiu a instalación da Exposición de Filipinas e do Museo Naval na Exposición de Barcelona. Realizou un destacado labor no campo da Filoloxía e Historia. Colaborou no Dicionario da Real Academia durante trinta anos, introducindo máis de trinta mil palabras novas e colaborou en diversos periódicos.

cos da época, chegando a dirixi-la revista **La Unión Ibero-Americana** de Madrid. Deixou infundade de publicacións ó longo da súa vida, sobre todo de Filoloxía e Historia.

SEOANE SEOANE, Luciano

Nace no ano 1876. Mestre e inspector de ensino primario desenvolverá o seu labor en Ferrol e Santiago. Coa chegada da II República, aínda que non ten militancia política, é apartado do seu cargo de inspector. Seoane resultará un personaxe moi activo na vida cultural da súa cidade. Conferenciante no Centro Obreiro de Cultura e no Ateneo Ferrolán, resultará o gañador do primeiro Concurso Anual de Memorias convocado por esta última entidade. Cando se constitúe de novo o Ateneo, despois de rematada a dictadura de Primo de Rivera, será un dos membros da Comisión xestora. E de salienta-lo seu labor a prol da profesionalización do ensino e a iniciativa de creación de colonias escolares.

SERRANO CASANOVA, Eugenio

Será en Ferrol onde inicie os seus estudos militares, para despois trasladarse a Madrid para a súa ampliación. Apartado do exército voluntariamente, no ano 1868, remata-la carreira de profesor mercantil e licenciado en administración. Marcha a París onde funda, con poucos recursos, un periódico de noticias e intereses mercantís, que terá moi boa acollida. Por mor do seu interese polas augas minerais visita as máis importantes estacións balnearias de Europa, organizando en Francfort e con axuda do goberno alemán un certame internacional de augas medicinais. No ano 1879 presta os seus servicios na Exposición Internacional de París, polo que é nomeado Cabaleiro da Orde de Carlos III, unha de tantas condecoracións que se lle concederán ó longo da súa vida. Será no ano 1882 cando presente ó Concello de Barcelona a petición duns terreos para levar adiante un certame internacional, proxecto asumido pola corporación barcelonesa no ano 1887 ante a incapacidade de Serrano para levar adiante a súa obra.

SOTELO, Juan de Dios

Nace en Ferrol en 1793 e morre en 1860 en Madrid. Comeza a súa carreira como gardamaríña en 1817, intervindo no desembarco da Illa Margarita. Tras varios ascensos é nomeado secretario da súa Maxestade en 1836. No ano 1840

María Cristina noméao Ministro de Mariña, Comercio e Gobernación de Ultramar, cargo do que dimite ós catro meses, por mor da expulsión de España da Rexente. O ano seguinte volve a Ferrol represaliado pola súa anterior actividade política. En 1843, derrocado Espartero ocupa de novo cargos de responsabilidade: capitán xeral dos departamentos de Cádiz, Ferrol e Cartaxena, na Xunta do Almirantazgo e de senador.



SOTO CANALEJO, Antonio

Nace en Ferrol no 1897, fillo dunha vítima do afundimento do "Oquendo" na guerra de Cuba, emigrou a América ós 17 anos e volve a Ferrol de onde fuxiría para evitar ser chamado á guerra de África, facendo súa a actual

figura de insubmisos e regresando a Bos Aires, xa definitivamente. Alí traballou nunha compañía de teatro; mais logo meteuse na loita sindical. Mantivo en xaque ó poder arxentino sendo dirixente da revolta anarquista da Patagonia, no ano 1921-1923. Fuxiu a Punta Arenas, a cidade magallánica de Chile, comportándose sempre como un convencido galeguista. Fundou o centro galego máis austral do mundo, en Río Gallegos, galego-falante, poeta galego e admirador de Rosalía.

SUAREZ GARCIA, Francisco

Frustrado piloto naval meritorio, nace en Ferrol no ano 1827 de onde ten que fuxir por liberal e masón, por defende-los dereitos dos obreiros da Maestranza. Xa en América, con 21 anos, destaca polo seu labor cultural, contribuíndo a organiza-la escola pública da Arxentina. No Goberno de Urquiza é posto polo xeral Pujol ao fronte da Xunta de Colonización da provincia de Corrientes, encargada de reparti-las terras entre os campesiños. A volta de América, de novo en Ferrol, dedícase ó ensino e a política, polo que se afilia ó Partido Democrático e ó derrocamento de Isabel II, en 1868, inaugura e preside o primeiro "Comité Federal Republicán" en Ferrol. En outubro de 1872 uns militares, mandados polo brigadier Bartolomé Pozas, ocupan o Arsenal, nun "golpe de estado local", a prol da República e Suárez constitúe no Concello unha Xunta Revolucionaria. Fracasada esta operación ten que

fluxir ó exilio, de onde regresa en 1873, coa proclamación da I República, sendo elixido parlamentario de Madrid. Non chegou a cumprir un ano a mesma e Suárez é desterrado a Portugal, de onde foi expulsado xunto con Salmerón a París ata o seu regreso a Ferrol en 1877. Con 50 anos dedícase ó periodismo en "El Eco ferrolano", creado por él mesmo; como político foi concelleiro durante varios anos. Escribiu varias novelas, a primeira delas "Los Guaranies", editada en Ferrol no ano 1861, pero as máis coñecidas e fermosas son "Grandal", que fala das tradicións ferrolanas e "Los Invasores" que nos relata o desembarco dos ingleses en Doniños, no ano 1800, en clave novelística, cunha linguaxe na que destacan tamén as tradicións daquel tempo na sociedade ferrolana. Morre en Ferrol no ano 1900.

TAFORO, Bernardo

Formouse profesionalmente na Escola de Pilotos de Ferrol. Polo ano 1760 era capitán de varias embarcacións destinadas ó servizo das po-boacións da Patagonia, nas que desenrolou a súa actividade de hidrógrafo de mérito; piloto, sucesivamente, nos establecementos das Malvinas e de Río Negro; colaborador destacado nas tarefas encomendadas ós capitáns Malaspina e Bustamante. Participou na expedición de Antonio Viedma (1780) para o recoñecemento da costa do sur de Arxentina.

TAXONERA Y VIVANCO, Luciano

Naceu en Ferrol o ano 1890. Periodista, crítico literario e novelista foi redactor de **El Diario Universal** e **La Mañana**, redactor xefe de **Le Fígaro** e enviado especial da prensa en Lisboa, París e Roma. Publicou no ano 1912, en Madrid, o seu primeiro libro, **Charla. Críticas al día**, en Madrid no ano 1912, ó que seguiría unha actividade literaria contínua, escribindo obras de diverso xénero e temática: novelas, novelas curtas, traducións e biografías de personaxes históricos e políticos fundamentalmente ata arredor dun medio cento que se coñezan.

TRILLO FIGUEROA, Juan Francisco

Nace en Cervás (Ares) o ano 1617 e morre en Granada en 1685. Humanista e xenealoxista participou en diversas academias literarias, sendo cabaleiro en Granada e autor de múltiples tratados xenealóxicos sobre as casas Cabeza de

Vaca e Tovar. Foi o típico erudito do seu século. As súas poesías sitúano como un dos máis interesantes poetas barrocos e máis destacado da vertiente satírica e erótica do barroquismo literario. Estivo presente en tódolos acontecementos poético-históricos da Granada do seu tempo: o mesmo no túmulo de honras fúnebres a Isabel de Borbón, que nos altares populares do Corpus granadino. Realizou toda a súa obra literaria en Granada que foi publicada en **Obras Completas**, en 1951. Poeta galego-andaluz, a muller e a poesía amorosa son parte prioritaria dos seus poemas. O mais significativo da súa estética é o poema que fixo respostando a aquel que escribira Góngora contra Galicia.



USERO

TORRENTE, Matías

Nace en Ferrol en 1875. Inicia a carreira militar que abandona axiña. Licénciase en Dereito Civil e Canónico pola Universidade de Santiago, ordenándose en Mondoñedo. Decepcionado ó non poder practica-la súa concepción católica, abandona a diócese e marcha a Cataluña, onde ingresa na Orde Capuchina. Posteriormente embarca para América, con voto de pobreza. Alí exerce de párroco, misioneiro e arcipreste. Recorre moitos países dando conferencias e facendo periodismo e ingresa na Orde Salesiana durante tres anos. Viaxa a Oriente, recorre Asia e Europa estudiando as diferentes relixións. De volta en España faise mestre. A Congregación do Santo Oficio sométeo a persecución por modernista e liberal ata que, canso, Matías abandona o sacerdocio, converténdose nun crítico mordaz e anticlerical do catolicismo. En 1928 afíliase ó PSOE, sendo un orador destacado nos mítins, ata que o deixa no ano 35, facéndose republicano. Foi membro de varias loxias masónicas e teósofo e panteísta. Foi director da Escola Racionalista, de carácter anarquista, de varias sociedades agrarias e destacou na loita pola consecución do ferrocarril da costa de Ferrol a Xixón. Colaborou en moitas publicacións do seu tempo -revistas e diarios- e deixou escritos unha serie de libros de contido filosófico, relixioso e social. Os seus libros foron prohibidos polo Índice Eclesiástico e o seu autor excomulgado. Cando ocorreu o levantamento militar do 36, foi detido e, pese a súa amizade con Franco e ser irmán de Antonio Usero, alcalde na dictadura de

Primo de Rivera, é fusilado o 20 de agosto, e gran parte da súa valiosa biblioteca destruída.

VAZQUEZ CORES Francisco

Nace en Ferrol, no ano 1882. Era mestre e polas súas ideas liberais tivo que fuxir, indo a instalarse en Uruguai, onde exerceu tamén de editor e libreiro, chegando a colaborar na reforma do ensino daquel país. Escribiu libros de Historia, Xeografía, Xeoloxía, Historia Natural e Zoografía que, pese á súa sinxeleza, pero de gran contido didáctico, foron libros de texto oficial no Uruguai. No 1882, consecuente coa súa formación humanística, asina ó pé do manifesto "A los españoles", dirixido o apoio do movemento abolicionista que se inicia no Uruguai contra o comercio de escravos nas Antillas Españolas. No ano 1888, forma parte da primeira Comisión Directiva que funda a Cámara Oficial Española de Comercio no Uruguai. No ano 1892, xunto con outros paisanos nosos, editan unha valiosa publicación "Album Montevideo-Colón", conmemorativa do IV Centenario do Descubrimento de América. Vázquez Cores morre no Hospital Español de Montevideo, onde está soterrado, o 2 de abril de 1914, día en que Europa iniciaba a súa trágica e Primeira Guerra.

VAZQUEZ GOMEZ, Adolfo

Nace en Ferrol no ano 1869 e morre en Montevideo no ano 1950. Adolfo quedou marcado polo fracaso do pronunciamento de Villacampa (1886). Con 20 anos, republicano e federal foi enlace directo de Pi y Margall na intentona, converténdose en proscrito. De fronteira en fronteira, Adolfo pasou de Lisboa a París; de Coruña a Bos Aires... Amigo de Batlle en Uruguai; amigo e colaborador de Carranza na revolución mexicana, o mundo sería para el camiño e campo de Agramante. Home de ideas e de acción, deixou moitas pegadas ó seu paso. Sendo rapaz, no instituto de Lugo, organizou nesta capital o balbordo escolar de 1884. Este ferrolán foi unha das figuras máis salientables da masonería latinoamericana. Predicaba solidariedade universal e socialismo democrático, dun xeito intransigente, máis respetuoso con aqueles que sabían defende-los, aínda sen perder por iso a súa identidade e orgullo das raíces de seu. Cando volta a España do seu primeiro exilio, crea en Betanzos a primeira prensa diaria e bota a andar na Coruña o ensino laico. Nesta etapa namórase e incluso, en contra dos seus principios, quere casar pola igrexa, mais



atópase coa prohibición da mesma e foxe coa súa compañeira, xa definitivamente, á aventura americana. Nun curto regreso a Galicia, súmase á primeira conxunción agrario-republicano-socialista, xunto ó Basilio Alvarez de Acción Agraria. Con Ramón Peña fixeron **Céltiga**, luxo literario da Galicia de Bos Aires, que logo traspasaría, na súa dirección, a Manuel Lustres Rivas, sendo autor de moitos artigos coa eterna cantata disidente do revolucionario errante, baixo o pseudónimo de Juan de Neda. Morreu un Día de Galicia, na indixencia, en calquera lugar do mundo. Como un calquera.

VAZQUEZ REY, Antonio

Naceu en Ferrol en 1915 e morre en 1986. Estudia bacharelato en Ferrol e Vigo. Comeza a escribir na revista do instituto "Concepción Arenal". En 1945 edita un pequeno libro de versos e marcha a Madrid, onde colabora en "El Español" e "Finisterre". Nesta revista publica "Las moradas de Rosalía" e "Figuras de Sargadelos". De volta en Galicia escribe en *La Noche*, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, onde aparece cunha serie de quince capítulos dedicada a Ferrol, en tempos de Felipe II. Publica varios traballos sobre a vila de Neda, polos que é nomeado cronista da mesma e fai diversas monografías sobre algunhas parroquias da comarca de Ferrol, así como máis estudos sobre a fábrica de Sargadelos e Pontedeume. Experto numismático, coleccionista e coñecedor da historia da comarca ferrolana.

VEIGA, Juan de

Este personaxe é un exemplo daquelas personas que non renuncian á súa terra e daqueles emigrantes que, por mor do seu triunfo económico e social, acadado fóra da súa patria, contribuíron sen embargo coa súa riqueza ó investimento e desenvolvemento do comercio e industria da zona no seu momento. Procedente da emigración ferrolana chega a Cuba, onde máis tarde exerce de comerciante, e fai unha pequena fortuna que lle serve para trasladarse posteriormente a París. Unha vez instalado na capital francesa decide volver á súa terra e instalar unha fábrica mecánica de xéneros de liño e algodón. Veiga, funda a fábrica de tecidos do Roxal, da que hoxe aínda se conservan restos que nos falan da súa grande magnitude, uns restos coñecidos popularmente na zona como o Pazo de Isabel II.



VIAÑO MARTINEZ
Xoaín A.

Nace en Ferrol no ano 1960. Estudia nos Conservatorios de Coruña e Santiago e piano con Máximo Zumalave. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, imparte clases

en Vigo. Dirixe a coral "Cantigas e Agarimos" da Coruña e o coro Universitario de Santiago, de 1986 ó 89. Becado pola Xunta realiza a catalogación dos órganos eclesiásticos da provincia da Coruña. Fixo varios cursos musicais no estranxeiro e recibiu diferentes premios musicais ó longo da súa curta vida. E autor de fermosas composicións nas que abrangue tódolos estilos, dende obras de música do corte máis clásico; outras máis innovadoras experimentando coa voz humana; para instrumentos solistas, achégase á música electroacústica e outras para grandes conxuntos instrumentais e de voces. De entre todas elas podemos destacar "Transparencias", "Músicas Nocturnas" e "Metamorfosis" (1985); "In Memoriam" (1987) ou "Visións serias" (1988). Unha das súas últimas obras foi "**Nubes Brancas**", estreada pola Orquestra de Cámara de Stuttgart, no Auditorio de Galicia, e dirixida por Maximino Zumalave no ano 1992. Morre á temprana idade de trinta anos.



VICETTO E PEREZ,
Benito

Nace en Ferrol no ano 1824 e morre no 1878 na mesma cidade, onde reposan os seus restos. Novelista e historiador autodidacta, de talante liberal. Na súa mocidade quedou orfo de nai. Alisouse no exército como

voluntario na Primeira Guerra Carlista. O seu remate marchou a Madrid, onde no 1850 foille

outorgado o título de Cabaleiro da Orde de Carlos III. Foi oficial no penal de Sevilla ata 1852, ano no que foi trasladado á Coruña, cargo que, posteriormente exercería noutros penais. Tras un tempo fóra, volve a Coruña no 59 e entra nos círculos literarios por mor da publicación das súas obras. Estas deixounas agrupadas, unhas cincuenta, no número 12 da Revista Galaica (1874), en catro seccións: de novelas históricas, tradicións cabaleirescas, novelas sociais e de costumes e outras moitas escritas, dende a súa primeira publicada en 1844, El caballero verde, ata a súa morte. Colabora en varias publicacións periódicas. Comeza coa publicación da **Historia de Galicia**, primeiro no xornal "**El Diario**" e logo por tomos, editados en Ferrol. Participa nos Primeiros Xogos Florais e co triunfo da Revolución é nomeado Superintendente da Fábrica de Moeda de Xuvia. O peche desta, traballou no Goberno Civil da Coruña ata o seu pasamento ós 54 anos. A súa **Historia de Galicia** -abrangue dende a Prehistoria ata o reinado de Isabel II- é unha historiografía romántica galega. Como novelista destacou con **Los Hidalgos de Monforte**, unha obra con claras referencias históricas.

VIDAL Y OREIRO, José

Nace na parroquia de Brión, en Ferrol, no mil setecentos e pico. Foi aparelador de obra con Sánchez Bort e en 1767 realiza a fortificación de Panamá.

ZEPEDANO CARNERO, José María

Nace en Ferrol o ano 1806, cursa a carreira sacerdotal e Dereito Canónico, doutorándose en 1833. Desempeñou varios cargos eclesiásticos en Tui e Santiago, foi avogado dos Tribunais do Reino, notable orador sagrado e comendador da Orde de Carlos III. Na actividade bibliográfica é autor dunha historia sobre a basílica compostelana. Morre en febreiro de 1877.

APENDICE CRONOLOGICO



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 20-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
12..	ESQUIO, Fernando	Ferrol	Trovador
14..	ALONSO DE LANZOS		Irmandiños
1480	PITA DA VEIGA, Alonso	Ferrol	Militar
1513	JUAN DE FERROL	Ferrol	Marino
1617	TRILLO FIGUEROA, Juan Francisco	Ares	Humanista
17..	VIDAL Y OREIRO, José	Ferrol	Aparellador
17..	BERMUDEZ DE CASTRO, Roque	Ferrol	Político
1738	LANGARA Y HUARTE, Cayetano	Ferrol	Marino
1743	BALEATO, José María	Ferrol	Científico
1745	ALBARIÑO Y LAGO, Juan Manuel	Neda	Dominico
1755	FERNANDEZ DE CASTRO, José	Ferrol	Tercio Galego
1758	ROBLES, Agustín	Ferrol	Pintor
1760	TAFORO, Bernardo	Ferrol	Marino
1761	CAAMAÑO Y PARDO, Juan José	Ferrol	Economista
1762	LABRADA ROMERO, José Lucas	Ferrol	Economista
1763	ALONSO LOPEZ Y NOBAL J. A.	Ferrol	Enxeñeiro
1766	BALEATO, José Andrés	Ferrol	Marina
1768	DIAZ EDROSA, José	Ferrol	Comercio
1772	FERNANDEZ VARELA, Manuel	Ferrol	Sacerdote
1772	FREIRE DE ANDRADE, Pedro	Fene	Marino

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
1774	ANTELO LAMAS, Andrés	Ferrol	Enxeñeiro
1775	BUCETA FIGUEROA, José	Ferrol	Enxeñeiro
17..	BUCETA FIGUEROA, Angel	Ferrol	Militar
1780	BAZARES ABELEDO, Nicolás	Neda	Sacerdote
1786	LUACES LAMAS, José	Ferrol	Marino
1787	BERMUDEZ, Francisco	Ferrol	Tercio Galego
1788	PARDO DE CELA Y VIDAL, Juan	Ferrol	Militar
1788	DORAL Y ANUNCIBAY, Antonio	Ferrol	Marino
1789	MAGIN PLA Y CANCELA, Antonio	Ferrol	Piloto
1793	SOTELO, Juan de Dios	Ferrol	Marino
1793	EZQUERRA DEL BAYO, Joaquin	Ferrol	Xeólogo
1795	CUETOS Y CASTRO, Olegario	Ferrol	Marino
1796	MONTOJO Y DIAZ, Saturnino	Ferrol	Astrónomo
1799	FLOREZ FREIRE, Juan	Ferrol	Marino
18..	CALVO, Genaro	Ferrol	Xornalista
18..	SIRERA, Félix	Ferrol	Debuxante
18..	FRANCO, Vicente	Ferrol	Músico
18..	FERNANDEZ LORENZO, Norberto	Mugardos	Aviación
18..	JOFRE, Joaquin	Ferrol	Comercio
18..	DIAZ GONZALEZ, Vicente	Ferrol	Debuxante
18..	BASTON Y CORTON, Francisco	Cedeira	Militar
18..	BARREIRO, Glicerio	Ferrol	Poeta
18..	ARANA Y PEREZ, Ramón de	Ferrol	Musicólogo
18..	AREVALO OTERO, Joaquin	Ferrol	Marino
18..	AREVALO, Pedro de	Ferrol	Escritor

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
18..	GOMEZ QUINTERO, Lorenzo	Ferrol	Periodista
1803	GUTIERREZ DE RUBALCAVA Y CASAL, Joaquin	Ferrol	Marino
1806	ZEPEDANO CARNERO, José María	Ferrol	Sacerdote
180.	PEREZ VILLAAMIL Y DUGUET, J.	Ferrol	Pintura
1807	PEREZ VILLAAMIL Y DUGUET, J.	Ferrol	Pintura
1808	PAZ MEMBIELA, Patricio María	Ferrol	Marino
1810	ALARCON, Antonia	Ferrol	Obreira
1810	PRUNEDA SORIANO, Victor		
1811	CRESPO Y BORBON, Bartolomé	Ferrol	Xornalista
1812	PLA Y CANCELA, Benito		Político
1812	DIAZ DE ROBLES, Domingo	Ferrol	Literatura
1814	RUIZ DE HUIDROBO, José	Ferrol	
1817	MONTERO Y AROSTEGUI, José		Historia
1814	DOMINGUEZ DURAN, Antonio	Ferrol	
1815	CONTRERAS FDEZ. DE LARA L.	Ferrol	Músico
1820	ARENAL, Concepción	Ferrol	Humanista
1820	ESCARIO, José Salustiano	Valdoviño	Sacerdote
1820	CAMINO SIGUET, Alberto	Ferrol	Poesía
1820	FERRER DE COUTO, José	Ferrol	Xornalista
1822	PEÑA Y CAGIGAO, Manuel de la	Ferrol	Xornalista
1823	SAAVEDRA MENESES, Frutos	Ferrol	Militar
1823	PLA Y MONGE, Ramón	Ferrol	Amboaxe
1824	VICETTO PEREZ, Benito	Ferrol	Historiador
1825	LOPEZ DE LA VEGA, José	Ferrol	Medicina

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
1827	SUAREZ GARCIA, Francisco	Ferrol	Marino
1830	GARCIA VICETTO, Ramón	Ferrol	Xornalista
1830	ALEJOS PITA, Federico	Ferrol	Xornalista
1832	ARANA Y FERNANDEZ, Eduardo	Ferrol	Músico
1834	LOPEZ SEOANE Y PARDO-MONTENEGRO, V.	Ferrol	Científico
1837	BARCON Y QUEVEDO, Francisco		Industrial
1837	LOPEZ MORILLO, Adriano	Ferrol	Militar
1839	ALONSO Y LOPEZ, Juan	Ferrol	Ciencias
1839	MONTOJO Y PASARON, Patricio	Ferrol	Marino
1840	LOIRA Y CARDOSO, Calixto	Ferrol	Arquitecto
1840	VEIGA, Juan de	Ferrol	Comerciante
1843	CARVAJAL DE CASTRO, PEDRO	Ferrol	Avogado
1845	EULATE FERRY, Antonio	Ferrol	Marino
1848	PARDO DE ANDRADE Y CASTRO, A	Ferrol	Xeneral
1850	IGLESIAS POSSE, Pablo	Ferrol	Político
1851	SARALEGUI Y MEDINA, Manuel	Ferrol	Filoloxía
1851	AGACINO Y MARTINEZ, Eugenio	Ferrol	Marino
1852	FORT Y ROLDAN, Nicolás		Literatura
1853	COMELLAS COIMBRA, Manuel	Ferrol	Pedagogo
1853	ROCA DE TOGORES, Mariano	Ferrol	Marqués
1854	CANALEJAS MENDEZ, José	Ferrol	Político
1854	BRAÑA LERIDA, José	Ferrol	Músico
1856	RODRIGUEZ RAMOS, Manuel (Canelo)	Ares	Libreiro
1859	BALAS SILVA, Emiliano	Ferrol	Ateneo





Ateneo Ferrolán

 en para a cultura

 fundado en 1879

 Rúa Magdalena 202-201, Ferrol

 www.ateneoferrolan.org

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
1863	CARRANZA Y REGUERA, Ramón de	Ferrol	Marino
1864	CASTRO PIÑEIRO, Juan José	Neda	Músico
1864	MILLE, Juan Francisco	Ferrol	Avogado
1864	RIBALTA COPETE, Aurelio	Ferrol	Literatura
1864	FONTENLA LEAL, Xosé	Ferrol	Tipógrafo
1867	RODRIGUEZ FREIRE, Modesto	Ferrol	Xornalista
1868	SERRANO CASANOVA, Eugenio	Ferrol	Profesor
1869	VAZQUEZ GOMEZ, Adolfo	Ferrol	Xornalista
1870	CASTRO RIVERA, Ramón	Ferrol	Debuxante
1872	SANZ LOPEZ, Rodrigo	Ferrol	Ateneo
1872	CABO PASTOR, Francisco	Ferrol	Médico
1875	USERO TORRENTE, Matías	Ferrol	Sacerdote
1875	ALVAREZ DE SOTOMAYOR, Fernando	Ferrol	Pintura
1876	SEOANE SEOANE, Luciano	Ferrol	Mestre
1868	PIÑEIRO GONZALEZ, Xosé	Mugardos	Aviador
1880	RAMOS LOPEZ, Máximo	Ferrol	Pintura
1880	FONTENLA MARISTANY, Ramón	Ferrol	Militar
1882	CALVO, Juan Manuel	Ferrol	Mestre
1882	VAZQUEZ CORES, Francisco	Ferrol	Mestre
1882	AREVALO RODRIGUEZ, Joaquin	Ferrol	Periodista
1883	GOY DE SILVA, Ramón	Ferrol	Literatura
1884	ESTRADA ARNAIZ, Rafael	Ferrol	Marino
1884	MONTERO ROMALDE, Juan	Ferrol	Farmacia
1886	ALONSO Y PITA, Juan C.	Ferrol	Xornalista
1886	BELLO PIÑEIRO, Felipe	Mugardos	Pintura

ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
1889	CORRAL, Imeldo	Ferrol	Pintura
1889	DIAZ BALIÑO, Camilo	Ferrol	Artista
1890	BLANCO PAZ, Antonio	Neda	Marino
1890	RODRIGUEZ CARBALLEIRA, Aurora e H.	Ferrol	
1890	TAXONERA Y VIVANCO, Luciano	Ferrol	Periodista
1890	LOPEZ BOUZA, José	Ferrol	Periodista
1892	BOTANA, Antonio	Ferrol	Debuxante
1892	FRANCO BAAMONDE, Francisco	Ferrol	Militar
1892	REVESTIDO, Miguel	Ferrol	Escritor
1892	PLA Y MONGE, Ramon	Ferrol	
1893	DIAZ GARCIA, Gumersindo	Doniños	Agrimensor
1893	MARTIN YAÑEZ, Xermán	Ferrol	Farmacéutico
1894	LOPEZ MUÑIZ, Juan	Ferrol	Escritor
1894	ETCHEVARRIA BRAÑAS, Salvador	Ferrol	Político
1896	FRANCO BAAMONDE, Ramón	Ferrol	Aviador
1896	DIAZ BALIÑO, Indalecio	Ferrol	Escultor
1897	SOTO CANALEJO, Antonio	Ferrol	Anarquista
1898	NOVO Y GARCIA, José	Ferrol	Xurista
1899	OROL GARCIA, Juan	Ferrol	Cine
1899	NOVO Y GARCIA, Victorino	Ferrol	Periodista
1900	IGLESIAS BRAGE, Francisco	Ferrol	Aviador
1900	RICO GONZALEZ, Victor	Ferrol	Profesor
1901	PENA, Xosé	Limodre	Mariñeiro
1906	CASTILLO-ELEJABEYTIA, D. de	Poesía	
1910	CASANOVA, Carolina	Ferrol	Opera



ANO	NOME	LUGAR	ACTIVIDADE
1910	CARBALLO CALERO, Ricardo	Ferrol	Escritor
1911	GUERRA DA CAL, Ernesto	Ferrol	Profesor
1913	FERNANDEZ TEJEIRO, Manuel	Ferrol	Pintor
1914	CUPEIRO VAZQUEZ, Bieito	Barallobre	Escritor
1914	RODRIGUEZ HILDEGART	Ferrol	Política
1915	VAZQUEZ REY, Antonio	Ferrol	Periodista
1932	LOPEZ NOGUEIRA, José	Médico	
1939	NOVO, Adelardo	Ferrol	Xornalista
1960	VIAÑO MARTINEZ, Xan A.	Ferrol	Música



Nota: Dalguns dos nomes que aparecen no listado non fixemos resume biográfico por non te-los suficientes datos fiables, mais, sí incluímoslos, por ter constancia de que son da comarca.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

BIBLIOGRAFIA



Ateneo Ferrolán
En lugar de encuentro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

BIBLIOGRAFÍA

- Almanaque Ferrolano
- Almanaque Gallego. Bos Aires. 1903
- Archivo General de Marina. Marqués del Viso. Ciudad Real
- Ciclo de Conferencias "Galicia y América", Fundación Caixa Galicia, Ferrol 1992
- DURAN, José Antonio. Perfiles. Voz de Galicia. A Coruña. 1993
- Francisco de Paula y Pavía. (Generales da la Armada). 1873
- Galicia e Amércia: cinco siglos de Historia, Consello da Cultura Galega, Santiago. 1992
- Gran Enciclopedia Larousse, Ed. Planeta, Barcelona. 1977.
- GOMEZ CANEDO, Lino. Los gallegos en el gobierno, la milicia y la iglesia en América, Xunta de Galicia, A Coruña. 1991.
- GOMEZ CANEDO, Lino. Los gallegos en la cultura, las letras y el comercio en América, Xunta de Galicia, A Coruña. 1991
- GOMEZ CANEDO, Lino. Los gallegos en los descubrimientos y las exploraciones, Xunta de Galicia, A Coruña. 1991.
- Historia del Santo Hospital de Caridad Ferrolano, Ferrol. 1983.
- LANDIN CARRASCO, Amancio. Galicia e os descubrimentos, Xunta de Galicia, A Coruña, 1991.
- LLORCA FREIRE, G.; PEDRE VIZOSO; ROMERO MASIA, ANA M^ª, Ferrol a través dos textos históricos e literarios, Concello de Ferrol, Ferrol. 1990.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (dir.). Gran Enciclopedia Gallega, Santiago. 1974.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente. Exodo, organización comunitaria e intervención escolar, Tomos I e II, Xunta de Galicia. 1991.
- Pintores Ferrolanos, Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 1980.
- RODRIGUEZ IGLESIAS, Francisco (dir.). Galicia-Historia, Hércules de Ediciones, A Coruña. 1991.
- Visións serias (1989). Piano. Universidade de Santiago de Compostela. 1994

COLABORACIONES PERSONAIS:

- ALCALA, Xavier
- PIÑON BOUZA, Román
- ESCRIGAS, Guillermo
- LLORCA FREIRE, Guillermo
- MOSQUERA RODRIGUEZ, Andres
- NEIRA VILAS, Xosé
- PONTE FAR, José Antonio
- SIXTO SECO, Agustín



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para cultivar
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 90-901, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Xentes de
Ferrolterra



**ATENEO
FERROLAN**

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**